edificada aproveitando dous imponentes rochedos naturais próximos de altura considerable, xa cerca da confluencia do Cerveira co Berganzo. Consta de un so arco de medio punto construído con laxas lousentas, abundantes por todo o contorno, perfectamente acuñadas. De boa feitura e rústico aspecto presenta unha fermosa e agreste estampa, a xogo coa paisaxe. Pouco antes segundo se sube, onde termina *O Caneiro*, existe outra, menos monumental, semellante á primeira que atopamos ó saír das aldeas, as dúas montadas sobre piares laterais a cada parte do cauce, sobre os que deitaron noutro tempo, como en tantos

outros lugares de Galicia que levan o significativo nome de *ponte taboada*, fortes vigas de madeira, xunguidas entre si por pontóns, sobre os que se trabou ás veces finalmente o (nunca mellor dito) taboleiro. Os piares deben ser practicamente os mesmos de antano, pero o lugar da madeira ocúpalo hoxe viguetas de cemento. O que leva a pensar que a calzada foi mellorada non fai tantos anos, polo menos en certas partes, pois poden ollarse perfectamente así mesmo os pequenos buratos da barrena en algunhas das enormes e grosas laxas que cobren o pavimento, colocadas a xeito de capas sobre fortes e altos muros de contención, construídos para salvar pequenas pero abruptas canadas, polas que se precipitan, case verticalmente, minúsculos (no verán) e salvaxes regueiros, sobre todo no acantilado tramo do mencionado *caneiro*. A parte máis difícil de andar aparece ó chegar ó pé do empinado outeiro no que, a xeito de coroa, aniña a fortaleza castrexa. Existen aquí dúas, ou tres, alternativas de ataque, polo nacente, polo poñente e, cabaxen arriba, pola ladeira sueste, máis encostada pero directa cara o cumio, pero realmente ningunha delas doada. Polas dúas primeiras existen camiños de carro que arrodean o cono que forma a montaña, pero na actualidade atópanse semipechados pola maleza debido ó abandono e, ademais, só nos adentran un tanto cara ós vales da Cerveira e Berganzo, dende os que se pode ascender logo con algunha menor dificultade. máis directo, como dixemos, resulta o ascen-



*Anuncio de venta en Pradoalbar, 2010.*

so dende o sueste, unha vez pasado o rego de Berganzo, polo camiño que leva ás Cernadas e á Cerveira, collendo á esquerda sobre a cota de 1260 metros. Algo menos de un quilómetro de subida ós zigue-zagues, no que se salvan aproximadamente 250 m. de desnivel, ó final dos cales, logo de traspasar diagonalmente unha abrupta fenda rochosa estaremos fronte ás esbandalladas, pero limpas de musgo ou lique como recién arrincadas da canteira, murallas do Castelo da Cerveira, cunha soberbia panorámica ós nosos pés. Non se olla Pradoalbar, que quedou agochado tras das reviravoltas das corgas, nin outra aldea calquera, sómente montañas e máis

montañas, que avivan no maxín os crus tempos nos que os fuxidos da última contenda civil percorrían estes ásperos carrouchos do cabo do mundo. Pois por aquí andaron e algún caeu mortalmente cazado polas forzas da orden, que así figura en varios libros e relatos sobre o tema, en especial naquel sobre a pelegrinaxe do máis famoso de todos eles nesta zona, Mario Rodríguez Losada, máis coñecido como *O Pinche* ou *O Mario de Langullo*, aldea de Manzaneda da que era veciño, lembrado aínda polos vellos e non tan vellos de Pradoalbar na actualidade, así como a casa no que foi abatido outro da súa partida<sup>4</sup>.

<sup>4</sup> Según o relatado no libro *A guerrilla antifranquista de Mario de Langullo, O pinche*, (Antonio Tellez – 2001) o abatido foi o alcumado *O Bailarín*, pero os paisanos din que non, que foi outro, do que non lembran o nome en 2010. Tampouco concorda coa noticia de La Región do 10 de xullo de 1949.

O relato de Tellez é moi pomenorizado. Conta sobre este feito: *Demos un golpe nunha aldea e despois, os catro, dirixímonos a Pradoalbar, que era onde tiñamos a estafeta. (...) Eu ía un pouco adiantado e antes de chegar á aldea sentín ruídos de pasos. Agacheime e vin chegar unha patrulla de gardas civís. Recuei para avisar ós demais ate podermos saír do camiño. Metémonos por un carreiro que serpeaba entre a matogueira e os carballos, sen esperarnos a ver se os gardas seguían adiante. (...) Agardamos ate a noiteña perto da aldea e fumos cear a unha casa coñecida. Despois mercámoslle un cabrito a un pastor e metémonos no monte pola parte superior da aldea e alí pasamos todo o día. Á outra noite volvemos baixar e á noite seguinte tamén. Ao Obxetivo e ao Bailarín díxenlle que fosen cear onde José María, que era unha casa coñecida, e Emilio máis eu fomos á casa onde estiveramos a víspera. (...) Namentres estaba na cociña encargueille a un dos birmáns que fose buscar o carteiro. Oímos renxer a porta do patio por onde saía o rapaz e, case ó mesmo tempo, sentimos os disparos. (...) O caso foi que O Bailarín diante e O Obxetivo a uns metros tamén se dirixían ao punto acordado. Os gardas dispararon contra eles sen lles dar o alto e mataron O Bailarín.*

Outro relato de interés son Mario de Langullo. *O derradeiro fuxido* (Xosé Domínguez González, 1993) e *A guerrilla antifranquista en Galicia* (Harmut Heine). E mesmo *Quiroga Palacios no seu tempo* (Xosé L. Míguez Goyanes, 2000), no que, ó relatar a vida do futuro arzebispo de Santiago di que *o seu primeiro destino como sacerdote é o de ecónomo de Campobecerros (...) onde fora asesinado o párroco nun escuro episodio*, remitindo a Gil Atrio (1993) sobre as circunstancias deste suceso, publicación que desconozo. Episodio que poidera formar parte dos asasinatos de cregos sinalados por Heine na zona do Bolo-Valdeorras, *pois moitas veces os membros do baixo clero constituían para os republicanos os partidarios máis visibles do novo réxime*, inda que dalgunhas destas mortes non puido establecerse *cun mínimo de claridade e concisión a quén había que atribuílas*, pois xeralmente os fuxidos o que facían era esixirilles ós cregos *cantidades variables de diñeiro* nas visitas que lles facían. De Campobecerros non di nada, pero a forma na que se refire Míguez Goyanes ó suceso fai sospeitar. Vivín tamén en Campobecerros unha pequena tempada arredor do ano 1950 e lembro a boa memoria deixada alí na súa curta estancia por Quiroga Palacios, pero non así de D. José, o contemporáneo, bo cantor de enterros, pero presuntuoso de moitas cousas, entre elas de levar sempre pistola, inda que non era o único, pois o mesmo ocorría cos encargados e vixiantes da construtora. Claro que de qué outro xeito podería ser senón que certa persoa natural do Carballeiro, que conocín, durmira so diariamente nas casetas, hoxe arroiñadas, da boca occidental do tunel do malpaso, por baixo das Ventas da Capela, onde se gardaba, ademais de ferramenta e útiles da obra, munición para barrenar, lugar solitario onde os haxa, a carón dun profundo barranco, lonxe de calquera poboado ?.

No libro de Domínguez sobre *O Mario* aparece colateralmente a peripecia de Xosé Sánchez, *o barbeiro*, fuxido natural de Manzaneda, sobrevivindo penosamente arredor das montañas do Invernadoiro e limítrofes. (*Andei durante un día / pa chegar ó Invernadeiro / enchéromme de cachelos / e chourizo ceboleiro*), que el mesmo redactou en coplas posteriormente.




*A denominada Ponte Romana a xusante. Setembro de 2010.*

Foi Pradoalbar, ao seu pesar, un dos puntos neurálxicos, base e asento, da guerrilla antifranquista que operaba polas serras orientais ourensás, pois atópase moi illado (non digamos en 1936) e a carón da zona máis írtiga e labiríntica daquelas montañas con epicentro nos despoboados montes do Invernadoiro, onde se produciu *unha concentración de fuxidos abondo para formar xa durante a guerra un núcleo considerable* (Hartmut Heine: *A guerrilla antifranquista en Galicia*, 1980) ó igual que nas da Cabreira e O Eixo, raiando con León e Zamora, cos que mantiñan contacto. Segundo este autor e a tradición oral, o grupo que xurdira nesta zona de Queixa-San Mamede-Manzaneda *organizárase arredor do Mario de Langullo (...)* que, ademais, *mantiña certo contacto cos lugares fronteirizos de Portugal*, sobre todo utilizando a liña A Gudiña-Vinhais, pois era nesta zona onde contaban con máis apoio, debido ás organizacións obreiras agromadas co tendido ferroviario.

O libro de Tellez subministra datos interesantes, tanto sobre as penalidades dos fuxidos como sobre a vida cotiá do lugar. *Baixamos a Santa Mariña da Ponte* (parroquia lindante coa de Vilariño de Conso). *As miñas alpargatas desintegráranse, ía completamente descalzo e non podía coa miña alma. Bernardino díxome que podíamos descansar nunha casa que el coñecía. Efectivamente pasamos a noite nunha casa. Ao día se-*

guinte, ao oscurecer, sairíamos cara Pradoalbar, un lugar metido entre riscos que acadaban máis de mil cincocentos metros de altura, bastante retirado de onde estabamos, a uns dez kilómetros en liña recta. Todo o mundo o coñecía como O Invernadoiro, nome de un monte de alí. (...) Pradoalbar sería sen dúbida o último sitio onde nos irían buscar, se é que ían. (...) Pradoalbar podía ser un bo refuxio. Os seus habitantes para ir a Viana do Bolo, a uns doce kilómetros en liña recta cara ao leste, que era a localidade importante máis próxima onde poder mercar provisións, saían de noite da aldea para chegaren de día. Viaxaban sempre en grupos, cargados con feixes de palla que utilizaban como fachóns e que acendían un detrás doutro co fin de protexerse dos lobos. Parecía como se todos os lobos de Asturias e León acudisen a Galicia para pórense a salvo dos canonazos da guerra civil. Non deixaban un can con vida, atacaban os rebaños, mataban o gando (...) O carteiro do lugar servíanos de enlace. As cartas enviábanse a nome dunha moza imaxinaria e o carteiro, que sabía que eran nosas, gardábaas ate que as íbamos buscar.

Tamén pasaban a Portugal, por exemplo a mercar medicinas para algún compañeiro ferido, ou buscando contactos para intentar fuxir por vía marítima, pois a fronteira estaba a trinta quilómetros. Saímos de noite e pola mañán xa estabamos no país veciño. En realidade a fronteira atópase a menor distancia en liña recta, uns 22 ou 23 kilómetros en dirección á zona da Gudiña, inda que daquela parte non existen localidades portuguesas importantes excepto Vinhais, algo afastada da raia. Pero ata aquel labirinto os ían buscar: Nun encontro que tivo lugar o 6 de xullo de 1949 á dúas e media da madrugada na serra do Invernadoiro entre forzas da Garda Civil e unha partida de bandoleiros, resultou morto un deles, chamado Ceferino Rodríguez Arias, O Bailarín, que era a cabeza e membro destacadísimo dunha das partidas (Diario La Región de



Lado sur do curro da mallada do lagorzo en 1981.



*Fotografía aérea do Castelo da Cerveira.  
O barrancol está na sombra*

*home humano, intelixente, de boa presenza, alto e fiel. Viviu entre nos bai uns dez anos e foi un cidadán exemplar e bo veciño* (correspondente de A Rúa-La Región). Todas as informacións coas que podemos contar levan a situar a zona principal de ocultamento dos fuxidos entre Pradoalbar e Camba-Campobeceros. Despois do golpe máis sonado do grupo de Langullo, o asalto á feira de Celeiros, capital do Concello de Chandrexa de Queixa o 24 de setembro de 1940, os compoñentes da guerrilla saen en dirección ó Seixo-Invernadeiro cara á aldea de Requeixo (de Chandrexa), abandoando un refén que levaban ó traspasar a serra. Para quen coñeza un pouco estes paraxes olla nidiamente que se emboscaban arredor das malladas pastorís que arrodean ó Castelo da Cerveira (*Mario de Langullo. O derradeiro fuxido* (Xosé Domínguez González, 1993). Baixando ós lugares so cando as circunstancias ou a climatoloxía o facían necesario, *chegaba ós lugares á noite, e co abrente saía de novo para o monte. Nel, Mario, aproveitaba as fendas das rochas ou os chamizos dos pastores para gorecerse do sol ou da chuvia, comprobando sempre dende horas antes que en cada lugar ou aldea todo estivera perfectamente en orde para chamar á porta de calquera enlace.*

A relación con Portugal foi historicamente sempre moi intensa no montañoso e pouco poboado territorio suroriental ourensá, que constitúe o paso natural máis importante entre as concas do Tâmega e Túa (Douro)

Ourense do 10 de xullo de 1949). O Mario de Langullo tivo mellor sorte. Anos despois de terminada a guerra civil logrou fuxir a Francia, para voltar máis tarde, establecéndose na zona do Barco de Valedoras. O mércores 9 de xullo de 1986 aparece a noticia do seu óbito en La Región: *Este pasado luns e aos setenta e catro anos de idade faleceu Mario Rodríguez Losada, máis conocido por todos como O Mario de Langullo, un home que se viu abocado a vivir fuxido polos montes desta zona unha vez que o réximen xurxido da guerra de 1939 (sic) quedou prácticamente consolidado. (...) O Mario de Langullo era un*



*Fotografía aérea oblicua do Castelo da Cerveira dende o leste.*

e Bibei (Sil-Miño), en especial os portos situados sobre o cordal que vai aproximadamente dende A Gudiña ata Campobeceros ou Cervedelo, sobre a vila de Laza, que xungue o macizo de Queixa-Manzaneda coas montañas do Cañizo, *as portelas* e os montes de Sanabria. Cordal que sobrepasa os mil metros de altitude, sobre o que decorre o vello camiño dos segadores, chamado na zona a *verea dos galegos*, polo que marcharon infinidade de galegos, ó atallo e sen ter que baixar e subir as ladeiras do Val de Monterrei, a segar durante séculos enteiros temporalmente *ás castelas*; na actualidade convertido, en sentido inverso, no ramal-atallo máis interesante dun dos camiños de Santiago, bautizado, non se sabe por que, como camiño ou vía da prata. E tamén pola vía férrea Ourense-Zamora, inaugurada en 1956, que debe ser o anaco con máis túneles por quilómetro de toda España. Sobre este cordal existen diversos pasos ou portos ben coñecidos no senso sur-norte entre as concas citadas, como o de Portocamba, Fontefría (Campobeceros), O Malpaso - Capela (Ventas da Capela) e a propia Gudiña, canto máis ó leste a menor altitude, lugares estes últimos moi próximos á raia portuguesa e cun relevo labiríntico, utilizados polos escapados nas viaxes a Portugal.

Segundo Rodríguez Colmenero, os pasos naturais dende o sur cara á conca do Sil, pola Limia e o Bolo, constituíron xa na antigüidade as vías máis importantes de penetración do exército romano dende a parte occidental e central cara ó territorio dos Astures. Astures (cismontanos) dos que forma parte todo o territorio comprendido entre o Rodicio a Gudiña

e Valedorras, non por casualidade hoxe na diocese de Astorga. Conta unha curiosa tradición local que na Gudiña o límite diocesano está marcado pola propia rúa principal leste-oeste, o camiño real de Castela, que sigue exactamente a divisoria de augas. A parte norte é de Astorga e a sur de Ourense.

Utilización repetida moitas veces ó longo da Historia noutras ocasións menos lonxanas e máis documentadas, como nas contendas entre Castela e Portugal. Con ocasión do cerco de Chaves en 1387 por D. João I, escribe o cronista portugués: *El Rey mandava muy ameude a forragê e emtravaô por Gualiza oito e dez leguoas, a terra de Porquería e de Samdiâis e dAlhariz e ouutros luguares daquela comarquia, e boôs capitâes ê guoarda das azemolas, que sempre hiaô bem duas mill e a veces mais; e vinnhaô carguadas de paô e de carnes e de castanbas (e nozes) e doutros mantimentos e dallguû pouco de vinho, ca naô he terra em que aja muyto. E hûa vez foraô a forragem a terra de Viana de Bollo; e vindo pera ao arraiall cabio tamta neve na serra desespaço, en guisa que matou muitos homês e moços com frio. (...) E porque o cerquo fora posto em tempo de inverno as máis das casas em que se acolhia a gente eraô palhaças. E sendo huûa forragê a terra dOurêse alçouse foguo no arraiall<sup>5</sup>. Neve que constituía un inimigo temible para os fuxidos, non só polos traballos ou enfermidades que podía causarlle senón porque resultaba imposible moverse sen deixar rastro. Neve que facía que na Gudiña os obreiros que traballaban na re-construcción do ferrocarril polos anos corenta e cincuenta (moitos portugueses) participaran activamente desdexando a vila a pico e pala durante o inverno.*

<sup>5</sup> *Fernão Lopes* conta como, pouco antes de que *D. João I* cercara Chaves en pleno inverno de 1387, o cabaleiro ourensá *Vasco Guomez de Seixas*, con trinta lanzas e homes de a pé e bos bes-teiros meteuse na vila, de xeito que había xente bastante para a defender. Respecto da participación de galegos, tanto no bando portugués como castelán di o seguinte “sendo un día a garda de *João Gualleguo*, caudel dos homes de a pé (de *D. João I*), algúns galegos de dentro da vila comenzaran de se razoar cos de fora, como é costume en tais lugares. E *João Gualleguo*, que coñecía un deles, comenzou de chamar: *Aa! Foaô*, nomeándoo polo seu nome, e o outro respondeu. Comenzoulle el a dicer que se viñese para el Rey seu señor, para o servir, que lle faría moita merced”..., ó que o de dentro contesta mandándoo ó demo as mercedes e ó seu señor.

Esta permeabilidade e relación transfronteiriza apreciase nidiamente no importante número de portugueses afincados de vello na zona, moitos chegados na época do ferrocarril, no trasego de fuxidos-desertores (cara Europa) das guerras coloniais portuguesas, e na actualidade recente simbolizada nos innúmeros puticlubs *internacionais* que inzaban fai non moitos anos (seguro que haberá aínda algún) a carretera xeral dende antes da Gudiña ata o Cañizo e porto da Canda, que surtían, sen que desta banda nos enterara ninguén de tal feito, de penosas noticias e *meninos*, o diario local e a inclusa de Chaves.



*Portelo de entrada o Castelo da Cerveira na parte S-O.*

Vivín de neno algún tempo nesta vila e lémbrome sobre todo da trincheira formada polo amontoamento de neve nas beiras daquel cordón umbilical cara a igrexa e a carnicería; e dos camioneiros do pescado suando a camiseta para colocar as cadeas fronte ó barracón, enorme caserón, á dereita segundo se sae da vila cara Zamora, no que comían e pernoitaban moitos obreiros, cobertos de chapas de zinc, que inda existe. Sen esquecer as marchas e contramarchas do Marqués da Romana por aquela intrincada xeografía durante a guerra napoleónica, tratando de rispase dos franceses, ou durante as guerras carlistas, que encheron a zona e a raia montañosa próxima a Portugal de partidas e facinorosos de toda caste (Barreiro Fernández).

Pero xa estamos no Castelo da Cerveira a 1541 m. (ou 1544 m. segundo outros mapas) sobre o nivel do mar e arrodeados de montañas por toda parte, a maioría máis altas, excepto cara á estreita canada sueste pola que decorreu o río. O primeiro que sorprende é a altitude á que se atopa este castro, aínda dentro dos da Galicia oriental, pois os considerados como máis altos, os do Courel, non sobrepasan os 1000 metros<sup>6</sup>, altura bastante superior

<sup>6</sup> *El Caurel. Excavaciones arqueológicas en España.* (Luzón Nogué J.M., Sánchez-Palencia Ramos F. J., e outros - 1980).

en xeral á dos situados a occidente do Miño que apenas sobrepasan os 700 m., inda que existen excepcións, como a dun pequeno castro na serra Martiñá, a poente da parroquia de Vales de Oseira, que rolda os mil metros; O coto sobre o que se ergue atópase illado completamente, protexido por fortes pendentes por todos os lados, inda que un chisco menores polo oeste, onde se xungue ó macizo. O segundo, o seu relativo bo estado de conservación, debido á lonxanía e dificultade para telo tomado como canteira polos habitantes do contorno. É verdade que a muralla que o cingue atópase esbandallada, con grande parte do material caído e ciscado á carón<sup>7</sup>, especialmente na cara exterior, pero iso non impide apenas máis que en algúns tramos moi específicos, o recoñecemento visual dos paramentos externo e interno e a medición precisa do grosor, como pode apreciarse nas fotografías, e a totalidade do contorno apreciarse nidiamente na fotografía aérea, algo que non sucede frecuntemente nunha maioría de castros galegos.

Non obstante o apuntado sobre a potente fortaleza natural do lugar ollamos un punto máis débil que o resto na zona sueste, pois non tiveron a ben os construtores da fortaleza, por razóns que se me escapan, meter dentro do recinto un pequeno espazo exterior menos encostado que o resto dos accesos, dunha superficie aproximada de 1500 m<sup>2</sup>, e 35 m. de profundidade fronte ó muro, dende a que quizais uns atacantes superiores puideran ofender ós defensores. Pero en xeral a muralla aproveita estratexicamente os desniveis e penedías da cima na que se asenta, inda que non todo o contorno está pechado de muro, pois non o estimaron preciso, debido ó abrupto e escarpado do terreo na totalidade da banda leste e parte da norte, cara ó precipicio, a primeira case vertical e, ás veces, saínte sobre o abismo. Non se aprecia por ningures derrubo algún nestas partes do perímetro sen muralla.

O conxunto ten vagamente forma rectangular, de 90 (N-S) por 114 metros (L-O), e unha extensión aproximada dunha hectárea (1,089 has). Inda que, como dixemos, o muro corre adaptándose perfectamente ós desniveis do terreo, conserva en bastantes tramos a liña recta, en especial toda a parte oeste, en xeral a menos abrupta, inda que isto poida deberse simplemente a estar construído sobre o reborde rectilíneo do escalón rochoso que domina a fendedura natural N/S que reforza aínda máis a inexpugnabilidade do castro. A anchura da muralla garda certa regularidade entre 1,70 e 1,80 metros, excepto naquela parte máis débil do sueste xa descrita, na que o tramo final

<sup>7</sup> De volta en Pradoalbar algún dos homes cos que falamos contounos como el mesmo de novo, cando pastor, tiña desfeito anacos enteiros daquela muralla do castelo, pois escoitara que se tiña atopado nela tesouros noutro tempo.

de 45 metros de longo acada os tres metros de anchura, excepcionalidade que non se repite en ningún outro. Na muralla ábrense tres portas, dúas fronte a fronte a unha distancia semellante dos ángulos NO e SO que forma o muro oeste, na zona máis edificada do recinto, e a terceira, ó sueste, fronte á pequena penichán exterior dese mesmo lado, onde termina o anaco de muro con máis grosor (3 m.); todas cunha anchura aproximada de tres metros e nas que se aprecian vestixios de pequenas rampas pola parte de fóra e muretes transversais que se alongan cara ó interior e exterior, orientado todo elo posiblemente a controlar ou dificultar o acceso a posibles atacantes, que deberían deixar sempre ó descuberto o seu lado dereito e penetrar entre paredes.

A totalidade do interior resulta relativamente chan, formando varias franxas de dirección N-S, tres pedregosas e algo escarpadas e dúas terreas e herbosas, sendo na franxa herbosa oeste, paralela á muralla rectilínea, onde se atopan a maior parte das construcións habitacionais. Podemos agrupar estas construcións en dous apartados, as que se atopan adosadas lonxitudinalmente ó interior da muralla e as exentas, ou que tocan naquela por un lado menor. Conservan soamente a parte inferior das paredes, e o escombros, deitado para ambos lados, non permiten con precisión determinar moitos detalles nunha visita rápida, inda que si as medidas aproximadas. Todas teñen forma cuadrangular, pero non todas parecen corresponder a un mesmo tempo ou período. A maioría das adosadas lonxitudinalmente á muralla acadan en xeral menor cabida, están máis desfeitas e, aparentemente, semellan máis antigas e de menor perfección técnica. As restantes, incluídas as adosadas lonxitudinalmente á muralla máis ancha do SL, acadan máis dimensión, están algo menos desfeitas e semellan máis modernas e de maior perfección técnica. En total son doce, nove adosadas a xeito de casamatas seguindo sobre todo o muro oeste e tres exentas, dito sexa con todas as cautelas. As medidas das primeiras non sobrepasan interiormente os



*Muralla leste do Castelo da Cerveira.  
Ao fondo o val da Cerveira ou do Lagorzo.*



*Barracón ó nordeste no Castelo da Cerveira. Ao fondo o val de Berganzo.*


6,5 por 3,70 metros e as segundas, incluída a primeira do SL, os 10 por 5 metros e unha anchura de muros nestas últimas de 0,65 metros. Inda que resulta difícil sabelo sen remover e limpar os materiais derrubados ningunha parece encastrada totalmente na muralla, especialmente as rectangulares de maior dimensión e aparente construción posterior, senón simplemente achegadas a ela ou construídas, estas últimas, con posterioridade ó resto, como pode apreciarse na fotografía correspondente á da zona SL, por ter sido limpada parcialmente por algún anterior visitante do lugar. Pero poideira ser que as de menor tamaño, ubicadas sobre todo a carón da muralla, dende o ángulo NO ata o muro máis ancho do SL, garden unha máis íntima relación coa muralla e foran coetáneas, pero sen un mínimo traballo de desescombro non pode coñecerse con algunha fiabilidade o grado de relación co muro perimetral.

Non apreciamos fonte algunha na cima nin en calquera das abas próximas á fortaleza e os paisanos de Pradoalbar cos que falamos á volta tampouco coñecen ningunha, cousa que lles chocaba tamén, pois non podían concibir como os *mouros*, que habitaron na antigüidade o *castelo* puideran pasar sen contar nas proximidades con este elemento esen-

cial e cotiá.. Pero esta circunstancia non quere dicir nada, pois puido estiñar ou alagarse a posible fonte co paso do tempo, ou existir en cotas inferiores, sobre todo no precipicio leste ou na fenda que descende cara ó norte dende o ángulo NO da fortaleza. En todo caso a distancia ó río da Cerveira, seguindo a citada fenda natural, non supera os trescentos metros en recto, inda que o desnivel é de douscentos. No que si coinciden todos os paisanos é en que a muralla está moi ben feita e asentada.

Segundo a lenda popular no Castelo da Cerveira habitaron os tradicionais *mouros* castrexos, difíciles sempre de vencer e conquistar ata que, coma noutros moitos lugares de Galica, botounos do seu asento o apóstolo Santiago de xeito espectacular pois, nun alarde circense, collendo a galope no seu cabalo pola campa chaira da Penapá, estribación da Serra de Queixa a 1652 m. de altitude a N-NO do Castelo e 946 m de distancia do mesmo en liña recta, foi caír no medio e medio da fortaleza, e con cal fazaña os desaloxou. Lenda evidentemente fabricada, igual que outras semellantes, na época da cristianización do lugar, que puidera coincidir aproximadamente coa do descenso ás terras máis aptas para o cultivo agrícola e coa fundación de Santo André de Pradoalbar, e o definitivo (?) abandono do castro.

Existen na serra varios topónimos significativos, aproximadamente sobre os 1600 m. de altitude a uns 4 km. a oeste do Castelo da Cerveira e sur do cumio do Xeixo (1707 m.), que puideran conter algunha fortaleza



*Montañas nas proximidades de Campobecerros.*



*Muralla do Castelo da Cerveira.*

de características parecidas: o *Castelo Grande* e o *Castelo Bravo* (se é que non se refiren ó mesmo lugar). Na fotografía aérea sómente se aprecia neste último un alongado afloramento rochoso, no que semellan existir cara á unión co macizo dous muros paralelos que pechan o acceso menos defendido pola natureza. Pero non pode adiantarse outra cousa sen, polo menos, unha exploración visual sobre o terreo. Outros topónimos referidos a poboados castrexos son o de *castro* en San Mamede da Edrada e Entrecinsa e o de *A Coroa* a 1277 m. de altitude ó S-O nas proximidades (menos de 1 km.) do casarío de Pradoalbar. Máis fáciles de apreciar, a pesar do abandono, son varias malladas pastorís que arrodean a escasa distancia a fortaleza da Cerveira, utilizadas ata tempos recentes: a do Lagorzo a 1686 m. en liña recta, a da Cerveira a 776 m., a Mallada Fría (oeste) a 3500m., e a Mallada Fría (N) a 1335 m. O que demostra a extraordinaria importancia e ubicación estratéxica do propio Castelo, referencia abraiante e omnipresente no imaxinario colectivo da zona que o arrodea, das dúas bandas da serra.

Para calquera persoa curiosa, afeita a ollar os castros occidentais excavados, este da Cerveira ten que resultar certamente estraño, tanto pola ubicación en altura como pola morfoloxía xeral do conxunto e, sobre todo, polas edificacións interiores. Predomina absolutamente a liña recta, tanto na muralla como nos barracóns adosados ou exentos, todos de planta cadrada ou rectangular, situados sempre nas proximidades das portas de acceso e/ou partes exteriores menos defendidas pola natureza. A maioría das vivendas-barracón observan unhas medidas exteriores que se repiten, as alongadas (exentas) todas de 10 por 5 metros, e as adosadas ou encastradas na muralla sobre a metade aproximadamente. Unha tipoloxía que garda moita relación coas vivendas dos castros bercianos<sup>8</sup>, tamén de idénticas características construtivas, inda que naqueles atopamos algunha que outra casa de planta redonda, cousa que aquí non ocorre, e tampouco alí as edificacións se achegan xeralmente á muralla, senón que ocupan unha franxa paralela seguindo o interior da mesma. Características que puideran corresponder, por outra parte, a influencia romana ou xa plenamente a esta época histórica.



*Acantilado leste do Castelo da Cerveira.*

Establecer os límites xeográficos da cultura castrexa non é tarefa doada, e menos pola parte oriental. Para a maioría dos autores este límite estaría marcado aproximadamente por unha diagonal NE-SO dende a serra do Rañadoiro (Asturias) ata as do Marão e Montemuro (Portugal). Liña que polos Ancares e Courel *buscaría o Sil (...) seguindo pola serra de Queixa e San Mamede, (...) para entrar en Portugal polas serras da Padrela e Marão* (divisoria de augas entre o Tâmega e Túa), *cruza o Douro, pasa pola serra de Montemuro, sobrepasa o Vouga e chega ata a serra do Caramulo, bordeando o planalto de Viseu*<sup>9</sup>. O que situaría o Castelo da Cerveira xusto nesta fronteira oriental, que habería que entender como un área xeográfica, con matizacións que podería coincidir cos límites diocesanos de Astorga e Ou-

<sup>8</sup> *La zona arqueológica de las Médulas* (Sánchez Palencia F.J. e outros - 1998)

<sup>9</sup> *A cultura castrexa* (Calo Lourido, F. - 1997)


rense. Tendo en conta sempre que nos estamos referindo á zona nuclear ou restrinxida da cultura castrexa noroccidental peninsular.

Circula así mesmo en certos medios que o Castelo da Cerveira puidera corresponder a un *castella* ou fortín propiamente romano, pero tal aseveración sen argumentación ou indicios ou probas de algunha entidade non pode admitirse en principio, inda que tampouco descartarse totalmente. Pois se consideramos a hipótese xa citada de Rodríguez Colmenero dunha liña de ataque ós Astures dende o sur, polos vales do Támega e Limia, non carecería de sentido o establecemento de bases romanas que aseguraran esta rota a fin de non deixar polas costas ningunha inseguridade (nas zonas máis inaccesibles) na que o inimigo puidera reorganizarse. Salvas as distancias de todo tipo non debemos esquecer a función que en momentos difíciles desempeñou esta parte intrincada e deshabitada da serra (ó igual que o macizo de Pena Trevinca ou os Ancares-Ubiña, todos no teatro da guerra contra os astures) ata tempos recentes, cando as dificultades mecánicas de acceso as mantiñan illadas e inaccesibles. Pero tamén puidera ser as dúas cousas, ou sexa un castro galaico-astur, posterior ou temporalmente ocupado polos romanos como posto de vixilancia, como ocorreu con outros ó logo das mon-



*O Castelo da Cerveira dende o norte.*

tañas do norte peninsular, como La Espina del Gallego (Peralta Labrador), situado ó sur da serra e porto do Escudo (Cantabria) ou a Corona de Corporales, na cabeceira do río Eria (Zamora), vixiando unha entrada estratéxica pola altura cara ó val da Cabreira, sobre as Médulas, Valdeorras e o Bierzo<sup>10</sup>.



*O Mario de Langullo en París en agosto de 1976.*

10 *El asedio romano del castro de La Espina del Gallego (Cantabria) y el problema de Araceliium.* (Peralta Labrador, E. - 1999)

Existen algunhas semellanzas curiosas entre La Espina del Gallego e o Castelo da Cerveira, sobre todo en canto a unha posible reutilización romana. Atópase sobre a acrópolis de aquel castro, no que se teñen atopado evidencias arqueolóxicas atribuídas ás guerras cántabras, restos das *estructuras de un gran edificio estrecho y alargado (...) de un barracón de 4,90 o 5 metros de ancho (...) por 83 m. de largo (...) y una anchura de paredes de 65 o 70 centímetros*, inda que os sondeos eléctricos detectan que tal edificio continúa, polo que podería chegar ós 100 metros de longo. Barracón dividido en estancias que *posiblemente correspondan a cubícula de los contubenia del destacamento (romano) que ocupaba el edificio*. Ó que atubue uns 224 soldados, que corresponderían *a una guarnición dejada en este castro para vigilar la zona e impedir que el castro volviese a ser ocupado por los indígenas*.

En qué atopamos algunha semellanza?. Pois, sobre todo, nas medidas e morfoloxía dos barracóns exentos e máis alongados do Castelo da Cerveira. O que na *Espina del Gallego* exista un so edificio ben dado pola forma alongada da acrópolis na que se asenta dita construción, cousa que non ocorre no caso galego. As medidas destes barracóns alongados coincordan bastante coas daquel e, supoñéndolle unha menor antigüidade que ós restantes do Castelo, poídera ser un indicio de ocupación posterior á orixinaria, igual que a reconstrución ou fortalecemento do tramo SL da muralla perimetral. Agora ben, non hai que se deixar levar pola imaxinación e, polo de hoxe o único que se me ocorre é instar a unha prospección seria e concienzuda por quén corresponda nesta acrópolis castrexa tan singular e suxerente, máxime ante a falta delas neste recanto esquencido do suroeste galego.

Outra posibilidade de ocupación do castro polos romanos podería deberse á minería, pois o número de explotacións auríferas foi abundante neste período, así como a utilización nas mesmas da poboación indíxena próxima. Pero faltan aínda moitos estudos e investigacións para coñecer o verdadeiro alcance das mesmas. En concreto sobre a zona que nos ocupa non contamos apenas máis que con informacións e mapas de tipo xeral e algún que outro dato solto ou vagas referencias ó Invernadoiro, no que provisoriamente se batearían os ríos na búsqueda de metais (Sánchez-Palencia,



*Xantar no Castelo da Cerveira  
a 15 de setembro de 2010.*

Almudena Orejas e outros autores). E resulta raro tamén que non quedara rastro algún sobre esta actividade na memoria popular, inda que coa despoñición as indagacións actuais carezan de suficiente fiabilidade.

En conclusión: un espazo montañoso semiabandonado na actualidade pero que gozou de relativa importancia económica ata non fai moitos anos, no que resiste heroicamente (sen hipérbole publicitaria) unha poboación avellentada e nobre, que se recupera e revive parcial e temporalmente no verán, debido ós retornados estacionais espallados por Galicia, España e Europa, e que nos momentos difíciles do pasado inmediato – e seguramente tamén lonxano - serviu de acubillo e base de operacións a toda caste de perseguidos pola xustiza do momento. Que merece un porvir, pois posúe abondo para elo: riqueza natural, patrimonial e cultural. Todo consiste en saber apreciála por parte do público en xeral e, sobre todo, das forzas vivas que detentan o poder nesta Galicia tan necesitada de ideas e vontades.



*Entrada do río da Cerveira na ponte romana*



## Lineas equinociales en los petroglifos prehistóricos gallegos. El laberinto de Mogor

*Por J. L. Galovart Carrera*

La orientación de la salida del laberinto de Mogor no parecía tener interés, más allá de saber que apunta al Oeste de forma genérica. Nadie se había planteado un estudio más analítico y minucioso, tal vez porque tiene un cierre constituido por cuatro pequeñas formas cuadrangulares que impide entrar o salir.

Otro factor que insiste en hacernos pensar que la cuestión no es relevante, es su ubicación en la parte baja de la montaña de Mogor. Un saliente de la playa, la Punta da Moa, impide la visión completa de la boca de la ría, la excelente panorámica que tenemos desde las partes altas del site. No vemos al Oeste ningún punto singular en el que imaginar el ocaso del sol en el equinocio; al margen del valor arqueológico es anodina su fotografía con el laberinto en primer plano.

Un último factor tiene que ver con la iluminación, pues el grabado está en la ladera Este de la roca y, al atardecer, enseguida está en sombra; hay que disparar un flash oblicuamente para iluminarlo.

1. Pensé en hacer esta fotografía aún sin publicar; cuando me la solicitó el físico y arqueólogo Leo Dubal. Su interés abrió la puerta a pensar en la posibilidad de que ese día ocurriera algo visualmente más impactante en otra roca con más grabados y más grande. Sobre todo, algo podía ocurrir en Laxe das Rodas (Cotobade) que tiene casi 40 círculos y una ubicación prodigiosa sobre un meandro del Lerez..



25/03/2009



Un mes antes del equinoccio de primavera del 2009 fui a hacer una exploración previa de este escenario. Comprobé entonces que mi sombra en la puesta de sol era casi-paralela a grupos alineados de círculos notables. O que al ser muy larga, podía atravesar la roca grande y llegar a la roca pequeña contigua con su excepcional grabado. La brújula indicaba que un mes más tarde podría obtener buenos resultados.

Cuando llegó el día de ir a Mogor a fotografiar el laberinto; pensé que también en Pedra dos Mouros, había que ver lo que pasaba con mi sombra. Está a unos 80 metros de la Roca del Laberinto y tiene unos 15 círculos, es un ejemplo del mejor geometrismo circular en tamaño medio.

Hay allí un claro alineamiento entre 4 círculos notables; y mi sombra era paralela a ellos. Surgió entonces el apoyar un palo en el centro del círculo que está más al Oeste, y la obtención de la línea recta que unía sus centros. Al verificar el magnífico descubrimiento al día siguiente en Laxe das Rodas (Cotobade), apareció una línea equinoccial aún más espectacular.



*El site de Mogor*



*25/03/2009. Alineamiento equinocial. Pedra dos Mouros*



*26/03/2009. Alineamientos equinociales. Laxe das Rodas (Lombo da Costa, Cotobade)*



8/04/2010. Lombo da Costa. Cotobade.  
Fot. X. Rodríguez Castro / F. Ameixeiras/ J. Galovart

2. Durante el mes de marzo obtuve líneas equinociales en otros lugares como Berducido o Bealo, se extendió la noticia y el arqueólogo Pablo Novoa las obtuvo en Gargamala.



*30/03/2009. Berducido*




*13/05/2009 (Hora 19:15). Bealo (Boiro)*



*Gargamala 30/03/2009 (Fot. Pablo Novoa)*

Sabemos de la precesión de los equinocios y que estas líneas equinociales se refieren a nuestro tiempo; cuando se hicieron los grabados el ocaso equinocial se producía más al sur.


Ocurre en Galicia como en Newgrange pues es en el amanecer del solsticio de invierno (actual) cuando los rayos del sol atraviesan el largo corredor de su famoso monumento. O como en el arte rupestre de Francia (Mont Bego) o Italia (Valcamónica); donde hay singulares alineamientos en solsticios que corresponden también al equinocio actual de  $270^\circ$ . Es posible que en la prehistoria europea hubiera sospechas sobre la precesión de los equinocios, pero en la costa Oeste de la Península ibérica hay una razón suplementaria como explicación. Entre el cabo San Vicente y el cabo Finisterre la línea de costa casi tiene dirección S-N, y la línea de  $270^\circ$  señala al Atlántico. Puede indicar una referencia simbólica y geográfica.



*Newgrange (Irlanda).  
Sosticio de invierno*



*Dos Sulif-Valcamónica (Italia). Solsticio de verano. Fot. Leo Dubal*



*Mont Bégo (France). Solsticio de verano*

3. Pero tardé un tiempo en darme cuenta de que se podían buscar líneas equinociales en el laberinto.

La roca es pequeña y apenas tiene otros grabados. Pero en su cierre, tres de las cuatro formas cuadrangulares que lo determinan (las que están al Norte de la salida) tienen un pequeño punto en su centro. La del Sur no tiene indicado el centro, pero también lo consideramos. Tenemos ya 4 puntos donde apoyar el bastón.

Pablo Novoa me envió una fotografía con la roca bien iluminada y un palo provocando una línea de sombra entre dos pequeños círculos que están al lado del laberinto. Comprendí que podía estar diseñado para funcionar en el declive del sol; y no en el ocaso o en el tramo final que está en sombra. El laberinto se ilumina también al amanecer, pero sólo cuando el sol está alto y se asoma por encima de la montaña de Mogor

Hasta entonces con las líneas de sombra sólo buscaba alineamientos equinociales notables por el número o la calidad de los círculos relacionados.



*Fot. Pablo Novoa*


Podemos establecer cuatro líneas de sombra entre los centros de los módulos cuadrangulares y el centro del laberinto. Al hacerlo vemos que la nº 1 es una línea equinocial.

Sobre la línea de salida, ya podemos decir que está situada en una posición intermedia entre las nº 1 y 4. Nada sabemos aún sobre el significado de las líneas 2 y 3.

En el declive del sol las sombras se desplazan de Sur a Norte, y la línea nº 4 es la primera que aparece. Es paralela, en la misma roca, a una línea exterior que es fácilmente detectable. Esta simultaneidad da consistencia a la sospecha de que el cierre obedece a un plan minucioso.

La línea nº1 puede verificarse a 80 metros en Pedra dos Mouros. Allí la línea equinocial es óptima pues se establece en el ocaso y no en el declive del sol.

La línea de 270° proyectada en el paisaje, señala un punto anodino del Norte de la isla de Ons. Pero un poco más al Sur está el canal entre el Sur de Ons y Onza, un lugar muy singular para una puesta de sol. Situados en el site de Mogor ese preciso punto lo indica la línea 257°.





*Linea n°4*




*Linea n°1*

Si cuando se hicieron los grabados el punto de equinoccio estaba en  $257^\circ$ , tendríamos la antigüedad de 4000 años que corresponde a  $13^\circ$  grados de desfase.

Otra posibilidad es que la línea de  $257^\circ$  tenga un valor simbólico y geográfico; en Galicia ocurre con la de  $270^\circ$ .

Son 23 días de adelanto (en Primavera) o 23 de retraso (en Otoño), los que hay que considerar desde nuestro equinoccio para fotografiar al sol en esa posición.




*Leo Dubal / JL Galovart*



25/02/2010 Fot. Leo Dubal / JL Galovart

Veamos como el cierre del laberinto y la trigonometría nos llevan también a esta solución. Al proyectar las 5 líneas en la costa hay 3 puntos visibles y 2 no-visibles, los primeros nos llevarán a los segundos. Con las líneas nº 1,2 y 3 obtenemos puntos en el Norte de Ons o en la costa de Portonovo y Sanxenxo; tenemos la posibilidad de comparar distancias visualmente, de medir y relacionar distancias con ángulos. Hacia el Sur podemos calcular que la línea nº4 apunta al Sur de Onza, lo que concluye el mapa de la boca de la ría de Pontevedra. Por proporcionalidad entre ángulos y distancias también podemos determinar que la salida del laberinto apunta al canal entre Onza y Ons.

4. En Pedra dos Mouros hay una soberbia línea equinocial que enlaza los centros de cuatro formas circulares notables y atraviesa una gran cazoleta. Esta línea es el eje longitudinal de una estructura en forma de cruz con



*Proyecciones en la costa y mediciones realizadas en Mayo del 2009 por G.Gonzalez Cela y Ventura Teijido, profesores de la Escuela Naval de Marín.*



*Línea 257°. 18/06/2010. Hora 9' 44*

los brazos caídos, constituido por cinco círculos. Si unimos sus centros con el centro del círculo de la línea equinocial que está más al Este, obtendremos un haz de 5 rectas que nos recuerda al que hemos descubierto en el cierre del laberinto. Al hacer observaciones simultáneas en ambas rocas, vemos que su línea nº 4 coincide con la nº 4 del laberinto. La línea de 257° está entre la nº 1 y la nº 4; y está definida por su corte tangente al círculo nº 1. Además es secante a otras dos formas circulares.

En la Punta da Moa hay unos eucaliptos que dificultan la vista del canal entre Ons y Onza. La planimetría del site realizada por el topógrafo Vicente Fraga (Diputación Pontevedra, 2009) no permite la certeza respecto a si se ve desde Pedra dos Mouros; la diferencia de altitudes con la Punta da Moa es sólo de 2'5 m. No sabremos si se ve o no se ve el canal hasta que se corten los eucaliptos. En la Roca del laberinto la diferencia es de 10 m y es seguro que no se ven; lo que confirma la impresión que se tiene sobre el terreno.



*Pedra dos Mouros. Vista desde el Este*



*Pedra dos Mouros. Vista desde el Oeste*

En relación a la Roca del Laberinto, la Pedra dos Mouros es una obra compleja y amplia donde las posibilidades de líneas y significados son mucho mayores. Hay alineamientos que pueden referirse a distintas posiciones del sol a lo largo del año y muy especialmente a los solsticios. Hay otros que están fuera de estos rangos y no pueden establecerse con líneas de sombra. Hay también líneas irregulares o que parecen garabatos, sugerencias figurativas o abstractas; un arte compositivo y plástico que en la Roca del Laberinto no existe.

El laberinto nos ha llevado a la Pedra dos Mouros pero ésta a su vez es incompleta, limitada, pequeña; tiene además mala iluminación. Está en la ladera Oeste de una montaña y hay que esperar a que el sol del amanecer esté alto para que se ilumine. Es una roca muy irregular y en las puestas de sol, cuando son muy al Norte, sus parte altas provocan la sombra en los grabados.



*Linea 257°. Pedra dos Mouros. 18/06/2010. Hora 9:46*

En la Roca de Laberinto hay el resumen de un discurso más amplio, pero a su vez, yo creo que Pedra dos Mouros es un resumen de Laxe das Rodas. Una obra de arte de gran tamaño, con muchos más círculos y alineamientos, y menos restricciones para la iluminación. Está en Sta. María de Sacos, un espacio abierto aunque envuelto por montañas. La visité en el atardecer del último solsticio de verano, pero no había sol. Hace falta más tiempo y más investigación, para saber lo que allí ocurre. Al menos para saber si tiene líneas solsticiales.

#### LINKS:

Virtual Laboratory for Archaeometry. Leo Dubal

<http://www.archaeometry.org/>


<http://www.archaeometry.org/sphinx.htm>

Megalitismo; artigos e teses. GEMA

<http://www.crookscape.org/coloquio.html>

“El Laberinto Atlántico”. JL Galovart

<http://montetecla.blogspot.com>



*Roca del laberinto, según Antonio de la Peña*



*Pedra dos Mouros (Mogor), según Antonio de la Peña*



*Pedra dos Mouros (Mogor), según Antonio de la Peña*



O esquecemento e abandono de  
*Pedra Moura.*  
O gran petróglifo de Fragoselo  
(Coruxo, Vigo)

*Por Fernando Javier Costas Goberna*

IN MEMORIAM  
GERARDO SACAU RODRÍGUEZ

*Gerardo Sacau, que nos fixo compañeiros do seu mundo real e do seu imaxinario ao longo dun treito de camiño compartido apaixonadamente, deixounos.*

*Gerardo ó mestre que xamais perdeu o xesto do alumno atento a calquera cousiña que tivera que ver coa verbas; esas verbas ás que dedicou a súa vida a arrincarlle o seu sentido máis profundo.*

*Para disimular as bágoas que me provoca a desaparición de quen me fixo compañeiro dos seus percorridos dun xeito inesquecible, quédome co sentimento compartido dun parágrafo dunha das súas obras: “A tardiña, ó pé de Cabo Silleiro, vaise enchendo paseniñamente de tebras de misterio que inxectan admiración nos camiñantes ensumidos na contemplación deste espectáculo que parece unha escenificación do nacemento dos mares<sup>1</sup>”.*

1 SACAU RODRIGUEZ, Gerardo, en *Os Nomes Beiramariños. Desde Cabo Silleiro ata o porto da Guarda*. Vigo. 2007. pp 13

*E mentres na miña testa continúa a sonoridade da forma que tiña en pronunciar o meu nome, non atopei nada mellor que dedicarlle estas páxinas, dende o Glaukopis, o Boletín do Instituto de Estudios Vigeses ao que tanto esforzo prestou para a súa continuidade.*

FRAGOSELO. Fragoselo, topónimo que, en opinión de Gerardo Sacau, é o irmán pequeno de Fragoso como indica o sufixo diminutivo ELO<sup>2</sup>, é o nome dun barrio da parroquia de Coruxo onde se localizan algunhas das máis interesantes manifestacións da Arte Rupestre Prehistórica do concello vigués, entre as que se atopa a coñecida na bibliografía arqueolóxica como *Pedra Moura* que, a pesar das numerosas localizacións levadas a cabo nos últimos trinta anos, que incrementaron de xeito considerable o coñecemento que temos hoxe en día dos petróglifos do Suroeste galaico, continúa sendo unha das superficies máis espectaculares, e importantes tanto polo seu número de figuras como polo seu repertorio iconográfico. En estas liñas vámonos centrar brevemente nos aspectos máis relevantes deste monumental petróglifo con gravados de fai arredor de 4000 anos.

Aínda que a existencia destes gravados rupestres é coñecida desde finais do século XIX, é Luis Monteagudo, fai agora sesenta e sete anos, cando publicaba o primeiro estudio en profundidade sobre o petróglifo, acompañado dunha lectura de boa calidade impresa no ano 1943, lectura a que se fará sempre referencia en anos posteriores<sup>3</sup>. Esta lectura será revisada en 1984 por quen redacta estas páxinas, incorporando algunhas figuras novas como as do extremo Sureste, que se fixeron visibles polos traballos de limpeza da superficie e o seu entorno para o valado da mesma uns anos antes<sup>4</sup>. Detectamos nesta época unha perda importante de masa pétreo, xa que a lonxitude da rocha era duns catro metros e medio menor que a existente en 1943; feito este relacionado cos traballos de cantería que se fan evidentes no seu extremo Sur, e a os que alude a tradición popular segundo veremos máis adiante.

2 SACAU RODRIGUEZ, Gerardo. en Os Nomes da Terra de Vigo. 1996. pp 132-133

3 MONTEAGUDO GARCIA, Luis. en EL Petróglifo de Fragoselo. (Vigo, Corujo) . Madrid. 1943. pp 323-327

4 COSTAS GOBERNA, Fernando Javier en Petroglifos del litoral Sur de la Ría de Vigo. Vigo. 1984. pp 126-129 y lámina V9

## A TRADICION POPULAR E PEDRA MOURA

Seres máxicos e tesouros relacionados coa pedra, quedaron durante moito tempo na memoria popular e as lendas foron transmitidas oralmente. Algunhas das referencias foron recollidas polo propio Monteagudo que facía esta descrición:

*Relativas a este petroglifo he podido recoger tres leyendas contadas por dos viejos de estos lugares. Uno de ellos que como moderno druida y con el San Ciprián en la mano, intentó buscar el tesouro da moura -me decía, que tumbado en la blanda hierba, había presenciado a cierta distancia y varias noches el paso de una luz verde que a veces iluminaba los calzones blancos de quien los llevaba, y que saliendo de las rocas de la Dobesa do Rey -así se llamaba antes la Dobesa de Fragoselo- daba una pequeña vuelta por la carballeira (robledal) que hoy no existe; y luego tomando el camino del monte bajaba por la vertiente opuesta; este monte, llamado Mouro Grande, según el mismo afirmó, posee en su cima un profundo lago que nunca se seca...*

*El mismo campesino me refería que una antepasada suya, de niña, había visto encima de la piedra a una joven de resplandeciente hemosura sollando (tendiendo al sol) el trigo, que, alargando la mano ofreció; la niña tuvo miedo y escapó; al día siguiente la joven había desaparecido.*

*En Fragoselo al petroglifo llaman Pedra dos Mouros o Pedra Moura; a los círculos, rodas, y a las huellas, pegadas do boy, de caballo y de cristiano.*

As notas folclóricas sobre *Pedra Moura* facilitadas por Luis Monteagudo na publicación de 1943, se completan corenta anos despois en 1983 cos apuntes de Juan Carlos Abad Gallego e Eugenio Rodríguez Puentes<sup>5</sup> en forma dun interesante e fantástico relato contado por unha veciña do lugar:

*Una señora de unos 50 ó 55 años, nos contó que su abuela le recomendaba que no fuera por allí. Su abuela contaba de sus abuelos, que cuando iban a llevar el ganado al monte Cabela oían un gran estruendo y veían salir a una moza con largos cabellos rubios que se peinaba sobre la piedra. Cuando intentaban acercarse a ella desaparecía, y si hacían guardias esperando que saliera no aparecía.*

5 ABAD GALLEGO, Juan Carlos y RODRIGUEZ PUENTES, Eugenio en Introducción a los petroglifos del término municipal de Vigo. Vigo.1983

*Su abuela contaba también que: un mozo se acercó una vez junto a ella y ésta le preguntó:*

*- ¿A que vienes?*

*- Vengo a verte – dijo el mozo*

*- Sí sólo vienes a verme, vete; sí vienes a desencantarme vas a sufrir.*

*- ¿Puedo yo desencantar a una muchacha tan hermosa?- preguntó el mozo.*

*- Sí pero vas a sufrir. Yo me meteré en la piedra y luego saldré en forma de culebra, me enroscaré en ti y te pondré un clavel en la boca.*

*- Sí subes por mi y te enroscas es que eres una culebra, vete a tomar por el culo – contestó el rapaz y luego salió corriendo.*

*Y ya nunca más se vió a la moza. Y según los libros antiguos la moza se desdobló y no aparecerá hasta que le toque.*

*Ella también le preguntó a su abuela acerca de los mouros y ésta le respondió: “ en tiempos de los mouros” estos encantaron a las mozas más bonitas, y las guardaron con sus tesoros bajo la piedra. Pero no se sabía realmente si había un tesoro o veneno en la roca; porque se dice que si se abre y tiene veneno, éste llega a matar a todo Coruxo.*

*La misma señora también, nos dijo, que fueron su suegro y su tío los que cortaron gran parte de la roca, y que el marido no quiso, tuvo miedo y se marchó. El suegro y el tío, tras arrancar un trozo de piedra, no quisieron seguir cortando y nunca quisieron decir lo que habían visto.*

## OS GRAVADOS

A rocha lixeiramente abombada con pendente hacia o Leste, nun espacio de dez metros e medio, por catro metros e setenta centímetros aproximadamente, presenta restos de case corenta figuras circulares, distribuídas en torno a un suco longo e ondulado que percorre a superficie de Norte a Sur finalizando bruscamente no corte dos canteiros. Algunhas figuras aparecen intimamente asociadas a este gran suco que atravesaba algunha polo centro, e forma parte do círculo exterior doutras.

Deixando a un lado as coviñas que podemos cifrar en medio centenar e que poden presentarse: illadas, comunicadas entre si mediante sucos, ou formando parte de combinacións circulares; son figuras circulares a base de círculos o elemento principal no repertorio iconográfico de *Pedra Moura*. O cincuenta por cento das figuras son simples, definidas por un círculo, algunha presenta o interior recheo de pequenas coviñas e destaca pola súa peculiaridade que presenta no interior do círculo un par de pegadas de cuadrúpede. Temos oito figuras compostas por dous círculos concéntricos, nove son figuras formadas por tres círculos concéntricos; e dúas configuradas por catro círculos, estando una delas atravesada polo gran suco de referencia preto do extremo sur da superficie. Pero sen dúbida a composición máis destacada é a gran figura da zona Nororiental que alcanza un tamaño de 124 cm. de diámetro e na que non resulta doado precisar o número de círculos que a compoñen debido ao deficiente estado de conservación dos sucos en algunhas zonas e, sobre todo, a distorsión producida no centro por unha figura cruciforme de factura moderna; realización que correspondería ao uso da rocha como elemento delimitador de territorio ou a un intento de cristianización da superficie e dos seus gravados prehistóricos<sup>6</sup>.

As figuras circulares, con independencia do seu tamaño e número de círculos que as compoñan, poden ter ou non coviña central e sucos de entrada/saída, e poden estar illadas ou relacionadas entre si mediante sucos que as comunican.

Outro elemento destacado das representacións de *Pedra Moura* e que singulariza esta superficie son as pegadas de cuadrúpedes do tercio Sur do espacio gravado, xa que non é frecuente a súa presenza nos petróglifos do Suroeste.

En principio, en función do seu tamaño, poderíamos interpretar estas pegadas como correspondentes a bóvidos, aínda claro está que con algunhas reservas, dado que nos podemos preguntar si as proporcións aluden ao tamaño real da pegada do animal de procedencia ou a están esaxerando; se isto fora así, poderíamos pensar que serían pegadas doutro animal. En total son dez pares de pegadas as que se conservan, chamando a atención as que están integradas no interior dun círculo simple.

<sup>6</sup> COSTAS GOBERNA, Fernando J. y PEREIRA GARCIA, Elisa, en *Los Gravados Rupestres en Épocas Históricas. Cruciformes. Gravados Rupestres Prehistóricos y Gravados Rupestres Históricos. Aproximación a un debate a lo largo del siglo XX en Galicia*. Vigo. 1988.

Ata aquí un breve repaso a iconografía que ofrece *Pedra Moura*, á que poderíamos engadir un posible podomorfo no centro da superficie, se coma pegada de pé humano interpretamos dous rebaixes de disposición semellante a esta figura coa que estamos tan familiarizados.

## O ESTADO DE CONSERVACION DE PEDRA MOURA

A principios de 1980, antes do traspaso de competencias á Comunidade Autónoma, e baixo responsabilidade estatal, procedeuse a cercar o petróglifo de *Pedra Moura* cun valado de pedra e forxa, que o paso do tempo foi deteriorando e ninguén puxo remedio.


No ano 2002 publicabamos unhas fotos que reflectían o estado do valado e da sinalización a finais da década dos noventa.

Na visita levada a cabo no mes de agosto deste ano comprobamos que o petróglifo de *Pedra Moura* continúa condenado ao abandono; ningunha sinal nos camiños de Fragoselo indica a súa existencia; o cartel que en tempos indicaba o lugar do petróglifo desapareceu; os ferros do valado metálico que aínda subsisten, están a maioría no chán e retorcidos como se alguén se entretivese en dobralos, e, a superficie insculturada, aparece medio cuberta de musgos, terra etc. de tal xeito que a identificación dos gravados so pode ser feita dun modo parcial.


No intento de recuperación e posta en valor dos últimos anos, levada a cabo desde a administración autonómica, sobre algúns dos conxuntos con gravados rupestres da provincia de Pontevedra, *Pedra Moura* non tivo sorte e non foi tida en conta pola maquinaria político-administrativa nesa morea de cartos que andaron rulando por Galicia, e sigue a degradarse sen solución. Aínda que sexa repetitivo é una mágoa que non se pensara na recuperación de “Pedra Moura” xunto cos veciños gravados do Alto da Igrexa, Castiñeirón e Pontón e Viveiro configurando un percorrido que permitira o disfrute axeitado da Arte Rupestre Prehistórica viuesa.

## PARA SABER MAIS


- 1983: ABAD GALLEGO, Juan Carlos y RODRIGUEZ PUENTES, Eugenio  
*Introducción a los petroglifos del término municipal de Vigo*. Copia de trabajo depositado en el Museo Municipal “Quiñones de León”.Vigo.1983
- 1998: CARBALLO ARCEO, Xulio; LUACES ANCA, Luis; TOSCANO VELLA, Cristina. *Catálogo do Patrimonio Arqueolóxico*. Arqueoloxía de Vigo e a súa Historia. Catálogos do Patrimonio 2.Vigo. 1998
- 2002: CARRERA RAMIREZ, Fernando; COSTAS GOBERNA, Fernando J.; PEÑA SANTOS, Antonio de la. *Los Gravados Rupestres de Galicia. Características Generales y Problemática de Conservación*. Publicaciones de la Diputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- 1984: COSTAS GOBERNA , Fernando Javier.  
*Petroglifos del Litoral Sur de la Ría de Vigo*. Publicaciones del Museo Municipal “Quiñones de León” de Vigo. Monografías nº 8. Vigo.1984.
- 1998: COSTAS GOBERNA, Fernando Javier y PEREIRA GARCIA, Elisa.  
*Los Gravados Rupestres en Epocas Históricas. Cruciformes. Gravados Rupestres Prehistóricos y Gravados Rupestres Históricos. Aproximación a un debate a lo largo del siglo XX en Galicia*. En Reflexiones sobre el Arte Rupestre Prehistórico de Galicia. Asociación Arqueológica Viguessa. Serie divulgativa nº 4, pgs. 130 a 173. Vigo.
- 1943: MONTEAGUDO GARCIA, Luis  
*El Petroglifo de Fragoselo.(Vigo, Corujo)* . Archivo Español de Arqueología nº 52. Madrid. 1943.
- 1996: SACAU RODRIGUEZ, Gerardo  
*Os Nomes da terra de Vigo*. Estudio Etimolóxico. Instituto de Estudios Vigueses. Vigo. 1996
- 2007: SACAU RODRIGUEZ, Gerardo.  
*Os Nomes Beiramariños. Desde Cabo Silleiro ata o porto da Guarda*. Instituto de Estudios Vigueses. Vigo. 2007.



*O repertorio iconográfico de Pedra Moura*



*As figuras circulares en Pedra Moura*




*Os gravados de Pedra Moura según Luis Monteagudo García en 1943*



*Os gravados de Pedra Moura según Fernando J. Costas Goberna en 1984*



*Detalle da gran composición circular de Pedra Moura de 124 cm de diámetro. Des*



*taca o cruciforme alterando os sucos da gravación prehistórica. Foto de 1998.*



*Detalle dos gravados de Pedra Moura. Foto de 1998.*



*O valado de protección de Pedra Moura en 2010*

ARQUEOLOXÍA  
E  
ETNOGRAFÍA



# Percepcións espaciais e ordenación do territorio en Vigo<sup>1</sup>

*Por Xosé Manuel Souto*

Cando unha persoa chega a Vigo a primeira sensación coa que se atopa é o espallamento da poboación polo Val do Fragoso. Os veciños de Vigo cando levantan a vista máis aló do Castro teñen a sensación de estar rodeados por un cinto forestal, que cubre os outeiros que definen a divisoria de augas entre o Lagares e o Miñor, ou ben co Louro. Pero por embaixo da visión superficial da paisaxe existe unha morea de habitantes (sobre 100.000) que viven nun espazo que se vai transformando en relación coas expectativas e intereses que xorden no centro da cidade.

En diferentes estudos referínme á problemática do ordenamento do territorio en Vigo e a súa área<sup>2</sup>. Por unha banda foi o estudo da cidade, coa análise dos axentes sociais que interviron na súa construción (Souto, 1990). Por outra beira tamén ocupou o meu interese a percepción do espazo, resultado da humanización da natureza e das expectativas sociais sobre o medio (Souto, 1994 e 2001). E tamén quixen explicar cómo a actividade agropecuaria, a máis definitoria do medio rural, mudaba na súa relación co medio e coas actividades antrópicas (Souto, 1984, 2003). Nesta ocasión quixera refacer algunhas interpretacións anteriores non só a

1 En homenaxe ao compañeiro de profesión e director do Instituto de Estudos Vigueses, Xerardo Sacau.

2 Quixera evitar as continuas referencias bibliográficas para axilizar a lectura. Por iso ao final do texto aparecerá unha escolma bibliográfica que foi utilizada para a confección deste traballo. En todo caso terei de colocar as mínimas notas necesarias para aclarar algún dato.

luz das estatísticas oficiais, senón tamén das percepcións e opinións dos veciños de Vigo<sup>3</sup>. Sobre todo cando os estudos oficiais sobre o territorio municipal de Vigo, como a memoria informativa do PXOM, subliñan que as estatísticas agrarias e forestais son moi febles<sup>4</sup>.

## INTRODUCION: COMO O ESPAZO RURAL DESAPARECE NA PEIRUBANIZACION DE VIGO

A través destes eixos quixen entender os conflitos de expansión da cidade sobre o medio do Val do Fragoso, onde permanecían unhas actividades que podíamos definir como rurais, pero que desde hai anos preferimos conceptuar como proceso periurbano. Estas interpretacións supoñían unha distinta valoración do medio; nun caso como espazo que se constrúe a cotío e que cando se transforma supón un cambio de vida; por outra como territorio que se quere ordenar para unha funcionalidade a longo prazo e a unha escala diferente á familiar ou parroquial. Pero ámbolos dous conceptos están sometidos ás regras de xogo do sistema social capitalista: o valor sagrado e incuestionable da propiedade privada. Este principio determina o uso e os conflitos no medio humanizado.

No primeiro caso o espazo é concibido como un modo de vida, que se integra na vida individual e colectiva: son as hortas que se coidan con agarimo, os recunchos das estradas onde están situados os comercios ou os bares, as prazas e lugares de reunión cos veciños. Pero é un espazo que se sabe que ten unha valoración económica, monetaria, na vida social. Por iso nas compras e vendas, ou nas expropiacións, un dos conflitos máis frecuentes reside na cuantificación do valor simbólico deste ben individual, construído física e mentalmente.

<sup>3</sup> Vou utilizar como referencia básica a reunión celebrada na Comunidade de Montes de Cabral o día 13 de agosto de 2010. Outras referencias son feitas a partir da experiencia no informe sobre o estudo da alternativa veciñal para o traxecto Rande-Puxeiros e para a Rolda de Vigo. Teño que agradecer as xestións de Eliseo Baluja, Enrique Estévez e Manuel Costas para procurar os necesarios contactos con institucións e persoas dirixentes no “rural de Vigo”.

<sup>4</sup> Non deixa de ser sorprendente que na memoria do PXOM fágase referencia a este feito, pois aseguran que os datos ou proceden de simples avaliacións que proceden das antigas Cámaras Agrarias, desaparecidas en 1994, ou ben estudos cartográficos sobre satélite nunha escala comarcal, pero non municipal (ver Consultora Galega: *Estudio do Medio Rural e modelo de asentamento poboacional*. Documento aprobado por Ordes de 16/05/2008 e 13/07/2009). Ou sexa, non existen datos relevantes que podan verificar o uso agrario e a súa evolución.

No segundo caso as liñas difusas e mentais do espazo transfórmanse en liñas xeométricas que definen unha propiedade. O valor ecolóxico, agrolóxico ou simbólico fican relegados pola primacía do valor monetario que adquire un terreo con expectativa de transformarse en solar. Cando esta valoración “obxectiva” imponse de maneira absoluta aparecen os sentimentos de “engano”, “estafa”, “impotencia” e “marxinación”. Uns sentimentos que son o alicerce de moitas xenreiras dos veciños das bisbarras de Vigo en relación cos cambios que se suceden no espazo agropecuario do Val do Fragoso.

Nesta ocasión quixera retomar a problemática do denominado “rural” de Vigo para colocar diante dos lectores un conxunto de datos estatísticos que podemos considerar obxectivos, unhas opinións cualitativas que expresan sentimentos e afectos subxectivos e unha interpretación conceptual que poda servir para adoptar unha determinada posición no debate público. En gran medida trátase dunha actualización dun estudo realizado nos anos noventa co gallo da adaptación do solo rústico á LASGA (Sou-to&Leboreiro, 1994).

A hipótese fundamental que recorre este artigo é a seguinte: “No proceso de periurbanización que se levou a cabo nas bisbarras de Vigo, o medio rural ficou marxinado”. Dita marxinación ten unha dobre faciana; por unha banda prohibese a comercialización directa de produtos gandeiros (p.e. o leite) e por outra desvalorízase os produtos agrarios (p.e. o prezo dos millo ou das verduras). En consecuencia o sector agropecuario é condenado a vivir a costas da esmola (axudas da Seguridade Social Agraria). Sen a funcionalidade económica básica o rural convértese nun lugar residencial da “reserva de man de obra para a cidade”, como xa explicaba A. Cominges no seu plan de urbanismo dos anos corenta do século XX. E o territorio agarda a súa transformación en relación directa coa súa produtividade inmobiliaria. Aparecen así os baldíos sociais, os terreos a monte, como xa explicara hai máis de vinte anos.

Este círculo pechado é moi difícil de modificar na súa situación global, pero hai posibilidades para mellorar a vida cotidiana e deste xeito implicar aos veciños na sustentabilidade do medio. Resulta hipócrita e dun cinismo evidente pedir a colaboración veciñal para destruír o sistema de vida que lles veu crecer e que determina a súa identidade espacial. Haberá que mostrar posibilidades de mellorar a súa calidade de vida sen renunciar aos alicerces da identidade. Isto é o reto deste artigo.

Para facilitar a lectura deste traballo vou organizar as partes do mesmo con preguntas básicas, que se relacionan con algunha conxectura ou hipótese explicativa, que son debedoras da principal e foi exposta hai unhas liñas. Isto significa que se non estamos de acordo coa fundamental vai ser difícil entender a argumentación exposta. Pero tamén haberá que subliñar que estar de acordo ou en desacordo supón saber manexar a dialéctica teórica e os argumentos empíricos. E este é o reto do lector.

#### ANTECEDENTES. ¿COMO SE CONFIGURA O MEDIO RURAL EN VIGO?

Os máis de cen quilómetros cadrados que se corresponden actualmente co municipio de Vigo é o resultado da suma de tres concellos (Bouzas, Lavadores e Vigo) e case vinte parroquias tradicionais, que se espallaban polo Val do Fragoso nos anos finais do século XIX e organizaban o espazo para que permitira abastecer ás bisbarras urbanas, en proceso de crecemento coa industrialización da pesca e do transporte marítimo.

O rural ata 1960 funcionaba basicamente como suministro agropecuario e a reserva de man de obra para a industria. A descrición topográfica de Nicolás Taboada no século XIX ou ben o plan de alineacións de Manuel Cominges nos anos corenta do século XX son algúns dos exemplos que permiten mostrar cál era o pensamento dominante sobre o medio rural na cidade de Vigo.

A aprobación da Lei do Solo no ano 1956 vai acompañada en Vigo da chegada dos técnicos e políticos do Ministerio de Vivenda, como Pedro Bidagor. O seu labor no planeamento implica a sectorización de zonas no municipio de Vigo: solo urbano, urbanizable (programado ou non) e non urbanizable. A maioría dos espazos rurais son considerados como “non urbanizables” e os que se consideran urbanizables necesitaban un planeamento parcial para poder construír.

Isto significa que a presión demográfica (o aumento da natalidade e do tamaño familiar e a inmigración de novas familias) vai ser canalizado a través da autoconstrución. Aparecen así os “palafitos” en terreo agropecuario, os baixos lóbregos, que da lugar a que nunha vivenda unifamiliar acaben vivindo dúas ou tres familias.

Vaise consolidando así a partir dos anos setenta do século XX un medio rural onde predomina o traballo simbiótico, a agricultura a tempo par-

cial. O proceso de transformación do medio rural en medio periurbano. Os problemas que aparecen nesta superficie municipal van ser mostrados na publicación do Informe sobre o periurbano, no ano 1979<sup>5</sup>.

O problema non resolto do ensarillamento do medio rural na expansión urbana de Vigo da lugar a unha concepción do non urbanizable como negativo e ás ilegalidades na construción. Xa nos anos sesenta do século XX temos constancia da preocupación da Comisión de Urbanismo polo control da construción no medio rural<sup>6</sup> e os estudos que temos realizado (Leboreiro e Souto, 1994) mostran a masiva construción fora do planeamento proxectado e executado. A figura 1 mostra a distribución na evolución de licencias de construción unifamiliar entre 1981 e 1991; así podemos comprobar que os números son moi inferiores aos que se rexistran nos censos de vivenda para o período intercensal. Así para a parroquia de Coruxo mentres que as licencias concedidas non chegaban a 60, a diferenza intercensal supera as 200 vivendas, situación que se repite no caso de Navia ou Cabral. Non obstante, a situación non era semellante no caso de Candeán ou Matamá, onde non se pode mostrar este desaxuste. Os estudos realizados pola arquitecto María A. Leboreiro (op. cit) subliña a mesma tendencia nos anos noventa do século pasado.

Os problemas de sectorización do termo municipal son diferentes según a proximidade á cidade central. Por unha banda está a ampla superficie de reserva urbana no Plan de 1971 para as zonas máis próximas<sup>7</sup> e pola outra a excepcionalidade de vivenda agropecuaria<sup>8</sup>. Nun caso aparece a imposibilidade de urbanizar a ampla zona de reserva urbana, pese


5 O estudo realízase baixo a dirección do arquitecto municipal José Luis Pereiro, quen promoveu un proceso de participación veciñal, convocando a numerosos axentes sociais do medio rural. O seu Informe sen validez xurídica foi recollido como traballo de campo polo Plan Xeral de Ordenación municipal que iniciou no ano 1981 o arquitecto José A. López Candeira

6 Na acta da sesión de 14 de xullo de 1965 faise referencia ao ditame da Comisión de Montes e Rural que sinala que desde os anos corenta existía un problema que se agravaba nos anos sesenta, como era a apropiación de propiedades municipais polos particulares. Isto era consecuencia da “falta de vigilancia”, que daba lugar a que se levantaran “construcciones definitivas” en solares que non eran propiedade dos que as edificaban.

7 Os cálculos realizados polo PXOU implicaban unha superficie de reserva urbana desde Cabo Estai ata Teis, circundando a superficie urbana consolidada. O total de hectáreas era de 2.570, ou sexa unha cuarta parte do total municipal. Para poder urbanizar esta parte necesitábase aprobar o planeamento secundario; é dicir, plans parciais. (Ver Pereiro, J.L. 1981; 162).

8 Ante o problema de construción no solo rústico o goberno local aproba en 1971 facer unha interpretación laxa dos criterios de vivenda agropecuaria, que era a excepcionalidade que permitía construír en espazos non urbanizables, ou sexa rústicos. Ademais en 1975 unha sentenza do Tribunal Supremo vai permitir transformar chan forestal en agropecuario (ver SOUTO, Xosé M., 1990; 411 e 477)

a constitución da asociación de propietarios promotores do rural<sup>9</sup>, e nou- tro caso ficaba o recurso á autoconstrucción e posterior legalización da edificación.



### COMO E POR QUE DESAPARECE O RURAL EN VIGO?

PRIMEIRA HIPOTESE: O PERIURBANO RURAL NON E AGROPECUARIO.

O medio periurbano é un espazo en transformación e, por tanto, en conflito. Isto sucedeu en diferentes lugares, non é orixinal de Vigo<sup>10</sup>. As superficies agrarias, así como a actividade vencellada a este tipo de pai-

9 Unha iniciativa impulsada en gran medida polo concelleiro Antonio Alonso

10 Así podémolo comprobar en Francia ou Bélxica: Tomamos como referencia: *Dossier à destination des professeurs de l'enseignement secondaire. La périurbanisation en Belgique: comprendre le processus de l'étalement urbain* Novembre 2002, Laurent. Université de Liège - Département de Géographie, Sart Tilman B11 (P12) n°2, Allée du 6 Août, B-4000, Liège. AA.VV. L'habitat periurbain, *Métropolis*, núms. 41-42, vol. V. Quero agradecer a axuda do profesor Raul Jorge Marques, de Lisboa, a axuda bibliográfica que me enviou para poder comparar a situación de Vigo con outros lugares.

saxe desaparecen ante a presión da urbanización, que transforma o valor de uso do chan en valor monetario ou especulativo. É algo ben coñecido na xeografía social alamána e que se conceptualiza como “baldío social”. É dicir, deixar as terras a monte esperando que chegue unha boa oferta para transformar o terreo en solar.

Os datos estatísticos indican que este proceso está moi ensarillado na dinámica da agricultura europea e máis en concreto na Política Agraria Común da Unión Europea e das subvencións a determinados cultivos. Isto significará que no vello continente a actividade agropecuaria vai estar sempre subvencionada e regulada polas institucións europeas. Para adaptarse a este novo marco, en España produciuse unha destrución da agricultura dos cativos propietarios que eran a súa vez comercializadores dos seus produtos. Tan só ten valor a agricultura que ofrezca produtos ás empresas distribuidoras (p.e. do leite, de carne, de cereais...).

Esta perda de rendibilidade para o mercado capitalista deu lugar a que moitos agricultores abandonaran a súa produción e que outros busquen refuxio na seguridade da protección social: as pensións agrarias. Prodúcese así un cambio que no caso da provincia de Pontevedra é ben evidente polo aumento do número de agricultores nos anos oitenta do século XX, como se mostra no cadro 1.

Tipo	1984	1985	1986	1987
Agraria conta propia	44.781	45.830	47.320	49.996
Agraria conta allea	3.358	3.429	3.530	3.832
Total de pensións provincia de Pontevedra	112.176	115.990	120.201	125.088

*Cadro 1. Pensións en vigor na provincia de Pontevedra*

*Fonte: Memorias da Tesourería Territorial da Seguridade Social de Vigo, Memorias de 1987 e 1988. Provincia de Pontevedra*

Isto significaba que algunha familias vivían do diñeiro suministrado polo Estado, dada a imposibilidade de comercializar os seus produtos. A pensión media agraria se situaba entre 27.748 ptas. (1987) e 27.689 ptas. (1988). No caso de Vigo a evolución é semellante: desaparecen as leiteiras que chega-

ban a primeira hora á cidade<sup>11</sup>, desaparece a comercialización do viño e do gando. A caída das cotizacións (en relación inversa a das pensións) mostra que a actividade agraria estaba en profunda crise (cadro 2)

Tipo	1985	1986	1987
Agraria conta propia	40.965	36.266	35.371
Agraria conta allea	2.455	2.447	2.295

*Cadro 2. Evolución das cotizacións*

*Fonte: Memorias da Tesourería Territorial da Seguridade Social de Vigo, Memorias de 1987 e 1988.*

Esta tendencia non fai máis que medrar nos anos finais do século XX e inicios do século XXI. Así a través dos datos da páxina web da Seguridade Social, para a provincia de Pontevedra, podemos observar o devecer continuo dos afiliados ao sector agrario (ver cadro 3). Por outra banda a estrutura do sector mostraba claramente o predominio da actividade agraria por conta propia, que era resultado da actividade marxinal das persoas maiores e das mulleres que o facían a tempo parcial, complementando así os ingresos familiares (cadro 4).

1999	14,6
2000	13,7
2001	12,8
2002	12,0
2003	11,6
2004	11,1
2005	10,3
2006	9,6

Ano	Conta allea	Conta propia
2000	1.419	11.889
2001	1.362	11.105
2002	1.356	10.394
2003	1.602	9.871
2004	1.438	9.295
2005	1.382	8.598

*Cadro 4. Datos de decembro de cada ano*

*Cadro 3. Afiliados ao sector agrario en milleiros*

<sup>11</sup> No imaxinario simbólico de Vigo ata os anos oitenta figuraba o “coche das leiteiras” como o inicio da xornada laboral.

A partir de 2006 os por “conta propia” pasan ao réxime de autónomos e xa non podemos facer este tipo de seguimento da poboación que administrativamente depende da Seguridade Social Agraria. Con todo, a evolución é ben significativa do que subliñamos na primeira hipótese: o proceso de transformación do medio rural en periurbano supón o abandono da actividade agropecuaria, que fica reducida a unha actividade marxinal.


As estatísticas agrarias deben ser utilizadas con sumo coidado, pois existen problemas de confección no censo agrario. Por iso o que utilizaremos serán as grandes tendencias. Así podemos observar que as parcelas agrarias (así tipificadas nos censos) baixan desde máis de 12.000 en 1972 á máis da metade en 1989. Ademais existe unha forte división das propiedades (media entre 5 e 6 parcelas por explotación), o que dificulta calquera intervención de ordenación do territorio en media ou gran escala. Por iso é necesario pensar o territorio desde o minifundismo e subdivisión parcelaria para poder actuar no mesmo.

En calquera caso, utilizando tamén as mesmas fontes oficiais teríamos que nos inicios do século XXI (censo de 1999) aínda existían máis de 2.500 explotacións agrarias con terras, cun tamaño cativo e subdivididas nunha media de cinco/seis parcelas por explotación. Unha actividade marxinal que aínda daba lugar a unha escasa comercialización agraria, como se pode comprobar no número de tarxetas de venda directa nos mercados vigueses nos anos finais dos oitenta (ver figura 2)

Con todo, a cuestión máis relevante é a seguinte: Quere o poder político local e as organizacións cívicas conservar esta sinal de identidade de Vigo? Quere manter un total mínimo dun milleiro de explotacións agrarias, ou sobre dez mil parcelas agrarias para poder explicar cómo se desenvolveu o rural de Vigo? A superficie agraria útil supera escasamente as 500 hectáreas (sobre 10% da superficie municipal) e será presa da urbanización descontrolada se non se actúa xa nestes primeiros decenios do século XXI.

Ante esta situación a pregunta é obvia: queremos conservar a paisaxe agropecuaria e a actividade familiar no Val do Fragoso? Forma parte do valor simbólico e vivencial a agricultura do Val do Fragoso para os veciños de Vigo? Interesa potenciar unha agricultura ecolóxica para o desenvolvemento sustentable como se ten realizado noutras áreas europeas?

NUMERO DE TARXETAS DE VENDA  
DIRECTA DOS PRODUCTOS AGRARIOS



A ESPECULACION INMOBILIARIA CHEGA AO PERIURBANO  
SEGUNDA HIPOTESE: A DIVERSIDADE DE SITUACIONS DETERMINA  
DIFERENTES ACTUACIONS

Non é posible avanzar na análise dos problemas do “rural” de Vigo se non somos quen de avaliar as diferenzas entre barrios, lugares e parroquias como consecuencia do proceso de periurbanización. Non é posible entender a organización periurbana do territorio sen explicar os procesos de transformación da propiedade inmobiliaria e os cambios de edificación que se teñen producido nas décadas finais do século XX e iniciais do século XXI.

O proceso de periurbanización significa que persoas e colectivos procedentes da cidade ocupan e mudan o uso das terras do rural. Ao mesmo tempo outros individuos resisten a este proceso (como sucede en calquera proceso de globalización). Os que chegan queren utilizar a terra como solar para uso residencial, en todo caso cun xardín. Os que quedan marginados queren seguir mantendo unha existencia das súas leiras que permita obter un mínimo beneficio non monetario: a calidade de vida. Isto provoca diferentes tendencias que se relacionan directamente co mercado inmobiliario e a expansión demográfica dos diferentes lugares.

En efecto, como mostramos no cadro 5, o crecemento demográfico foi desigual nas diferentes parroquias de Vigo nos anos finais do século XX e nos primeiros do século XXI. Algunhas como Alcabre, ou Cabral e Saiáns, medran cun ritmo moito máis positivo ca outras, como Beade ou Zamáns.

Parroquia	1986	1996	2004	Base 100 2004/ 1986
Alcabre	1191	2107	3112	261,2
Beade	6313	5489	5534	87,6
Cabral	5308	7737	7886	148,6
Oia	3698	3795	4031	109,1
Saiáns	779	1046	1072	137,6
Zamáns	724	748	810	111,9

*Cadro 5: Evolución demográfica parroquial.  
Fonte: Elaboración propia sobre datos dos Padróns municipais.*

Se mudamos de escala e facemos un estudo máis minucioso, nos barrios e lugares das parroquias, atopamos que este crecemento é consecuencia dunha demanda real de nova vivenda para as familias, pero noutros lugares é resultado da maior oferta de vivendas para fins mercantís. Así no cadro 6 podemos comprobar como nas parroquias de Valadares e Zamáns o incremento do número de fogares ou familias é superior ao rexistrado no caso das vivendas, o que supón que nalgunhas vivendas teñen que vivir máis de unha familia. Pola contra, como podemos observar no cadro 7 existen lugares en Coruxo e Oia onde a porcentaxe de vivendas secundarias é moi superior á que rexistran nas parroquias de Beade, Cabral, Valadares ou Zamáns. Isto significa que o litoral do Val de Frago so ten un comportamento demográfico e inmobiliario moi semellante ao que se rexistra no Val Miñor, cunha porcentaxe de vivendas baleiras e secundarias nos barrios e aldeas do litoral, onde o territorio urbanízase cunha finalidade residencial-turística. Pola contra aínda hai lugares, que cómpre identificar e delimitar que continúan a desempeñar un papel de núcleo de poboación cunha presión demográfica e á que haberá ofrecer unha resposta desde o planeamento.

Lugar	Vivenda 1981	Fogar 1981	V.2001	F.2010	% Viv	%Fogar
Barrocas (Valadares)	158	146	195	184	23,4	26,0
Freixo	68	58	119	114	75	96,5
Garrida	292	229	340	314	16,4	37,1
Sobreira	93	83	129	116	38,7	39,7
Igrexa Zamáns	48	37	52	52	8,3	40,5
Vilaverde	41	39	44	42	7,3	7,1

*Cadro 6: Evolución das familias e vivendas en certos lugares parroquiais.  
Fonte: Elaboración propia sobre Nomenclátore de Poboación e vivendas.*

Lugar	Viv.Total 2001	Secundarias	% secd/total
Garrida (Valadares)	340	17	5
Freixo (Valadares)	119	1	0,8
Babio (Beade)	36	405	8,9
Becerreira (Cabral)	250	2	0,8
Mide (Oia)	112	36	23,1
Silveira (Coruxo)	94	30	31,9
Vilaverde (Zamáns)	44	1	2,3

*Cadro 7: Porcentaxe de vivendas secundarias nalgúns lugares do Val de Fragoso.  
Fonte: Elaboración propia sobre Censo de Vivendas de 2001, I.N.E.*

Con estes cadros tan só quero mostrar as diversas situacións que existen no denominado rural de Vigo, así como a necesidade de estudar os datos en diferentes escalas. Así podemos comprobar que o litoral estase convertendo nun espazo de expansión turística residencial, como se pode comprobar no caso da illa de Toralla. Así nesta illa alcanzamos a porcen-

taxe do 69,8% de vivendas secundarias, pois son 120 vivendas secundarias sobre un total de 172.

En consecuencia, entendemos que para explicar a paisaxe dos asentamentos de Vigo, ou mellor da zona periurbana do Val do Fragoso, fai falta establecer un primeiro cadro analítico e logo analizar con coidado os datos estatísticos, cartográficos e fotográficos. A nosa hipótese principal subliña que a explicación da paisaxe e dos asentamentos de Galiza, e de Vigo en concreto, implica empregar tanto o concepto de hábitat, ou sexa a adaptación ás condicións xeofísicas do territorio, como as características do poboamento, isto é as transformacións das estratexias territoriais que teñen os galegos respecto ao territorio do seu contorno, consecuencia do proceso histórico, como sinalamos noutra ocasión (Souto, 1982). Pero, ademais, temos que salientar que o territorio do Val do Fragoso, como Galiza no seu conxunto, dista moito de ser homoxéneo, aínda que cara ao exterior ofrezca unha imaxe de múltiples células de poboamento no medio rural e pequenas vilas e cidades no denominado medio urbano. O cadro 8 resume as miñas posicións teóricas para interpretar os cambios e as permanencias nas paisaxes humanizadas das terras galegas e no caso concreto do Val do Fragoso.

	VALOR DE USO DO MEDIO XEOGRÁFICO	VALOR DE CAMBIO DO MEDIO XEOGRÁFICO
HABITAT	Os asentamentos ensaríllanse no medio ecoxeográfico. A presión demográfica determina a expansión.	A accesibilidade e a funcionalidade determinan a localización dos asentamentos e a súa expansión
POBOAMENTO	Os grupos de poder local ou da propiedade dos recursos determinan a concentración en certos núcleos.	O control dos recursos técnicos (automóbil, telecomunicacións) condicionan a estrutura do poboamento.
PAISAXE	Os asentamentos aparecen en harmonía co medio produtivo.	Aumenta o espallamento lineal e a dispersión absoluta das vivendas.

*Cadro 8: Evolución do medio segundo a valoración espacial.  
Fonte: Elaboración propia*

Entendemos que estas precisións teóricas, asumidas ou non polo lector, son necesarias e coherentes co actual marco de ordenación do territorio de Galiza. Necesarias para precisar as tendencias actuais do hábitat e o poboamento en espazos periurbanos, como o caso do Val do Frago, o que ten unha repercusión no planeamento legal. Un marco teórico que é moi coincidente co que manifesta a equipa redactor do PXOM na introdución ao sistema de asentamentos do medio rural, pero que logo desbota para o Val do Frago, como imos ver.

Para entender esta transformación necesitamos definir con precisión o marco teórico do proceso de periurbanización. Podemos entender que este proceso supón a “invasión” da cultura urbana (coas súas actividades e construcións) sobre a superficie antano ocupada polas terras de cultivo e polas edificacións máis baixas, sen rúas con beirarrúas e con infraestruturas do ciclo do auga sen rematar.

Resultado do anterior aparece unha paisaxe onde é posible atopar factores explicativos que se relacionan cos conceptos anteditos. Por unha banda, baixo a aparencia da paisaxe agraria tradicional aparecen unhas pautas de adaptación ao medio, que algúns xeógrafos tipificarán como “modos de vida rurais”, son os socalcos para evitar a erosión das vertentes, pero tamén a localización das aldeas e barrios a media ladeira para aproveitar as terras máis fértiles do fondo do val e dedicarlle ao espazo forestal as máis elevadas e climometricamente máis desfavorables. Algúns exemplos quedan nas parroquias de Beade, Coruxo, Valadares ou Zamáns, onde as vivendas están agrupadas e as terras agrarias espállanse pólo contorno.

Pola contra, temos a “fuxida” das denominadas clases medias ao campo, coa construción de urbanizacións ou chalés illados sen ter en conta as condicións ambientais, incluso utilizando materiais que non son propios do contorno paisaxístico. Aparece así unha clara oposición entre dous xeitos de pensar e utilizar os recursos ambientais: dar pulo ás características ecolóxicas do medio ou imposición dunhas determinadas pautas de organización social e económica que se imponen cun trasfondo ideolóxico territorial, para acochar as imposicións culturais duns colectivos sobre outros. O transporte privado permite vivir en zonas de densidades baixas e con independencia do lugar de traballo.

Esta transformación do rural tamén afecta ás zonas industriais. Os exemplos máis evidentes son as superficies empresariais de Sárdoma ou camiño do Caramuxo nun caso e os parques de Beade-Valadares e Co-

mesaña-Matamá noutro. Pensemos que as cantidades de metros cadrados utilizados para usos industriais e comerciais é grande, pois no caso dos parques empresariais citados e xestionados póla Zona Franca suman perto de dous millóns de metros cadrados, que xunto aos de Balaídos alcanzan un total de mais de 3.600.000 metros cadrados xestionados ou desenvolvidos pólo Consorcio de Zona Franca, o que supón un 3% do total municipal.

Para o Parque Tecnolóxico de Beade-Valadares (dun total de 939.197 m<sup>2</sup>) contamos cos datos facilitados polo Consorcio<sup>12</sup>, que indican que o total de parcelas compradas ou expropiadas foron case 2.000 (1.837 compradas e 144 expropiadas), cuns prezos de compra media de 18,03 euros/m<sup>2</sup> e de 21,04 €/m<sup>2</sup> no caso das expropiadas, prezo ratificado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, dous anos despois do fallo do xurado provincial. Resulta significativo que o tamaño da parcela media fora de 474,1 m<sup>2</sup>; ou sexa moi inferior á media de parcela cultivable das Rías Baixas e que permitiría a súa transformación en solar para uso agropecuario. Isto mostra a complexidade das grandes transformacións que se podan levar adiante no rural.

Un estudo que debería completarse coa descrición dos espazos comerciais, sanitarios (p.e. Meixoeiro) ou educativos (Universidade de Vigo). Todos estes espazos implican tamén a ocupación do terreo para novas infraestruturas (auga, enerxía, comunicacións e transporte). Como vemos o denominado rural está a ser transformado polas necesidades dunha poboación que na súa área de influencia alcanza o medio millón de habitantes. Así no espazo exterior á cidade de Vigo podemos atopar nunha distancia de mil metros imaxes de natureza (como o encoro de Zamáns, figura 3) xunto a outras onde a invasión inmobiliaria é perceptible (Universidade de Vigo, figura 4).

Unha diversidade que é ben coñecida polos veciños de Vigo, como se reflexa nestas palabras dun líder veciñal de San Miguel de Oia: Existe unha gran diversidade, pois incluso dentro das parroquias hai diferenzas; por exemplo entre os que queren construír e os que non poden edificar (diferentes intereses, diferentes perspectivas e definicións). Ademais o rural de Vigo é un gran descoñecido para o resto do municipio.<sup>13</sup>

<sup>12</sup> Agradecemos á Zona Franca de Vigo os datos facilitados.

<sup>13</sup> Palabras pronunciadas por Eloi, de San Miguel de Oia, na reunión do día 13 de agosto no local de Comunidade de Montes de Cabral.



*Figura 3: Encoro de Zamáns.*



*Figura 4: Obras na Universidade de Vigo.*

### TERCEIRA HIPOTESE

#### A DIFICULTADE DA PERIURBANIZACION PARA MANTER A SUSTENTABILIDADE ECOLOXICA

Un dos elementos fundamentais da contestación veciñal ao planeamento do PXOM da primeira década do século XXI consistiu a ausencia dunha avaliación ambiental do planeamento proxectado. Entendo que un dos problemas básicos do PXOM foi facer “tabula rasa” do planeamento que estaba en execución nos anos iniciais do século XXI. Partiu-se dun

principio falso, como era a ausencia de dinamismo do planeamento existente para desenvolver a cidade.

Os datos recollidos pola arquitecta María A. Leboreiro<sup>14</sup> subliñan que nos anos finais do século XX e iniciais do XXI apróbanse ata un total de 177 Estudos de Detalle e 40 modificacións puntuais do planeamento. Igualmente realízanse 53 proxectos de compensación por parte da iniciativa privada. Aínda máis, estaban aprobados nos primeiros anos do século XXI 115 proxectos de urbanización, que permitirían ordenar o crecemento espontáneo da expansión urbana.

Sen dúbida, a avaliación do planeamento realizado mostraba as dificultades de xestión no denominado rural de Vigo. Así se no período de desenvolvemento do Plan de 1993 vanse aprobar 21 Plans Especiais de Reforma Interior (PERI) fronte aos 9 Plans Especiais de Mellora do Medio, como consecuencia da especial complexidade da propiedade e morfoloxía inmobiliaria da superficie exterior á cidade de Vigo.

En calquera caso os datos evidenciaban que os problemas máis grandes de dinamismo residían nas zonas máis próximas á cidade central, onde só se tramitaran ata o inicio do século XXI un total de oito plans parciais e tres programas de actuación urbanística (PAU), se ben cunha cantidade moito máis relevante no que supoñía na construción urbana, pois entre eles estaba o PAU de Navia.

Entendo que aquí reside o conflito básico entre os redactores do PXOM, os impulsores do PXOM e os veciños que se opoñen á transformación urbana de todo o municipio de Vigo. As premisas teóricas non dan lugar a dúbidas nin problemas, pero cando se aplican os conceptos á realidade xorden os diferentes intereses. E para isto fai falla un amplo debate, con argumentos e sen aires de prepotencia.

A calquera lector atento sorpréndelle que o volume informativo titulado como Estudo do medio rural do municipio de Vigo conclúa que este non existe: “por máis que hoxe xa non se poida dicir que son parroquiais rurais” (páx. 270), “agás os núcleos de Zamáns e algúns afastados do monte de Coruxo eran inequivocamente, núcleos que non acaían esa de-

<sup>14</sup> A arquitecta María A. Leboreiro foi Directora da Subdelegación do Colexio de Arquitectos de Galicia en Vigo e traballos na adaptación do planeamento de Vigo á lei do Solo de Galiza. As referencias que facemos aos seus estudos están recollidas do informe presentado no Segundo Estudo estratéxico do Eixo Atlántico (Ourense, 2005).

finición” (páx. 271). A argumentación destas páxinas é concluínte: as modificacións morfolóxicas das vivendas e a natureza das actividades impiden definir como rural este espazo.

Gran parte das 61.000 alegacións presentadas contra o PXOM procedían precisamente do medio descalificado como rural. Por qué esas persoas sentíanse agraviadas polo PXOM e non querían as infraestruturas urbanas? Parece que a resposta máis axeitada a este interrogante procederá dunha posición diferente, como é a que teñen realizado os xeógrafos da percepción e do comportamento, escola que combina os métodos da antropoloxía e da xeografía.

Os veciños que pensan que o rural fica afastado. Hai un sentimento de identidade sobre os lugares onde viven, que non sempre é apreciado desde os poderes administrativos, pese a que recoñecen a súa relevancia; así non é estraño que se consideren de Cabral, Oia ou Valadares e non tanto de Vigo, pois este topónimo representa á cidade. Sen dúbida é un problema de avaliación negativa que habería que analizar con máis intensidade.

En relación á paisaxe que identifica aos veciños do rural habería que adoptar unha decisión sobre a conservación ou non dos espazos agropecuarios, tal como se fai noutros lugares. Por exemplo, nas Directrices de Ordenamento do Territorio do País Vasco<sup>15</sup> inciden nunha serie de aspectos que cómpre considerar para conservar o espazo agrario, unhas determinacións que afecta ao planeamento municipal. Así impón a necesidade dun inventario de solo agrario, para determinar o que debe ser preservado en función da súa valoración agrolóxica, ecolóxica, paisaxística e cultural. Pero xunto a esta protección tamén existe a prohibición de construción de vivendas illadas, pois determínase a súa construción nos núcleos rurais existente ou nos calificados para esta finalidade.

Algo semellante tratou de ser implantado en Vigo a través do Plan de 1993, se ben para os redactores do novo PXOM entenden que foi un erro. Critícase que son excesivos o número de núcleos delimitados como rurais, que cuantifica en case 200, así como o proceso de desenvolvemento, pois necesitaríase levar adiante procesos de urbanización con planeamento secundario, entre eles 55 plans especiais de mellora do medio, dos que están aprobados ata o momento 11. Por tanto a nosa discrepancia re-

15 VERGARA, A. -Dir.- (1997): *Directrices de Ordenación Territorial de la Comunidad Autónoma del País Vasco*. Gobierno Vasco. Departamento de Ordenación del Territorio, Vivienda y Medio Ambiente Vitoria-Gasteiz.

side na valoración do planeamento secundario, que para o actual equipo de redacción do planeamento resulta excesivo<sup>16</sup>.

Coincidimos, en cambio, co que se expón no PXOM en subliñar a forte relevancia da contaminación do manto hídrico, co que supón para a desaparición das fontes públicas e risco para os pozos, polo carácter de auga non potable. A contaminación por coliformes fecais e por nitratos evidencian a gravidade da situación, que se manifesta en que a metade das fontes públicas non son potables. Os factores explicativos son a inexistencia de rede de sumidoiros suficiente e un abuso do estrume químico nos labores agrarios, o que revela un uso agropecuario das terras.

En calquera caso a situación parece que está controlada pois Aqualia, a compañía de augas, non permite o abastecemento de auga se non existe tamén unha conexión coa rede de sumidoiros<sup>17</sup>. Isto significa que a situación do rural debe adaptarse ás novas condicións hixiénico e sanitarias do século XXI, por exemplo no uso de auga, pero esta situación non implica que se perda a definición de rural. Por exemplo, no medio rural existen regos e usos do auga que teñen unha fonda tradición. Un país, como o galego, non pode perder a identidade cun recurso que é un ben vital, a auga. Quixera precisar que a definición de rural non é só morfolóxica, senón un estilo de vida e unhas percepcións espaciais que non se poden esquecer. Por iso mesmo, o que cómpre é modernizar as infraestruturas para evitar que as innovacións técnicas (como o uso de estrumes químicos ou o maior uso de auga nas casas) de lugar á ruptura do equilibrio ecolóxico.

## A FALTA DE GOBERNANZA TERRITORIAL IMPLICA SENTIMENTOS DE MARXINACION

### CUARTA HIPOTESE: A EXPANSION PERIURBANA DA CIDADE DE VIGO SOBRE O RURAL DA LUGAR UN SENTIMIENTO DE AGRESION E MARXINACION

Existe un sentimento de “invasión” por parte dos veciños do rural, tal como si o poder político local municipal non representara os seus intereses. As reunións informais e formais que tiveron cos veciños do rural, en es-

16 Op. Cit., páx. 255

17 Parece que os sistemas informáticos permiten coñecer con precisión a existencia de anomalías neste sentido, polo menos iso manifesta a compañía (ver *Faro de Vigo*, 5 de setembro de 2010 sobre medio millar de vivendas que defraudaban a *Aqualia*)

pecial os que se organizan a través de asociacións manifestan este sentimento de rexeitamento polo xeito de ordenar o territorio<sup>18</sup>. Incluso chega a compararse esta situación coa do imperialismo ianqui: “a relación da cidade sobre o medio rural é como a do imperialismo ianqui sobre Iberoamérica”<sup>19</sup>. Vigo absorbeu ao rural e incorporouno ao sistema do capital especulativo. Pero fai falta identificar axentes sociais e instrumentos. Penso que fai falta argumentos e diálogo para construír un municipio que respecte as diferenzas simbólicas e de pensamento entre os veciños.

Este posicionamiento que resulta no sólo arriesgado por su planteamiento dentro de una actuación con pocos recursos materiales, es difícilmente comprensible ya que para la puesta en valor del rosetón resultaría necesario eliminar el retablo mayor y exigiría la invención y construcción de las piezas de fábrica que dieran forma al rosetón. Sin embargo no en-

18 Valle Pérez, José Carlos. *La restauración de la iglesia del monasterio de Oia*: En efecto , la limpieza de buena parte de las superficies interiores del templo ha permitido conocer con precisión sus características materiales, resultando especialmente notoria a este respecto la poca finura con que están construidas algunas zonas, primordialmente las bóvedas, síntoma inequívoco de que, como acontece en numerosas ocasiones en empresas pertenecientes a la Orden del Cister, debieron estar recubiertas desde un principio con un fino enlucido sobre el cual se pintaría falsas juntas.”

19 Al no existir sobre el revestimiento de cal ningún elemento de interés, este puede llegar a ser recuperado en su totalidad volviendo así el estado previo a la intervención como sucedió con la fachada principal que restaurada en 2004 por el equipo dirigido por los arquitectos Antonio Hernández Crespo y Hernesto Cid Sueiro y la restauradora Rosa Benavides García, detuvo el deterioro ocasionado por anteriores intervenciones.

20 Tomamos el término de la ponencia *Tui II O mobiliario litúrxico da Catedral de Tui, séculos XVII e XVIII* de Francisco Javier Novo Sánchez durante los cursos de verano *O plan director no Proxecto de Restauración 24-26 de Setembro.*: entendemos el conjunto de retablos coro órgano y demás elementos no como muebles si no como otras arquitecturas, que determinan y configuran el espacio




*Figura 15,16. Comparando la imagen del estado previo a la intervención (arriba) y su resultado posterior (abajo) podemos apreciar algunos de los cambios producidos como el desplazamiento del pulpito, la eliminación del coro bajo, la transformación del coro alto, la eliminación del órgano o la eliminación del encalado interior que fueron con la transformación de la cabecera, las intervenciones más importantes sobre el conjunto en el el siglo XX.*




*Figuras 17,18 y 19. Las imágenes de la transformación de la cabecera nos permiten entender la intervención llevada a cabo, de arriba abajo, estado previo, durante y después de la intervención.*

contramos ningún apunte en el proyecto para la resolución del mismo, lo que nos hace dudar todavía más de la intervención llevada a cabo, que aunque en algunos puntos nos acerca a la búsqueda de una depuración estilística y reorganización espacial de la obra de Pons Sorolla, no llega a tener el rigor documental de éste.


Un apunte final lo merece el resultado de la intervención en la cabecera, donde la desaparición de la traza del rosetón se entiende viendo la imagen de obra que acompaña el proyecto, en la que la alta disgregación de la fábrica impide reconocer la existencia del rosetón y la demostrada falta de recursos dificulta llevar a cabo la reconstrucción de la traza por anastilosis (figuras 17 a 20).



*Alzado Este s. XII*




*Alzado Este s. XVIII*



*Alzado Este s. XX*

*Figura 20. Evolución de la cabecera del templo del monasterio de Oia en los siglos XII, XVIII y XX de arriba abajo.*

Propuesta de Jose Luis Pérez Fernández: La propuesta de este arquitecto se corresponde con la primera de las presentadas por SAITE, promotora dependiente del Banco Pastor y que abre el camino para la revalorización del conjunto, para su paso a uso residencial hotelero.



*Figuras 21. La representación (de arriba abajo) del estado actual y las propuestas de primera y segunda ampliación del monasterio muestran el poco interés real por llevar a término la intervención, entendiéndose más bien como una declaración de intenciones.*

Presentada en junio de 1999 como anteproyecto en la Dirección Xeral de Patrimonio para su aprobación previa, la propuesta tanto formal como conceptualmente más cercana a pobres promociones inmobiliarias que a la intervención en un elemento del patrimonio histórico, muestra importantes carencias en lo que se refiere al análisis histórico y al estudio y representación de la edificación existente (figura 21), sin ningún tipo de reflexión teórica, imprescindible e ineludible en este tipo de intervenciones.

Propuesta de intervención Carlos y Jorge Meijide: Tras la primera de las propuestas llevada a cabo por la promotora SAITE, entendida como una declaración de intenciones, se encarga al estudio de arquitectos Carlos E. Meijide Calvo y Jorge V. Meijide Tomás la realización en el año 2000 del *Plan Director de Modificación de las N.N.S.S. vigentes y de protección del conjunto monasterial de Oia y su ampliación*, llevado a cabo en colaboración con el equipo de arqueólogos Javier Luaces Anca, M<sup>a</sup> Cristina Toscano Novella, y con la historiadora Carmen Manso Porto.

Acompañado esta vez de un estudio histórico-artístico, supuso un paso adelante con respecto a posiciones previas, dando la posibilidad de afrontar la realización de un anteproyecto para albergar el programa planteado con mayor seguridad.

La propuesta de los arquitectos parte de un planteamiento teórico desarrollado de en la memoria, lo que permite discernir las intenciones proyectuales del equipo director:

*“La historia del Monasterio de Santa María de Oía nos muestra una evolución arquitectónica casi continua desde el siglo XII (contando desde que se tiene documentación escrita) hasta la época actual, en la que se han ido compatibilizando adaptaciones funcionales a nuevos usos, o transformaciones de los existentes, con las emergentes corrientes artísticas. Una evolución constante que ha respondido en cada momento a las necesidades de ampliación del edificio.”<sup>21</sup>*

En ella, ante la necesidad de intervenir, se opta por la asunción de un modelo próximo a restauración científica en la que conservando la construcción existente, se amplía con una nueva arquitectura contemporánea claramente diferenciada en su forma y volumen, ocupando el resto del

final”

21 Carlos E. Meijide Calvo y Jorge V. Meijide Tomás. Plano Director de Modificación das NNSS vixentes e de protección do conxunto monacal e a súa ampliación. Archivo de la Dirección Xeral

edificio ya construido, donde se asumen todas las partes como integrantes de un conjunto edificado. De este modo queda perfectamente clara la nueva intervención y se establece un dialogo continuado que trata de seguir la lógica del edificio existente.


*“La nueva edificación surge, partiendo de sus naturales nexos, tanto físicos como fenomenológicos, del edificio histórico, extendiéndose por el terreno circundante y estableciendo una relación de interdependencia entre ambos, creciendo contra él y a favor de él. Una nueva arquitectura, una nueva ampliación, ésta vez en nuestro siglo e hija de su época. Nueva revitalización, o nueva rehabilitación si se nos permite el juego de palabras, que se añade, se acopla y crece partiendo del tejido anterior; siguiendo ésta vez, sus propias leyes y normas de crecimiento. Arquitectura actual que da respuesta a unas necesidades concretas que la instalación hotelera plantea y que propone, al fin y al cabo, la reutilización de una construcción que ya nació con esa vocación, alojar, habitar (ser habitada), dar cobijo.”<sup>22</sup>*

Del resultado final no se puede obviar la semejanza con intervenciones de Alejandro de la Sota, en la manera de enfrentarse a la obra construida en proyectos como el edificio de juzgados de Zaragoza o el proyecto para el concurso del Museo Provincial en el Palacio Episcopal de León (figura 22). Esta referencia llega a ser explícita en la memoria al incluir una cita de Alejandro de la Sota en la que se sintetiza su posicionamiento.


*“La obra a realizar no debe distorsionar el conjunto monumental donde se asienta, sino todo lo contrario, debe ser aprovechada para mejorarlo. Debe conservar aquello conservable y demoler cuidadosamente el resto para construir de nueva planta con un nuevo orden.”<sup>23</sup>*

A pesar de no llegar a materializarse, este proyecto nos permite tener una aproximación a la intervención que se va a llevar a cabo en cuanto al volumen necesario para albergar el programa previsto (figura 23).


*Propuesta de ampliación del  
Monasterio  
de Oia (C. y J. Mejide)*



*Propuesta de ampliación del  
edificio de los juzgados de Za-  
ragoza (A. Sota)*



*Propuesta de ampliación  
para el antiguo  
Palacio Episcopal de León  
(A. Sota)*



*Figuras 22. La actuación teóricamente cercana a las obras de Alejandro de la Sota sobre el patrimonio nos hace próxima la intervención. De arriba abajo propuesta sobre el monasterio de Oia, obra de la Sota para el edificio de los juzgados de Zaragoza y la propuesta para el antiguo Palacio Episcopal de León.*

- 1- HABITACIONES MONASTERIO
- 2- HABITACIONES CUERPO DE GUARDIA
- 3- CORREDOR SOBRE NAVE DE CELEBRACIONES
- 4- HABITACIONES NUEVA EDIFICACION
- 5- ACCESOS A NUEVA EDIFICACION Y A CUBIERTA TRANSITABLE SOBRE EL PATIO DE LOS NARANJOS
- 6- CUBIERTA TRANSITABLE SOBRE PATIO DE LOS NARANJOS
- 7- ACCESO SERVICIO - MERCANCIAS
- 8- PATIO DE LUZ
- 9- PATIO DEL RIO
- 10- TERRAZA
- 11- PISCINA
- 12- ACCESO PISTAS DE TENIS Y MIRADORES
- 13- MIRADOR
- 14- JARDIN
- 15- ACCESO A RECEPCION Y PATIO DE LOS NARANJOS
- 16- JARDIN DE PALMERAS
- 17- PERGOLA
- 18- JARDIN DE LOS LIMONEROS
- 19- INSTALACIONES DE TALASOTERAPIA (GIMNASIO).
- 20- GRAN LUCERNARIO
- 21- OFFICE




fig 1 Datación de los monasterios cistercienses de Galicia Valle Pérez, José Carlos. *La Arquitectura cisterciense en Galicia*. p.25

fig 2 Localización de los monasterios cistercienses en Galicia en los siglos XII y XIII. Valle Pérez, José Carlos. *La Arquitectura cisterciense en Galicia*. p.24

fig 3 A izquierda, planta baja del monasterio de Santa María de Oia en el siglo XII, elaboración propia\* y a derecha planta baja reflejada sobre el eje de la nave principal de la Abadía de Fontenay en el siglo XII, basado en plano de Eugène-Emmanuel Viollet-le-Duc *Dictionnaire raisonné de l'architecture française du XIe au XVIe siècle*. p. 274.

fig 4 Vista del claustro de la catedral de Tuy. Archivo propio.

fig 5 Vista del claustro de la Abadía de Fontenay. Archivo Accrochoc.

fig 6 Vista de la fachada de la excolegiata de Baiona 2007. Archivo propio.

fig 7 Vista de la fachada de la Abadía de Fontenay 2005. Archivo Marc Dupuy.

fig 8 Alzado Oeste del Monasterio de Oia, cabecera en el siglo XII. Alzado Este del Monasterio de Oia, portada en el siglo XII. Volumetría del Monasterio de Oia en el siglo XII. Planta baja del Monasterio de Oia en el siglo XII. Elaboración propia\*.

fig 9 Claustro procesional del Monasterio de Oia. Circa 1950. Archivo gráfico del Museo de Pontevedra, Caja 3.1.0 Oia (4) R°2066.

fig 10 Claustro del Monasterio de San Esteban de Ribas do Sil. Archivo propio.

fig 11 Claustro del Monasterio de San Clodio. Archivo propio.

fig 12 Alzado Oeste del Monasterio de Oia, cabecera en el siglo XVIII. Alzado Este del Monasterio de Oia, cabecera en el siglo XVIII. Volumetría del Monasterio de Oia en el siglo XVII. Planta baja en el siglo del Monasterio de Oia en el siglo XVII. Elaboración propia\*.

fig 13 Vista del Monasterio de Oia. Circa 1910. N. Jiménez foto.

fig 14 Vista del Monasterio de Oia. Circa 1940. Archivo gráfico del Museo de Pontevedra. Caja 3.1.0 Oia (2) R°20146

fig 15 Vista del coro alto del Monasterio de Oia 2007. Archivo propio.

fig 16 Vista del coro alto del Monasterio de Oia, data aproximada 1940. Leopoldo Torres Balbás, archivo gráfico del Museo de Pontevedra, Caja 2062.

fig 17 Vista del alzado Este del Monasterio de Oia, data aproximada 1980. Archivo gráfico del Museo de Pontevedra.

fig 18. Vista del alzado Este del Monasterio de Oia en el transcurso de la intervención de Arturo Conde Aldemira, 1981 Archivo de la Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Expediente 1984/027.

fig 19 Vista del alzado Este del Monasterio de Oia tras la intervención de Arturo Conde Aldemira, 1981 Archivo de Patrimonio. Expediente 1984/027.

fig 20 Intervenciones sobre la cabecera del Monasterio de Oia en los siglos XII, XVIII y XX. Elaboración propia\*.

fig 21 Estado actual, propuesta de primera ampliación y propuesta de segunda ampliación del monasterio de Oia. José Luis Pérez Fernández. Archivo de la Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Expediente 2000/293.

fig 22 De arriba abajo: propuesta de ampliación del Monasterio de Oia. Carlos E. Meijide Calvo y Jorge V. Meijide Tomás, esquema de planta baja del anteproyecto para el concurso de ideas del Museo Provincial en el Palacio Episcopal de León. Alejandro de la Sota Martínez y esquema de planta baja de la ampliación del edificio de juzgados de Zaragoza. Alejandro de la Sota Martínez. Elaboración propia\*.

fig 23 Volumetría y planta primera de la propuesta de ampliación del Monasterio de Oia. Propuesta de ampliación del Monasterio de Oia. Carlos E. Meijide Calvo y Jorge V. Meijide Tomás. Plano Director de Modificación das NNSS vixentes e de protección do conxunto monacal e a súa ampliación. Archivo de la Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Expediente 2000/293.

\*Planimetría base obtenida a partir de Franco Taboada, José Antonio. Monasterios y conventos de Galicia. Xunta de Galicia, 2002.

## BIBLIOGRAFÍA

- AVILA y LA CUEVA, Francisco. *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado 1852*, Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega 1995.
- BLANCO AREAN, Ramón. *Galicia historia e imagen*. Pontevedra 2. La Coruña. El autor 1979. pp. 167-168
- BLANCO AREAN, Ramón.: *Pontevedra arte y paisaje*. La Coruña. Ramón Blanco Areán 1979, pp. 107
- BONET CORREA, Antonio. *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*. Madrid. Servicio de Publicaciones CSIC 1984.
- CAAMAÑO MARTINEZ, Jesús M<sup>a</sup> “El Gótico en Galicia” *Goya* n<sup>o</sup>32 Madrid 1959, p. 80.
- CAAMAÑO MARTÍNEZ, Jesús María y CARRO GARCÍA, Jesús. *Contribución al Estudio del Gótico en Galicia (diócesis de Santiago)* Valladolid. Universidad de Valladolid. Secretariado de Publicaciones 1962.
- CASTRO FERNÁNDEZ, Belén María. *La restauración de la catedral de Tuy. Historicismo y conservación Siglos XIX y XX*. Sada, A Coruña. Edición do Castro 2003.
- CEGARRA, Basilio. “Gótico cisterciense”. *Guía da arte de Galicia*.Vigo. Galaxia 1992. pp. 245-246
- CENDÓN FERNADEZ, Marta. “Santa María de Oia”. *Monasticón Cisterciense Gallego*. Coordina YAÑEZ NEIRA, María Damián. León. Edilesa 2000.
- CHAMOSO LAMAS, Manuel; GONZALEZ VICTORIANO, Bernardo Regal, *Galice Romane*, La Sainte Marie de la Pierrequi-Vire (Yonne) : Zodiaque, 1973, p.42.
- CHUECA GOITIA, Fernando *Historia de la Arquitectura Española. Edad Antigua y Edad Moderna*. Madrid. Dossat 1965. p. 309.
- CONDE ALDEMIRA, Arturo. *Proyecto Básico y Ejecución de Restauración de la iglesia de Oya*. Archivo de la Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, carpeta 84.027.
- COSTAS GOBERNA, F.J.; NOVOA ALVAREZ, P. y SANROMAN VEIGA, J.: “Pedra Escrita Grabados rupestres en Santa M<sup>a</sup> de Oia Pontevedra”. *Castrelos*, 56. Vigo. Museo Municipal Quiñones de León 1996.

- COUSELO BOUZAS, José. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX Santiago de Compostela. Instituto Teológico Compostelan 2005. pp. 422*
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Manuel. “El monasterio de Santa Maria de Oya y sus maestros constructores”. *Cuadernos de estudios gallegos* nº11, Santiago de Compostela Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos 1956. pp. 219-228
- FERRÍN MARTÍNEZ, Roxelio. *Monxes Brancos e Colonizadores*. Revista Rio nº6 pp. 11-13.
- GARCÍA IGLESIAS “El Románico”. *Historia del Arte Gallego*, p.108, Madrid. Editorial Alhambra 1982.
- HERNÁNDEZ CRESPO, Antonio; CID SUEIRO, Hernesto; BENAVIDES GARCÍA, Rosa; et all. *Memoria de trabajos de restauración de la fachada de la iglesia del Monasterio de Santa María la Real de Oia*.
- HUMANES BUSTAMANTE, Alberto. *Intervenciones en el patrimonio arquitectónico (1980-1985)*. Madrid 1990. Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturales.
- LAMBERT, Elie. *El arte gótico en España. Siglos XII y XIII*, Madrid 1977. Cátedra. pp. 82-83.
- LAREDO VERDEJO, José Luis. *Galicia enteira 4*,Vigo. Edicios Xerais de Galicia 1931. p.105.
- LAREDO VERDEJO, José Luis. *Guía de Santiago y Rias Bajas*, Vigo Edicións Xerais de Galicia 1982. pp.161, 167,168.
- LARRUGA Eugenio. *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España, con inclusión de los reales decretos, órdenes, cédulas, aranceles y ordenanzas expedidas para su gobierno y fomento* tomo XLI. Madrid. Imprenta de Benito Cano 1798. p.4.
- LUACES ANCA, Javier y TOSCANO NOVELLA, M<sup>a</sup> Cristina. Informe inédito. “Informe/Memoria de sondeos arqueológicos en el monasterio de Oia” *Plan Director de modificación das NN.SS vixentes de de protección do conxunto monacal e a súa ampliación*. Archivo de la Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, carpeta 2000/293.

- MANRIQUE, Angelo, *Annales Cistercienses*, Volumen 3 Memmel, 1739. p.162.
- MANSO PORTO, Carmen. “El monasterio de Santa María la Real de Oia. Estudio histórico-artístico” *Cuadernos de estudios gallegos*, T. 49, N°. 115, pp. 251-306. Madrid. Servicio de Publicaciones CSIC 2002.
- MARTÍ GILABERT, Francisco, *La desamortización española*, Madrid. Rialp 2003.
- MEIJIDE CALVO, Carlos E. y MEIJIDE TOMÁS, Jorge V. *Plan Director de Modificación de las N.N.S.S. vigentes y de protección del conjunto monasterial de Oia y su ampliación*. Archivo de la Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, carpeta 2000.293
- MENDOZA, Andrés de “Relación de la Victoria que los monjes Bernardos de nuestra Señora de Oya tuvieron de cinco navíos de Turcos en 20 de Abril de 1624”. *Galicia Diplomática*, Año 4, n. 16 (21 abr. 1889) ; p. 126-128. — Año 4, n. 17 (28 abr, 1889). p. 132-133
- PANIAGUA LÓPEZ, María Luz Colección Diplomática del Monasterio de Santa María de Oya 1198-1248, Tesis de Licenciatura, Univ. De Santiago inédita 1967.
- PEREIRA MORALES, Ana María. “El Monasterio de Santa María de Oia: Intervenciones arquitectónicas del siglo XVIII.” *Quintana: revista de estudios do departamento de historia da Arte*. n°.2, 2003, pp.211-225.
- PÉREZ COSTANTI, Pablo. *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia e Administración Pública, Servicio Central de Publicacións 1988. Pp.81,81.
- PÉREZ FERNÁNDEZ, Jose Luis *Anteproyecto Edificio Residencial Hotelero en El Monasterio de Oia, Pontevedra*, Archivo de la Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, carpeta 2000.293.
- PORTELA SILVA, Ermelindo. *Explotaciones agrarias en manos de la Iglesia: El ejemplo de la región del obispado de Tuy en los siglos XII y XIII*. Liceo Franciscano, Santiago, num.79-81. dic.1974, pp.79-94.
- POUSADA VALLEJO, Rafael. *A desamortización de Mendizabal na provincia de Pontevedra, 1836-1844*. Pontevedra. Deputación Provincial, servicio de publicaciones 1993.
- RODRIGUEZ ABILLEIRA, Jaime y PINTOS PENA, *Santiago. Restauración da torre do Campanario da Igrexa Sta Mª de Oia*, Pontevedra marzo

2007. Archivo de la Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, carpeta 2007.088.
- SA BRAVO, Hipólito de, “40 Monasterios.de.Pontevedra”, *Cuadernos de Arte Gallego* Vigo,1966. pp. 10-12
- SANCHEZ BELDA, Luis. *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia : Catálogo de los conservados en la sección de Clero del Archivo Histórico Nacional* Madrid : Dirección General de Archivos y Bibliotecas, 1953.
- SANCHEZ CANTÓN, F.J. Un gran arquitecto del siglo XVIII.C.E.G, facsímil III. p.480.
- SANTISO, Aquilino. “El dominio del Obispo y Cabildo de Tui en A Guarda”. *Gallaecia*. Actas do Iº Congreso AGuarda Novembro 1988. pp 254,262.
- SARTHOU CARRERES, Carlos. Antiguos Monasterios Monumentales de Galicia, BSEE, LVII, 1953, pp.269-270.
- TORRES BALBAS, Leopoldo *Iglesias románicas españolas con bóvedas de cañón*, s.n. 1931
- TORRES BALBÁS, Leopoldo, *Monasterios cistercienses de Galicia* Santiago. s.n.1954
- TRONCOSO ALONSO, Angel L. *Santa María la Real e Imperial de Oia*. Vigo: A.L.Troncoso 1994.
- TRONCOSO, Angel L. *La Guardia, El Rosal y Oya*, La Guardia. Angel Luís Troncoso Alonso, 1979. pp 223-227.
- VALLE PÉREZ, Jose Carlos. “El Románico” *Imaxes da Arte en Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1991.
- VALLE PÉREZ, José Carlos. “La restauración de la iglesia del monasterio de Oia”. *Boletín del Museo de Castrelos*, nº0, 1987, pp.149-159.
- VALLE PÉREZ, José Carlos. *La arquitectura cisterciense en Galicia*. La Coruña.. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa 1982.
- VALLEJO POUSADA, Rafael. *A desamortización de Mendizaval na provincia de Pontevedra, 1836-1844*, Deputación Provincial, D.L.1993.
- YAÑEZ NEIRA, Damián, *El monasterio de Oia y sus Abades*. Pontevedra. Diputación Provincial, Patronato “José M Quadrado” 1974.



## As actividades agrarias no municipio de Vigo. Efectos do novo PXOM

*Por Marta Álvarez Pérez*

O presente artigo é un resumo do traballo de investigación que co título "As actividades agrarias no municipio de Vigo. Efectos do novo PXOM" foi presentado na Universidade de Córdoba no ano 2005 para a obtención do diploma de estudos avanzados e a suficiencia investigadora no programa de doutoramento "Agroecoloxía, Socioloxía e Desenvolvemento Rural Sustentable" do ISEC<sup>1</sup>. Os datos empregados no estudos corresponden, polo tanto, aos dispoñibles naquelas datas. Consideramos, porén, que este feito non resta interese á súa actual publicación, xa que, en liñas xerais, e exceptuando algúns datos de tipo cuantitativo manexados naquel entón e que na actualidade sería preciso actualizar, a perspectiva do traballo, así como o retrato do chamado rural ou semirural de Vigo que se recolle, e a súa ameaza continúan plenamente vixentes.

### INTRODUCION

A elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), e a súa posterior implementación, representan un dos momentos decisivos no desenvolvemento dunha cidade, posto que será a partir del que se

<sup>1</sup> Instituto de Sociología y Estudios Campesinos (pertencente á universidade de Córdoba).

marcarán as liñas básicas que deseñarán o seu futuro. É por isto que consideramos necesario estudar o contido do, naqueles momentos, novo proxecto para o ordenamento urbano de Vigo <sup>2</sup> e, en particular, facelo para un dos aspectos que considerabamos cruciais; o tratamento e posible afectación do que poderíamos definir coma o rural<sup>3</sup> de Vigo.

Esta necesidade partía da denuncia por parte dun importante movemento veciñal xurdido ao redor da oposición, inicialmente a unha das infraestruturas vertebradoras do novo plan xeral (a chamada Ronda de Vigo), e posteriormente ao PXOM no seu conxunto, advertindo que éste provocaría a destrución do rural vigués. A isto habíamos de sumar, ademais, un estudo da Universidade de Vigo sobre a sustentabilidade do PXOM que concluía que o incremento do 86% da superficie urbana de Vigo que este propuña, provocaría a destrución do 17% da superficie forestal, o 100% das carballeiras non fluviais, e do 60% dos solos produtivos existentes no municipio.

Este incremento da superficie urbanizada a nivel municipal (actividade altamente rendible para certos sectores<sup>4,5</sup>), a expensas da perda de solo produtivo, non ven máis que a reflectir unha tendencia a nivel mundial no mesmo sentido. Un avance imparabile da máquina urbanizadora<sup>6</sup> que nos levará (no caso de non ter chegado xa) a que, por primeira vez na historia, a poboación urbana do planeta supere á rural<sup>7</sup>.

Incrementábase a poboación urbana, multiplícanse as cidades, e súa expansión a megacidades cada vez máis extensas<sup>8</sup> acelérase. Unha tendencia que semella obviar os límites da súa propia existencia.

2 Aprobado definitivamente polas ordes 16/05/2008e 13/07/2009.

3 Non entraremos neste traballo a discutir a posible idoneidade do emprego deste termo. En todo caso facemos referencia ao territorio físico tamen denominado semirural ou periurbano vigués (Souto González, X.M. (1994). Vigo: proxecto e realidade do medio periurbano. Concellería de Planeamento Urbaístico. Concello de Vigo.) definido, segundo o noso interese, pola persistencia de prácticas agrogandeiras.

4 “Poucas cousas permiten gañar cartos tan rápido coma a especulación sobre o territorio”. Terrades, Jaume (2001). Ecología Urbana. Rubens editorial. Barcelona, p.77.

5 “O urbanismo en Vigo significa o triunfo dos intereses sociais dos grupos hexemónicos”. Vázquez Vicente, Xosé H. (2003). Vigo: economía e sociedade. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

6 Germinal, Ramón (2004). La Máquina Urbanizadora. Biblioteca Social Hermanos Quero. Granada.

7 Davis, Mike (2006). Planeta de Ciudades Miseria. Foca, ediciones y distribuciones generales, s.l. Madrid.

8 Estas megacidades atopámolas fundamentalmente no chamado terceiro mundo. A unha escala máis reducida, o intento de creación da chamada área metropolitana de Vigo, apuntaría nesta dirección.

As cidades son sistemas altamente disipativos, que bombeian continuamente enerxía dende o medio que as rodea para manter os seus altos niveis de orde interna, liberando parte da mesma en formas de enerxía non aproveitables como a calor<sup>9</sup>. Ao mesmo tempo, consomen inxentes cantidades de recursos materiais que, unha vez procesados no seu interior, son devoltos ao medio en forma de residuos. Deste xeito, as cidades aprópiáanse non só do territorio sobre o que se asentan, senón que ocupan unha superficie moito maior, en forma de aquelas áreas de terreo ecolóxicamente produtivo necesario para producir todos os recursos que debe consumir, e assimilar os residuos que xenera. Esta apropiación de superficie bioprodutiva, téntase medir, a diferentes niveis (per cápita, por cidade, etc.) coa ferramenta da “pegada ecolóxica”<sup>10</sup>. Algúns estudos apuntan a que a pegada ecolóxica promedio dun habitante do estado español sería de 6,4 hectáreas anuais en 2005<sup>11</sup>.

Esta tendencia urbanizadora determina, ademáis, unha radical especialización do territorio, establecéndose unha divisón clara entre os territorios que poden cumprir unha función productora (enclavados xeralmente nas zonas do “sur” do planeta ou nas áreas máis marxinais dentro do “norte”), e aqueles puramente consumidores. Unha situación que, deixando de banda nestes momentos outros aspectos, leva a unha dependencia absoluta destes territorios, desprovistos da súa capacidade produtiva, do mercado agroalimentario global.

Neste contexto, a posible multiplicación da superficie urbana de Vigo, que tal e como se denunciaba, representaría o novo PXOM, resultaba especialmente alarmante na súa dobre dimensión, de, por unha banda, orientación cara á construción dunha cidade de cada vez maiores dimensións, con todo o que isto representa<sup>12</sup>, ao tempo que provocaría a perda dunha importante cantidade de solo altamente produtivo<sup>13</sup>, con

9 Terrades, Jaume (2001). *Ecología Urbana*. Rubens editorial. Barcelona.

10 Ferramenta que conta con importantes limitacións para o seu cálculo, pero tamen con críticas conceptuais (Pérez Neira, David (2004). *La economía y la dependencia de los ecosistemas: la huella ecológica*. Córdoba. Trabajo para la obtención de la Suficiencia Investigadora. Inédito), pero que empregamos para evidenciar o importante impacto que as cidades causan máis aló dos seus límites.

11 Medio Ambiente, Medio Rural y Marino (2007). *Huella Ecológica en España en Sostenibilidad y Territorio*.

12 Implicacións que, dende logo, van moito máis aló no ambiental dos breves apuntamentos anteriormente expostos, pero que afectarían tamén no cultural e social.

13 O solo fértil é actualmente un recurso altamente escaso, considerando a FAO no ano 2004 que a súa taxa de perda era entre 13 e 80 veces superior á de formación. FAO (2004). *La biodiversidad al servicio de la alimentación y la alimnetación al servicio d ella biodiversidad*.

todo o acervo cultural, redes sociais e autonomía asociados á súa existencia e aproveitamento.

Os obxectivos do noso traballo dirixíanse, polo tanto, en primeiro lugar, ao estudo e realización dunha primeira aproximación caracterizadora do chamado rural vigués, centrándonos fundamentalmente nas actividades productivas agrogandeiras que nel se desenvolven, tentando analizar a súa dimensión, as motivacións do seu mantemento, e as repercusións, especialmente no social, da súa existencia. E, xunto a isto, estudar, en segundo lugar, o tratamento que no PXOM se da a estes territorios e a visibilidade da súa pervivencia en función dos planamentos urbanísticos deseñados<sup>14</sup>.

## AS ACTIVIDADES AGRARIAS NO MUNICIPIO DE VIGO

Aínda sendo a principal cidade de Galiza, Vigo conserva unha importante porcentaxe do seu territorio destinada ás actividades agrarias. No documento de estudo empregado para a elaboración do último Plan Xeral de Ordenación Municipal da cidade, aprobado no 2009, recollíase que a superficie agrícola útil en Vigo representaba arredor do 31% da superficie municipal total. Estes datos eran os proporcionados polo Anuario de Estatística Agraria da Xunta do ano 97, procedentes, á súa vez, dos últimos estudos realizados polas Cámaras Agrarias Municipais no ano 1995<sup>15</sup>.

Esta superficie cultivada non está, coma cabe supoñer, uniformemente distribuída ao longo do municipio, senón que se concentra naquelas parroquias que poderíamos considerar que conforman o rural e semirural (ou periurbano) de Vigo. Superpoñendo o mapa de usos do solo do documento do PXOM xa mencionado, sobre a distribución parroquial de Vigo, podemos aprecialo claramente (Fig. 1).

14 Neste resumo, centrarémonos basicamente en expoñer os resultados referentes á primeira parte do traballo, xa que contén un pequeno traballo de investigación inédito, mentres que os contidos do PXOM están dispoñibles para toda aquela persoa que os desexa consultar.

15 No Anuario publicado correspondente ó ano 2004, a S.A.U. (que, lembremos, comprende unicamente as terras labradas e pastos permanentes) reducírase a un 15% da superficie total de Vigo. De ser cohercta esta diminución (deberíase contrastar a metodoloxía empregada para un e outro cálculo), non deixa de ser unha porcentaxe de superficie realmente importante. En todo caso, os datos do Anuario do 97 foron os empregados na redacción do propio PXOM.

Así, vemos como nas parroquias máis afastadas do centro urbano do municipio é onde os cultivos anuais e viñedos ocupan a maioría do terreo, xunto cos usos forestais (isto en parte determinado pola orografía do municipio, que conta cun cordón montañoso perimetral no que se acadan pendentes incluso maiores ó 40%). Porén, podemos observar tamén como tódalas parroquias situadas no primeiro cinturón que rodea o núcleo urbano teñen o seu solo maioritariamente clasificado coma “Urbanización Agrícola Difusa”, o que indica igualmente a presenza de actividades agrarias, aínda que neste caso éstas non representan o uso principal do solo.




Fig.1. Mapa de distribución parroquial dos usos do solo (extraído a partir do documento do PXOM de Vigo).

Neste contexto formulámonos levar a cabo unha serie de enquisas que nos permitisen coñecer de primeira man, por parte das persoas ou núcleos de convivencia que mantiñan vivas prácticas agrogandeiras neste territorio, algunhas das características destas explotacións, basicamente no referente ao destino da produción, o nivel de abastecemento que poderían chegar a proporcionar, e a motivación para o seu mantemento. Ademais disto, incluimos por suposto tamén algunhas cuestións máis obxectivas, necesarias para comprender o territorio no que estamos a levar a cabo o noso estudo, como eran o tamaño e modalidade de tenencia das explotacións, os produtos cultivados e/ou animais criados, e o tipo de manexo empregado nas explotacións. Xunto a esta información, contabamos tamén coa proporcionado polos Anuarios e Censos de Estatística Agraria<sup>16</sup>.

Realizamos algo máis dun cento de enquisas (120) de resposta pechada<sup>17</sup>, das que resultaron realmente válidas para o seu tratamento e interpretación un total de 83. A metade delas (40) foron realizadas en parroquias da denominada segunda coroa de Vigo (Beade, Bembrive, Cabral, Coruxo, San Miguel de Oia e Valadares) e as restantes (43) na primeira coroa (Comesaña, Lavadores, Matamá, Sárdoma, Teis) e unha delas en Sampaio, zona considerada “cidade compacta”.

As enquisas foron realizadas, na súa maioría, de xeito directo na porta de establecementos de venda de produtos relacionados co agro (as chamadas “coopertivas”, aínda que moitas delas non conservan xa esta figura xurídica) á súa clientela. As restantes foron distribuídas, por colaboradoras/es, a terceiras persoas (decoñecidas para a enquisadora) pertencentes ao universo de estudo. Este universo de estudo, do que tomamos a nosa mostra, estaba formado por todas aquelas persoas do municipio de Vigo que adicasen parte do seu tempo a tarefas agrogandeiras dentro do propio termo municipal, en terreos da súa propiedade ou alleos.

Se ben somos plenamente conscientes de que traballamos cunha mostra estatisticamente pouco representativa do universo mostral ao que nos

16 Anuario de Estatística Agraria da Xunta de Galicia (1995) e Censo Agrario del Instituto Nacional de Estadística de España (1999). Contamos tamén co estudo de superficies ocupadas polos cultivos agrícolas, realizado pola Cámara Agraria de Vigo no ano 1995. Éste foi o último informe realizado pola cámara vigesa antes da súa desaparición. Estes informes eran moito máis exhaustivos e fiables, xa que as enquisas non eran enviadas ás explotacións solicitando ser devoltas unha vez cubertas, senón que eran realizadas polos delegados da cámara, persoalmente, a cada casa da parroquia.

17 As preguntas son acompañadas de diferentes posibles respostas para que a persoa que cobre a enquisa elixa entre elas.

queremos referir, por limitacións tanto de tempo como de medios, consideramos que como unha primeira aproximación, e con carácter explorativo, podemos obter uns resultados útiles, xa que, cando menos, poderemos observar tendencias que poderán ser estudias en maior profundidade en traballos posteriores.

Introducíndonos xa nos resultados obtidos, podemos dicir que o noso estudo confirmou a premisa inicial de que as actividades agrogandeiras existentes no municipio de Vigo están orientadas fundamentalmente ao autoconsumo e, en xeral, realízanse en terras de propiedade<sup>18</sup>, en parcelas de reducida superficie, como é característico na zona das Rías Baixas. En particular, nas enquisas realizadas atopamos que o 92% das fincas traballadas teñen un tamaño inferior aos 3000m<sup>2</sup>, sendo na súa maioría (56%) menores de 1000 m<sup>2</sup> (delas, practicamente a metade teñen unha superficie de entre 50 e 500m<sup>2</sup>, xa que só contamos cun caso de superficie cultivada menor aos 50m<sup>2</sup>, e as restantes entre os 500 e os 1000m<sup>2</sup>). Tal e como se recolle no propio documento do PXOM, “estas parcelas son, xeralmente, longas e estreitas, e atópanse agrupadas en pequenos conxuntos, dispóndose de forma perpendicular á rede de camiños”<sup>19</sup>. Isto determina unha paisaxe inzada de valados e sebes, que crean unha gran complexidade paisaxística, ademais de actuar coma importantes reservorios de biodiversidade<sup>20 21</sup>(Fig. 2).

Atendendo ao Anuario de Estatística Agraria, o cultivo máis importante en superficie no noso municipio, segundo os datos dispoñibles correspondentes ao ano 95, era o millo, cunha ocupación do 58% da S.A.U. No entanto, este cultivo estaba normalmente combinado con xudía seca, que

18 Este ítem foi respostado só en 66 das 83 enquisas consideradas. En 54 delas a terra era de propiedade, en 7 casos combinábase o traballo entre fincas propias e alleas, e en 5 dos casos as terras traballadas eran alleas.

19 Extraído do documento do PXOM.

20 Alguns dos valores ambientais e a transcendencia ecolóxicas das sebes na paisaxe galega aparecen recollidas en Pérez Moreira, R., (2003). Concentración parcelaria e Medio Ambiente. A Concentración parcelaria en Galicia, Cadernos da Área de Ciencias Agrarias, nº16, Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela (124-192).

21 A biodiversidade que sustentan os agroecosistemas (concepto claramente diferente ao de plantación agroindustrial) é moi elevada, tamén no noso municipio. Segundo un traballo realizado para o municipio de Vigo no ano 95, e empregado na propia redacción do PXOM, o 36% dos anfibios, o 69% dos réptiles, 82% dos mamíferos e 72% das aves censadas no noso municipio dependen, en maior ou menor medida, da existencia de cultivos e prados (5 das especies de mamíferos e 8 das de aves aparecen exclusivamente en estos biotopos). López Márquez, Gonzalo (1995). Estratexia para a conservación da natureza no concello de Vigo. Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.



*Fig. 2. Exemplo da complexidade paisaxística do “rural” vigués. Fotografía tomada na parroquia de Bembrive.*

aparecía como o principal cultivo asociado<sup>22</sup> tanto en secano coma en regadío (e presumimos que na maioría dos casos, asociados tamén a algún cultivo rastreiro coma cabazas ou cidras), e substituído, en ocupacións posteriores, pola chamada “herba castellana” (*Lolium rigidum*). Ponse así de relevo, como o policultivo, tanto espacial coma temporal, é un dos rasgos das actividades agrarias no municipio e que se mantén na actualidade.

Os seguintes cultivos en importancia serían a vide (13% sa S.A.U.), a pataca para consumo humano (11%), e as hortalizas (7%). Atendendo ao caso da pataca, por exemplo, se consideramos un rendemento medio de 10 t/ha teríamos unha produción de 3480 t ao ano, que, tendo en conta o consumo promedio anual no noroeste do estado de 63.3Kg/persona, resultaría na capacidade de abastecer a unhas cinco mil seiscentas persoas.

Posiblemente esta situación teña mudado na actualidade, cando menos no referente á gran importancia do millo. Deste xeito, nas nosas enquisas atopamos que aínda que no 85.5% dos casos existe cría de gando aviar, só en 31 deles se mantiña o cultivo de millo. O cultivo da pataca si que

<sup>22</sup> Os antigos censos das Cámaras Agrarias ofrecían unha información moi detallada.

continua plenamente vixente, cun 78% dos casos nos que se declarou realizalo, así como as hortalizas, que son o cultivo dominante, presente na práctica totalidade (95%) dos casos enquisados, e preferenta á hora de distribuir o emprego da terra, principalmente naqueles casos nos que a superficie dispoñible é moi reducida.

É interesante destacar que en máis do 60% dos casos se manteñen parte das terras de cultivo dispoñibles destinadas a pasto, ou ao cultivo dalgun outro tipo de forraxe. Do mesmo xeito, a presenza de árbores froiteiras é tamén unha característica habitual deste tipo de explotacións (máis do 60% dos casos teñen froiteiras).

En canto ao grao de mecanización nas explotacións, podemos considerar, en base ao Censo do ano 99, que é baixo, atopándonos basicamente maquinaria pequena, de pouca potencia, destinada principalmente ao traballo da terra e ao transporte (motocultores, motoazadas, tractores, etc.). No noso caso non incluímos cuestións relacionadas con este aspecto na nosa investigación.

En relación ao manexo da terra, o abonado con esterco continúa a ser a forma predominante de achega de nutrientes, aínda que nunha porcentaxe (51%) que amosa unha tendencia ao abandono da fonte principal de fertilidade para o solo galego; o monte<sup>23</sup>. Pero ademais de achegar nutrientes, e polo tanto contribuír ao incremento da dimensión química da fertilidade (relacionada coa capacidade de intercambio catiónico, contido de sales, etc.) o esterco contribúe tamén á mellora da fertilidade na súa dimensión física, posto que é un mellorante da estrutura do solo, e biolóxica, dependente da actividade da flora e fauna edáficas, e polo tanto da composición e estado da materia orgánica do solo.

O aporte dos residuos orgánicos xerados nas vivendas, tamén é importante, empregándose coma única achega de nutrientes, ou en combinación co esterco. En total, no 37% das unidades estudadas, o emprego coma abono é unha das saídas dos residuos orgánicos caseiros. O emprego de fertilizantes químicos (fundamentalmente N:P:K) está tamén presente, nun 27% dos casos, normalmente ligado os cultivos de pataca e verdura, e só en tres casos se emprega coma fonte exclusiva de nutrientes. E, finalmente, destacar o caso

23 O esterco é unha mestura das “camas” dos animais coas súas feces, que sufriu fermentacións máis ou menos avanzadas primeiro na corte e logo na esterqueira (Labrador e Guiberteau, 1991) (traducido). Estas camas estan formadas polo material vexetal (toxo, fento, e monte baixo en xeral) recollido no monte.

de dúas das 14 enquisas recollidas en San Miguel de Oia, e unha das cinco de Coruxo, nas que se pon de manifesto tamén o emprego de argazo<sup>24</sup> no abonado, unha práctica que era habitual nas leiras da costa viguesa.

Estamos polo tanto ante unha actividade que actúa como importante reciclador de residuos sólidos orgánicos domésticos, que deste xeito non se suman aos xa importantes volumes de lixo producidos a nivel municipal. Pero ao tempo, contribúe tamén á conservación do monte, asegurando a retirada de material altamente combustible no caso de incendios. Ademais disto, o resultado final, coa achega de todo este material ás leiras cultivadas, é a contribución ao mantemento e mellora da fertilidade do solo, un recurso, como apuntamos na introdución, xa escaso nos nosos días. Mellora da fertilidade, pero tamén estrutura, elemento clave tamén, xunto á presenza de cobertura vexetal propia destes sistemas, para correcto funcionamento do ciclo hidrolóxico (reducese a escorrentía, favorécese a infiltración e acumulación de auga, etc.)

O punto anterior pon xa de relevo xa a estreita ligazón entre as actividades agrarias e a cría de animais. E, de feito, no 85% das nosas enquisas o cultivo da terra estaba acompañado da cría de galiñas, e no 65% dos casos ademais das galiñas criábase algún outro animal, maioritariamente coellos. Só en 29 dos 83 casos se mantiña a cría de porco, e en 4 de gando bovino. Porén, en trece dos casos existía cría de ovellas e/ou cabras. É interesante destacar que os propietarios das cooperativas onde realizamos as enquisas nos puxeron de manifesto a existencia, nos últimos dous anos aproximadamente<sup>25</sup>, dun notorio descenso na compra de polos e galiñas para cría. Isto é debido á nova lexislación imposta logo da chamada crise da gripe aviaria, que obriga aos establecementos vendedores a ter unha ficha cos datos de toda aquela persoa que adquira aves de curral. A obrigatoriedade destas fichas xustifícase alegando a necesidade de controlar o destino dos animais no caso dun futuro rebrote da enfermidade, pero a desconfianza ante que a posibilidade de que este censo sexa empregado con outros fins, como os sancionadores, levou a que se abandone a cría ou se substitúa por outros animais antes de cumprir con esta obriga. Esta situación se nos relatou que tamén foi experimentada nos últimos tempos co caso do porco, onde as vendas e a súa cría descendieron espectacularmente, debido, certo é, a varios factores, pero entre eles á presión administrativa, sendo substituído nalgúns casos pola cría de gando cabrún.

<sup>24</sup> Algas recollidas directamente da praia.

<sup>25</sup> Non esquezamos que este estudos foi realizado no ano 2005.

A produción animal, así como a hortícola, teñen como destino, tal e como apuntabamos no inicio do texto, o autoabastecemento da unidade familiar<sup>26</sup>, atopándonos polo tanto ante unha agricultura de autoconsumo e mantida por dedicación a tempo parcial. Porén, sí é certo que nalgúns casos unha parte da produción, fundamentalmente excedentes, pode ir destinada á venda, aínda que nós só atopamos esta práctica en sete das enquisas realizadas. Nestes casos, a venda prodúcese directamente ás persoas consumidoras, ou ben en tendas de barrio (1 caso) ou no mercado de abastos<sup>27</sup> (1 caso). De calqueira xeito, sempre a través circuitos externos ás canles dominantes no mercado agroalimentario actual. A presión administrativa está presente igualmente, forzando a súa desaparición, situación que é palpable fundamentalmente no caso da venda de ovos en tendas de barrio, feiras, ou semellantes, por parte de particulares con excedentes, xa que, alegando controis sanitarios, esta é prohibida. Márcanse unhas esixencias en instalacións só acadables polas grandes empresas criadoras, de xeito que finalmente só poden ser vendidos como ovos de curral aqueles que realmente xa non o son. E, en todo caso, os controis sanitarios tan estritos para o caso da manipulación do ovo, non son tidos en conta en absoluto á hora de garantir a saudable alimentación e estado das galiñas nestas empresas criadoras. Esta situación foi denunciada con indignación por algunha das persoas entrevistadas.

Non podemos esquecer tampouco, que, en moitos casos, os excedentes non son vendidos, senón regalados a familiares e veciñas/o, que á súa vez corresponden cos propios, contribuíndose deste xeito á creación e afianzamento das redes sociais existentes en barrios e parroquias.

Respecto aos niveis de autoabastecemento alimentario que se acada coa produción propia nas hortas viguesas, só cabe dicir que nos atopamos ante uns resultados realmente sorprendentes, xa que estamos ante uns niveis moi considerables, ou, cando menos, esta é a percepción que teñen as unidades familiares enquisadas. Ante a nosa pregunta de cal é a porcentaxe que a produción propia representaba respecto ao seu consu-

26 Entendendo coma tal o núcleo habitacional que funciona de maneira colectiva coma unidade de produción e consumo, independentemente dos seu lazos de parentesco.

27 No Mercado de O Progreso de Vigo existe un espazo reservado (aínda que claramente discriminado) para a venda de produtos agrícolas por parte de agricultoras/es do municipio. A razón é que a propiedade do terreo cedido ó Concello para construír no seu momento o Mercado, impuxo coma condición da cesión que as/os agricultoras/es do municipio puidesen dispor alí dun espazo gratuito no que vender os seus produtos (comunicación persoal do Sr. Ledo, da Cooperativa de Agricultores de O Calvario).

mo anual de froitas e verduras, e carne e ovos (nos casos que existía cría de animais), o 70% das familias enquisadas considerou que o 50% ou máis do seu consumo era cuberto pola produción propia (Fig 3.).




Fig. 3. Porcentaxe de casos nos que a produción propia cobre o 50% ou máis (gris escuro) ou menos do 50% (gris claro) do consumo anual de froitas e verduras e carne e ovos, respectivamente.

O feito de traballar cunha valoración anual impídenos coñecer as variacións estacionais existentes. Aínda así, en moitas das enquisas realizadas persoalmente, informábasenos de que no verán a produción propia chega acubrir perto do consumo familiar total, fundamentalmente no referente a froitas e verduras. Porén, no inverno existe un descenso acusado na capacidade de autoabastecemento, que leva á caída do promedio anual. En todo caso, sendo froitas e verduras un dos compoñentes básicos e esenciais en calquera tipo de dieta humana, acadar niveis de autoabastecemento de ata a metade (e nalgúns casos tres cuartas partes) do consumo total, nunha agricultura realizada, non o esquezamos, a tempo parcial, é un dato moi relevante, especialmente á hora de valorar a posible perda desta actividade.

Consideramos interesante destacar, quizais como curiosidade, que os casos nos que se nos manifestaron uns niveis de autoabastecemento máis altos, próximos ao cen por cen do consumo total, non se atopaban só en parroquias consideradas máis rurais, coma Coruxo, Cabral ou Beade, senón tamén naquelas máis próximas ao núcleo urbano, como Sárdoma e Lavadores.

No caso dos produtos de orixe animal os niveis de abastecemento a partir da produción propia son tamén moi elevados, sendo, para o caso dos ovos próximo ao 100% na maioría dos casos. Considerando ovos e carne en conxunto, o 18% das unidades sometidas á nosa enquisa só consumen o procedente da súa explotación.

Pero, a pesar de todo isto, non é a redución de gastos a principal motivación que leva ás veciñas e veciños do periurbano vigués a manter a súa actividade agraria, senón o feito de controlar a propia alimentación, é dicir, por “saber qué se come”<sup>28</sup>. Outras razóns alegadas son o mantemento da tradición (48% dos casos), a distracción (37%), e a satisfacción persoal (36%) que representa ter unha parcela na que poder tomar decisións, experimentar, e, finalmente, recoller de xeito directo o froito do propio traballo.

Isto leva a que, en xeral, a actividade agraria no municipio de Vigo sexa contemplada coma unha actividade que debe ser especialmente protexida e conservada no futuro (57% das respostas), ou, cando menos, sexa tratada como unha actividade máis que debe ser xustamente valorada á hora de ordenar os usos do solo (43%). Debemos salientar, iso si, o feito de que en dúas das enquisas realizadas, a resposta seleccionada foi a de considerar a presenza das prácticas agrarias no municipio de Vigo como un signo de atraso.

Respecto ao futuro destas actividades no noso municipio, preguntamos ás unidades enquisadas polo interese que os membros máis novos das mesmas amosaban en continuar coas actividades agrarias. No 36% dos casos (de 75 enquisas que respostaron este apartado) existía un interese por mantelas (maioritariamente xustificado por “querer saber o que comemos”). Mentres, a razón maioritariamente alegada para non continuar con esta actividade, por parte da xente máis nova, foi a falla de tempo para adicarlle.

Pero, por outra banda, temos que subliñar que, malia que as persoas que manteñen esta actividade na actualidade, na maioría dos casos (54%), superan os 60 anos de idade, atopamos un gran número de casos nos que as idades están entre os 60 e os 30 anos, e incluso algúns casos (11%) nos que mozas e mozos de entre 30 e 15 anos participan do mantemento das actividades agrogandeiras. Deste xeito, cando menos a curto ou medio prazo, a pervivencia das mesmas non estaría comprometida por unha cuestión xeracional.

28 Esta motivación foi exposta no 72% dos casos, fronte aos 34% da primeira.

## OS EFECTOS DO PXOM

Como xa manifestamos na introdución, por cuestións de espazo non desenvolveremos aquí a segunda parte do traballo realizado. Apuntar só brevemente como aspecto máis destacado do tratamento dado ao rural vigués no documento do PXOM, a absoluta dualidade existente entre a abordaxe da cuestión nun plano teórico, e a súa plasmación na realidade ordenadora.

Ao longo do documento do PXOM podemos atopar unha valoración moi positiva da presenza de actividades agrogandeiras no municipio de Vigo, recoñecendo os seus importantes valores ambientais, as funcións ecosistémicas que desenvolven, a súa contribución á biodiversidade e á riqueza paisaxística, etc. Porén, á hora de valorar cada unha das unidades ambientais nas que no documento se divide o municipio (medio edificado; áreas costeiras; encoros e ríos, vertedoiros; etc.) a unidade denominada “zonas agrogandeiras” e as “urbanizacións agrícolas difusas” (unidades nas que as vivendas ocupan o 20% ou máis da súa superficie, estando adicado o resto a cultivos ou baldío) son valoradas cun 4,5 e 2,5 puntos sobre 10 respectivamente, outorgándolles un valor produtivo baixo ou medio. Isto convérteas en zonas prioritarias a urbanizar, non recoñecendo polo tanto, a pesar da súa loubanza, os usos agrogandeiros como un dos usos lexítimos do solo (entendido como territorio) a considerar no ordenamento, senón simplemente como reserva de solo pendente de urbanizar. De feito, máis do 70% da superficie urbanizable programada planéase desenvolver sobre o territorio actualmente destinado a estes usos. E todo isto baixo un falso discurso da sustentabilidade que se repite ao longo de todo o documento do PXOM, que non consegue ocultar a esencia puramente “desarrollista” do mesmo. Un concepto, en palabras de Morin, “construído sobre a base dun mito humanístico/reccionalista, unidimensional e pobre, do ser humano, e sobre a base dunha idea mecanicista/economicista sorprendentemente limitada da sociedade<sup>29</sup> que leva a identificar desenvolvemento con crecemento económico, obviando a clara diferenza existente entre ambos, posto que, mentras o crecemento, segundo Daly (1990)<sup>30</sup>, significa un incremento cuantitativo da escala física, o desenvolvemento implica a mellora cualitativa ou o depliegamento das potencialidades”. É, polo tanto, o desenvolvemento un concepto moi-

29 Morin, Edgar (1995). Sociología. Tecnos Ed. Madrid. p.393.

30 Daly, H.E. (1990). Criterios operativos do desenvolvemento sustentable (trad.). Ecological Economics.

to máis amplo, que non ten porqué estar ligado ao crecemento económico (por outra banda limitado, xa que así o é o sistema no que nos atopamos), senón á mellora da calidade de vida.

## CONCLUSION

En resumo, podemos afirmar que no periurbano vigués persisten unhas actividades agrarias baseadas no policultivo, desenvolvidas a tempo parcial, e orientadas ao autoconsumo, que manteñen un importante valor tanto ambiental coma social. O seu papel de mantemento da biodiversidade<sup>31</sup>, da complexidade paisaxística, da fertilidade do solo, así como no reciclado de materiais e xestión do monte, outorgan uns beneficios de interese para todo o municipio no seu conxunto. A súa persistencia garante ademais a conservación de todo un acervo cultural ligado a elas, así como unha rede de relacións sociais baseadas no intercambio dos produtos derivados da mesma, e unha importante contribución á calidade de vida de quenes a poden practicar.

Pero ademais, estamos ante unhas actividades agrarias que non son algo puramente testemuñal, senón que estan a garantir, en gran medida, a alimentación dun importante número de familias a nivel municipal. Esta realidade ten valor por si mesma, xa que garante o dereito que todo individuo debería ter ao control da propia alimentación, pero teno ademais en relación ó mundo do traballo asalariado ao que está asociada<sup>32</sup>, posto que pode actuar reducindo o grao e dependencia exclusiva do mesmo. Todo isto cobra especial relevancia en momentos de crise económica como os que estamos a vivir, e así se puxo de relevo en casos como a crise arxentina de 2001, onde a poboación se viu obrigada a recuperar espazos, en moitos casos de calidade moi marxinal nunha cidade dominada polo asfalto (vías de tren abandonadas, escombreciras, etc.), para crear hortas que, cando menos, permitisen garantir a súa alimentación.

31 Para unha análise máis exhaustiva sobre os impactos de perda de hábitats e especies que se derivarán da aplicación deste PXOM, consultar: Montalvo, Javier et al.(2003): Sostenibilidad general del nuevo plan general de ordenación municipal y de la construcción de la ronda de Vigo. Vigo, Laboratorio de Ecoloxía de Aplicada da Universidade de Vigo.

32 Lembremos que a agricultura practicada no municipio é maioritariamente unha actividade desenvolvida a tempo parcial, no tempo que deixa dispoñible a realización dun traballo asalariado, no caso da poboación en idade activa.

Na actualidade, esta superficie produtiva atópase en grave risco de desaparecer, posto que o desenvolvemento do novo PXOM de Vigo aprobado no ano 2009, proxecta duplicar a superficie urbana actual, programando máis do 70% da superficie a urbanizar sobre solos catalogados actualmente como zonas agrogandeiras, ou “Urbanización Agrícola Difusa”. Isto implicaría a desaparición directa de cando menos o 40% dos mesmos, e a longo prazo posiblemente a da súa totalidade, xa que as actividades que puidesen persistir farían dun xeito totalmente marxinal e relictico coas graves desvantaxes tanto a nivel ecolóxico (ataque de pragas, ausencia de biota auxiliar, etc.) coma social que iso comportaría (marxinalidade, competencia de usos, etc.).

Esta posible perda non a debemos entender só en clave de presente, senón de futuro, e non como desaparición da realidade actual, senón de todas as potencialidades que podería chegar a ter. Na actualidade, na cidade de Vigo existe xa unha cooperativa de consumo consciente<sup>33</sup> na que centos de familias optan por un modelo de consumo de alimentos o máis afastado posible do mercado dominado polo agronegocio. Pero ademais, funcionan experiencias de hortas colectivas<sup>34</sup>, e está comezando a facerse realidade un ambicioso proxecto por parte da asociación veciñal de Lavadores, que inclúe, entre outras cousas, a posibilidade de dispoñer parcelas para o cultivo ecolóxico e de autoconsumo, para aquelas persoas que xa non dispoñen de terra. Todo isto, iso si, en terreos cedidos pola comunidade de montes de Cabral, porque na propia parroquia os poucos terreos non construídos dos que se dispoñen, teñen unha catalogación urbanística que o impide.

Existe, polo tanto, no noso municipio, un interese crecente en manter e recuperar un modelo de produción agrícola de iguais ou similares características que o que estamos a piques de perder.

33 Consumo Consciente Arbore, Cooperativa Galega.

34 Coma o caso da Tira; “un proxecto colectivo de cultivo agroecolóxico para o autoconsumo en Candeán –Vigo”.

# ECONOMÍA



## A crise do emprego en Vigo

*Por Antonio Vaamonde Liste, Ricardo Luaces Pazos  
e Patricio Sánchez Bello*

### INTRODUCION

A actual crise económica internacional ten efectos múltiples, pero cando menos no que se refire a España o incremento do paro é sen dúbida a súa manifestación máis preocupante. Neste artigo preséntanse algúns resultados do estudo da evolución recente do paro e o emprego en Vigo, comparada coa evolución en España e máis en Galicia, mediante a utilización de ferramentas estatísticas sinxelas de análise de series temporais, que permiten comprender mellor a evolución do paro e predicir razoablemente o seu comportamento futuro no prazo curto e medio.

As series temporais de desemprego caracterízanse historicamente pola súa estabilidade ou inercia. A evolución é sempre predicible a curto prazo, e non hai cambios bruscos que podan sorprender ó observador atento, máis aló de pequenas variacións pouco importantes ou de carácter residual. O número de parados nun mes determinado está moi relacionado co número de parados do mes anterior, e co número de parados do mesmo mes do ano anterior. En termos estatísticos, existe unha autocorrelación moi forte na serie, o que se pode establecer claramente de xeito preciso.

A segunda característica relevante das series de emprego e paro é a súa pronunciada estacionalidade. O paro sempre diminúe no verán, mesmo nos peores momentos da crise (no verán de 2008 e de 2009) e sempre aumenta no inverno, mesmo nos mellores anos da nosa historia. Isto débese a que moitas das actividades que xeran emprego son estacionais, con máis intensidade no verán que no inverno (agricultura, turismo, pesca, construción,...), e son menos –e con me-

nor impacto- as actividades con estacionalidade inversa, máis activas no inverno que no verán (como a campaña comercial do Nadal).

A estacionalidade do paro é moi regular, aínda que poda ser lixeiramente diferente en cada zona, de xeito que a pauta estacional se repíte sistematicamente ano tras ano sen cambios. Por esta razón non podemos dicir que o emprego vai ben cando aumenta en xullo, xa que tamén crece en xullo cando a evolución é claramente negativa, nin que vai mal porque aumentou o paro en xaneiro, xa que tamén aumenta en xaneiro cando o emprego vai ben; tampouco podemos falar dunha tendencia positiva porque diminuíu durante catro meses seguidos entre abril e xullo, ou o revés: Temos que ser quen de ver máis aló da estacionalidade para saber se a evolución real é favorable ou desfavorable. A estacionalidade é unha cortina que non nos deixa ver a realidade, máis que se pode descorrer mediante técnicas estatísticas sinxelas.

## A MEDIDA DO PARO


Hai basicamente dous xeitos de medir o paro: Mediante a Enquisa de Poboación Activa (EPA, Instituto Nacional de Estadística), e mediante o Rexistro de Paro (Servicio Público de Empleo Estatal, SPEE, antigo INEM).

A EPA é unha enquisa trimestral, que estima simultaneamente o número de parados e de ocupados, o que permite calcular taxas de paro, cunha metodoloxía homologada na Unión Europea e similar tamén ás que se empregan en case todo o mundo; os seus resultados son polo tanto comparables ós dos restantes países do noso entorno.

O paro rexistrado, pola contra, non se obtén dunha enquisa, senón dun censo ou rexistro que xa que logo non leva asociado un erro de estimación –propio de tódalas enquisas por mostraxe-, e non ten equivalencia exacta noutros países. Trátase dun rexistro voluntario de demandantes de emprego, e polo tanto non tódolos parados están incluídos nel, máis as cifras de paro rexistrado están moi correlacionadas coa estimación de parados da EPA, e a evolución de ámbalas dúas magnitudes é practicamente idéntica. A vantaxe das cifras de Paro Rexistrado é que poden coñecerse con razoable exactitude para áreas xeográficas pequenas como os concellos (a EPA só proporciona resultados provinciais, e estes con precisión limitada), e que os resultados son mensuais e inmediatos, mentres os da EPA son trimestrais e diferidos, coñecidos con polo menos un mes de retraso xa que requiren operacións estatísticas complexas. Estas vantaxes fan do Paro Rexistrado a mellor medida para coñecer a evolución do paro en Vigo, sobre de todo a prazo curto.

## EVOLUCION DO PARO REXISTRADO EN VIGO

Na gráfica seguinte amósase a evolución do paro rexistrado en Vigo durante os últimos cinco anos. Pódese apreciar claramente a variación estacional nas oscilacións con forma sinusoidal, con valores máis altos –máis paro- no inverno, e máis baixos no verán. No ano 2007 o número de parados descendeu por debaixo dos 18.000, a cifra máis pequena da historia recente, e actualmente temos 28.000. A estacionalidade é tan forte que dificulta a observación da tendencia, ¿como evoluciona o paro máis aló da estacionalidade? Podemos ver como a serie decrece lixeiramente en liñas xerais durante os anos 2005 a 2007, e logo cambia nos períodos 2008 e 2009 cun crecemento rápido e sostido: trátase da crise.



*Figura 1: Paro Rexistrado en Vigo 2005-2010*

Para velo mellor utilizaremos algunha das técnicas estatísticas dispoñibles para eliminar a estacionalidade. A máis sinxela consiste en dividir o valor da serie en cada mes polo valor correspondente ó mesmo mes do ano anterior. Como os dous teñen a mesma estacionalidade, o cociente non estará influído por ela, e permitiranos ver con máis claridade a tendencia. Os valores obtidos (en porcentaxe e restando 100) indican a evolución interanual, a porcentaxe de crecemento ou decrecemento ó longo dun ano completo: un valor positivo amosa unha tendencia crecente ou desfavorable do paro, e un valor negativo unha tendencia decrecente ou favorable. Na gráfica 2 preséntase a serie –desestacionalizada- de incrementos interanuais en Vigo e Galicia.




Figura 2: Paro Rexistrado en Vigo e Galicia 2005-2010. Variación interanual

Como se pode observar, a evolución era favorable, con valores negativos –cada ano menos paro co anterior- ata febreiro de 2008, data na que os incrementos comezan a seren positivos: máis paro co ano anterior. Nembargante o cambio na tendencia anticipábase xa un ano antes, en febreiro de 2007 –son os primeiros avisos da crise- cando as diferenzas interanuais empezan a reducirse de vagariño desde o 15% ata cero un ano máis tarde.

A evolución posterior é moi intensa, non hai precedentes dun ritmo de destrución de emprego tan alto na nosa historia, e a taxa interanual acadou o seu valor máis alto en marzo de 2009: nun ano –entre marzo de 2008 e marzo de 2009- o número de parados creceu un 35%. A evolución é practicamente idéntica no conxunto de Galicia, como se pode ver tamén na gráfica.

A partires de abril de 2009, a taxa interanual comeza a baixar dun xeito claro e sostido –síntomas de recuperación- ata acadar valores por baixo do 10% a partir de maio de 2010 . Se continúa esta evolución favorable, a curva cruzará a liña de referencia do cero, e tornarán logo despois as taxas interanuais negativas, é dicir o emprego comezará de novo a aumentar. Nese intre terase chegado ó máximo número de parados en media anual, e empezará a diminuír progresivamente. A tendencia deberá ser favorable na evolución do paro, previsiblemente durante varios anos, se a estabilidade da serie –historicamente contrastada- se mantén.

A curva en cor azul na figura 2, que presenta a evolución da taxa interanual en Vigo, amosaba entre maio de 2009 e febreiro de 2010 un ritmo constante e sostido

de decrecemento que parecía prognosticar un achegamento ó cero (e cambio de tendencia no emprego) no verán de 2010, pero podemos ver como a evolución posterior é diferente: a taxa interanual cae no estancamento oscilando entre valores próximos ó 10%, diminuíndo lixeiramente a un ritmo menor que anteriormente, no conxunto de Galicia. Probablemente este cambio no ritmo de recuperación débese en parte ás duras medidas de axuste tomadas na primavera de 2010 polo goberno de España (e pola maioría dos países europeos), e as expectativas menos favorables -no que se refire á recuperación económica- xeradas polas dificultades financeiras dalgúns países próximos que motivaron aquelas medidas.

Na figura 3 preséntase a serie desestacionalizada –tendencia- mediante o método de medias móbiles, que corresponden ó número medio de parados durante un ano enteiro. Cada valor representado é a media de todo o ano que remata ese mes; a estacionalidade desaparece o promediar un ano completo, o que permite ver a tendencia. O valor máis baixo na tendencia, 18.518 parados de media anual, obtense no ano que acaba en marzo de 2008, o que coincide co amosado na figura 1.

A tendencia é crecente desde esa data, primeiro cun ritmo cada vez máis grande, que logo vaise atenuando progresivamente, e que deberá acadar o seu máximo –como se indicou anteriormente- no ano 2011. Tamén se pode ver na parte derradeira como se mantén o ritmo de crecemento (a pendente da curva) ou diminúe só paseniño.

Na figura 4 amósase a evolución do paro rexistrado, en taxa interanual, en Vigo e Galicia comparada co conxunto de España.




Figura 3: Paro Rexistrado en Vigo. Tendencia

Pódese observar o mesmo patrón de comportamento –sincrónico-, aínda que no conxunto de España os valores son máis desfavorables en todo o período estudado agás nos dous meses últimos, nos que se igualan. Os primeiros síntomas aparecen en marzo de 2007, cunha desaceleración sostida da xeración de emprego que leva á aparición de taxas de incremento positivas, é dicir cada valor peor co do ano anterior, desde xuño de 2007 (oito meses antes que en Vigo e Galicia). O punto álxido ocorre en marzo de 2009, cunha taxa interanual en España do 56,7% de aumento do paro (en Vigo chégase soamente ó 35%), aínda que desde este mes a caída da taxa é tamén moi clara e sostida, tendo baixado en dez meses ó 10%. A pesares do menor ritmo de diminución, debería acadar o cero nun período de tempo situado entre seis meses e un ano, volvendo ás taxas negativas, e indicando unha evolución favorable do emprego –cada mes mellor co ano anterior- desde esa data. A evolución do paro en España parece anticipar os cambios en Vigo e Galicia con varios meses de antelación.




Figura 4: Variación interanual do paro rexistrado. Vigo-Galicia-España

#### EVOLUCION DAS ALTAS NA SEGURIDADE SOCIAL EN VIGO

A ocupación mídese a través da EPA, é dicir con cifras estimadas a partir de dunha mostra trimestral (que non proporciona resultados para Vigo), e tamén mediante as altas na Seguridade Social, obrigatorias en España para tódolos traballadores. O rexistro de altas pódese utilizar para establecer razoablemente a evolución do emprego con datos mensuais, inmediatos, e con desagregación xeográfica local, o que permite ver a evolución do emprego en Vigo. O gráfico seguinte amosa as altas na Seguridade Social xunto coa tendencia (en cor vermella).




Figura 5: Altas na Seguridade Social en Vigo

Pódese apreciar unha evolución favorable, crecente, ata principios de 2008. A estacionalidade é menos acusada no gráfico polo factor de escala, xa que o número de ocupados é moito máis alto co de parados, e xa que logo á gráfica é máis doada de interpretar. O incremento observado do paro, de aproximadamente 10.000 desempregados, correspóndese cunha diminución de igual número de postos de traballo nas altas da Seguridade Social, desde setembro de 2008 ata finais de 2009. Nos meses derradeiros a curva mostra unha diminución cada vez máis pequena. Deberá acadar o seu mínimo en 2011, e empezar a crecer de novo.

Na figura 6 preséntanse os incrementos interanuais, moito menores cas variacións porcentuais do paro debido ó mesmo factor de escala.

A evolución negativa comeza en xullo de 2008, primeiro mes peor co do ano anterior, seis meses despois do cambio na evolución do paro, aínda que os síntomas se aprecian desde a primavera de 2007, cando empezan a ser cada vez máis pequenos os incrementos interanuais. O maior decrecemento ocorre en xullo de 2009, cunha perda do 6,16% en relación con xullo de 2008 no número de traballadores ocupados, e a partires desa data as porcentaxes negativas empezan a diminuír, cun comportamento similar, aínda que loxicamente inverso, ó dos parados. O ritmo -lento aínda que sostido- do crecemento nos últimos meses fai pensar nun cambio de tendencia probablemente cara a metade do ano 2011.




Figura 6: Variación interanual das altas na Seguridade Social

## CONCLUSIONS


A estabilidade a curto e medio prazo das series de paro xunto coa súa estacionalidade coñecida permiten analizar a evolución e tamén establecer prognósticos razoables. O paro ten aumentado en Vigo nos tres últimos anos, o mesmo que en Galicia e no conxunto de España, dun xeito descoñecido na nosa historia recente; o ritmo de destrución de emprego ten aumentado progresivamente desde a primavera de 2008 ata a primavera de 2009, acadando case o 60% de aumento do paro en España e o 35% en Vigo e Galicia. Desde a primavera de 2009 diminúe de xeito constante, ó principio moi rapidamente –claros anuncios de recuperación- e despois máis de vagar –quizais debido ás drásticas medidas de axuste adoptadas nos países da Unión Europea-, aínda que en calquera caso de xeito sostido. Se esta evolución se mantén sen grandes cambios, o longo do ano 2011 producirase un cambio de tendencia no emprego, tanto en Vigo como no resto de España.

Os sinais que anuncian a curto prazo a evolución favorable do paro baséanse na desaceleración constante e sostida da serie de paro rexistrado dende abril de 2009. Non hai razóns para pensar que o comportamento da serie non se manteña no prazo curto sempre que non haxa grandes cambios nas causas profundas do emprego e o paro, que inclúen –entre outras- a evolución xeral da economía e as actuacións realizadas polas diferentes Administracións Públicas a prol do emprego.

VARIA



*In Memoriam*  
GERARDO SACAU RODRÍGUEZ




Entre el viento nocturno que agitaba el mar Atlántico el último día de la primavera del 2010 y la luz solar que asomaba por los verdes montes de Mougás el primer día del verano del 2010, se nos ha muerto, *como del rayo*, Gerardo Sacau Rodríguez.

El Profesor de lenguas clásicas, el experto en topónimos de las tierras de Vigo y de las costas de la Ría de Vigo, el Miembro Fundador del Instituto de Estudios Vigueses, el Director del IEV durante ocho años consecutivos, el primer Vicedirector de esta misma Institución y el responsable de su Comisión de Publicaciones. Todo ello activado con el motor impetuoso de su personalidad y el apoyo incondicional de sus bienqueridos Dioses del Olimpo.

Incansable trabajador a favor de la cultura viguesa, el Boletín GLAUCOPIS debe su vida, su nombre y su imagen a su impulso y laboriosidad.

Y aunque, como decíamos más arriba, se nos ha ido *como del rayo*, nos queda la enorme satisfacción de haberle rendido un homenaje seis meses antes de su repentina muerte, justamente con motivo de la presentación del Glaucopis N° 14. Y nos queda también el grato recuerdo de su sorpresa y de sus emocionados gestos acompañando sus espontáneas palabras. En esa oportunidad, y antes de hacerle entrega de un dibujo de la diosa Athenea procedimos públicamente a dar lectura al Acta que a continuación se transcribe:



y sobrepasa la de otros dioses, y cuyos ojos glaucos iluminan todas  
las cualidades intelectuales y morales,  
pase a llamarse para siempre

GLAUCOPIS

Declarando  
a tal efecto por decisión unánime,  
y revelando así sentimientos de justicia humana,  
nombrar a

GERARDO SACAU RODRÍGUEZ

Padre material y espiritual de Glaucopis,  
otorgándole todos los méritos y reconocimientos por la esforzada labor  
que, durante quince años, ya en la era cristiana,  
dedicó a su diosa predilecta.

Y en prueba de su agradecimiento y basándose en su poder soberano sobre  
el firmamento, el mar y la tierra, le concede la fuerza del rayo y el rigor del trueno,  
en aras de la conquista de otros quince años de luz para los ojos glaucos del  
Instituto de Estudios Vigueses.

Fdo. Los doce dioses del Olimpo: Zeus, Hera, Hefesto, Athenea, Apolo,  
Artemisa, Ares, Afrodita, Hestia, Hermes, Deméter y Poseidón

Este fue el justo y sentido reconocimiento a nuestro querido Gerardo Sacau, y hoy, en esta despedida, volvemos a homenajearlo en el agradecido recuerdo que todos guardamos de su fructífero paso por nuestra vida institucional.

El último aire de la primavera del 2010 lleva envueltos *Os Nomes da Terra*, *Os Nomes da Ría* y *Os Nomes Beiramariños* para agitarlos sobre Cabo Home, Facho de Donón, Berbés, Cabo Silleiro, A Guarda, y con todos ellos, en memoria de quien los nombró y los arrancó del olvido, escribe su Epitaphium sobre los montes de Mougás, mirando cara al mar de Oia:

*Pofesor Sacau,*  
*¡SIT TIBI TERRA LEVIS!*

María Dolores Rivera Díaz

**Gerardo Sacau Rodríguez**

**OS NOMES  
DA TERRA DE VIGO  
ESTUDIO ETIMOLÓXICO**



**INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGÜESES**  
(FUNDACIÓN PRO VIGO)



*Gerardo Sacau no Porto de Santa María de Oia cuns madeiros recollidos das pedras, pulidos e moldeados pola acción das mareas.*



*O Director, Gerardo Sacau, no centro da mesa, na presentación do seu derradeiro libro, acompañado do Vicedirector, José Antonio Martín Curty (d) e do Membro Fundador do IEV, Antonio Giráldez Lomba.*



*Gerardo Sacau, nun xesto moi propio del a piques de iniciar a presentación dun acto público do IEV.*



*Gerardo Sacau, recorrendo as costas beiramariñas do Atlántico en busca dos nomes perdidos, atopouse con vellos mariñeiros que souberon trasmitirlle as lembranzas que descubrimos logo, nas áxiles páxinas dos seus libros.*



*Esta é a imaxe tan querida do profesor Sacau. Dende a súa casa, en Mougás, contemplaba con paixón esta entrañable beira do mar. E logo, disfrutando da paisaxe, baixaba ata O Muíño onde tomaba o seu café mentres falaba de mar e montes co Membro Fundador do IEV Fernando Javier Costas Goberna.*

**Gerardo Sacau Rodríguez**

# OS NOMES DA RÍA DE VIGO III





**Oitavén-Verdugo • O Facho de Donón**



Instituto de Estudios Vigueses  
VIGO

*Fundación Provigo*

*Último libro da saga Os Nomes da Ría de Vigo, que tivo a honra de prologar quen escribe estas li-  
neas en memoria do seu querido Director, Gerardo Sacau Rodríguez.*



VERBA VOLANT, SCRIPTA MANENT





**Instituto de Estudios Vigüeses**  
**VIGO**

*Fundación Provigo*

MIEMBRO DE LA C.E.C.E.L.  
CONSEJO SUPERIOR DE  
INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

El Instituto de Estudios Vigüeses apoya de manera decidida el Campus de Excelencia Internacional "CAMPUS DO MAR", promovido y liderado por la Universidad de Vigo y en el que participan las Universidades del Sistema Universitario de Galicia y, las cuatro Universidades del Norte de Portugal además de todas las Instituciones y Centros de investigación marina de Galicia.

El IEV considera que el Campus do Mar servirá de sólida base para el mayor desarrollo económico y social de la eurrorregión Galicia-Norte de Portugal, a través de la mejora del conocimiento basado en una investigación y formación de alta calidad en el ámbito marino.

El IEV, al tener como finalidad el fomento de la investigación en las distintas áreas del conocimiento que se refieran a Vigo, no puede dejar de felicitarse por esta excelente iniciativa y ofrecer su apoyo y colaboración al "CAMPUS DO MAR", en los ámbitos de su competencia.



**Instituto**  
**de**  
**Estudios Vigüeses**

Fdo. José Antonio Martín Curty  
Director



XUNTA DE GOBERNO  
DO  
INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

O Instituto de Estudios Vigueses está rexido pola seguinte Xunta de Goberno elixida por unanimidade na sesión extraordinaria da Xunta Xeral do 29 de outubro de 2009:

DIRECTOR:	Don José Antonio Martín Curty
VICEDIRECTOR:	Don Fernando Javier Costas Goberna
SECRETARIO-CONSERVADOR:	Don Juan Carlos Abad Gallego
VOCAIS:	Don Jaime Garrido Rodríguez Don Federico Vilas Martín

MEMBROS NUMERARIOS  
DO  
INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

- Don Juan Carlos Abad Gallego
- Don Fernando Javier Costas Goberna
- Don Luís Manuel García Mañá
- Don Jaime Garrido Rodríguez
- Dona Maruxa Gestoso Álvarez
- Don Antonio Giráldez Lomba
- Don Juan Miguel González Fernández
- Don Alberto González-Garcés Santiso
- Don Gerardo González Martín
- Don José M<sup>a</sup> Ramón Iglesias Veiga
- Don Mauricio Iribarren Díaz
- Don Jacinto Lareo Jiménez
- Don José Antonio Martín Curty
- Doña Ana María Pereira Molares
- Don Luis Rodríguez Ennes
- Doña Montserrat Rodríguez Paz
- Don Gerardo Sacau Rodríguez (†)
- Don Patricio Alfredo Sánchez Bello
- Don Xosé Manuel Souto González
- Don Bernardo Miguel Vázquez y Gil
- Don Federico Vilas Martín
- Don Alfonso Zulueta de Haz

# Patronato Fundación Provigo e a súa Área

---

A Fundación Provigo e a súa Área, Organismo no que están representados como socios promotores as institucións máis sobranceiras da cidade, desde entidades financeiras a grandes empresas, medios de comunicación, institucións públicas ou cooperativas privadas, é substancialmente o observatorio socio-económico de Vigo e a súa área de influencia, que tenta acadar por medio do seu Plan Estratéxico unhas cotas destacadas de desenvolvemento e progreso.

Da súa feliz andaina e bo timón é responsable este Patronato:

## **Presidente:**

Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez  
Alcalde EXCMO. CONCELLO DE VIGO

## **Vicepresidente:**

Señor D. José García Costas  
Presidente CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA Y  
NAVEGACIÓN DE VIGO

## **Secretario General:**

Señor D. José Manuel Fernández Alvariño  
Presidente CONFEDERACIÓN PROVINCIAL DE  
EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

## **Tesorero:**

Señor D. Julio Fernández Gayoso  
Presidente CAIXANOVA

**Vocais:**

Ilma. Señora Dña. M<sup>a</sup> Teresa Pisano Avello  
Delegada Especial      CONSORCIO DE LA ZONA  
del Estado              FRANCA DE VIGO

Ilmo. Señor D. Rafael Louzán Abal  
Presidente              EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE  
                                 PONTEVEDRA

Excmo. Señor D. Salustiano Mato de la Iglesia  
Rector Magnífico      UNIVERSIDADE DE VIGO

Ilma. Señora Doña M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez  
Presidenta              AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO

Ilmo. Señor D. Xaime Rei Barreiro  
Representante        MANCOMUNIDADE DA ÁREA  
                                 INTERMUNICIPAL DE VIGO

Señor D. Juan Carlos Villarino Tejada  
Director General      VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A.

Señor D. Javier Touza Touza  
Presidente              COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA  
                                 DEL PUERTO DE VIGO, S. COOP. LTDA.

Señor D. José Francisco González Viñas  
Presidente              HIJOS DE J. BARRERAS, S. A.

Señora Dña. M<sup>a</sup> José Taboas Cabral  
Responsable            PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES  
de Relaciones Externas    ESPAÑA, S.A.

Señor D. Marcelino Otero López  
Presidente              CLUB FINANCIERO VIGO

Señor D. Alfonso Álvarez Gándara  
Decano                  ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS  
                                 DE VIGO

---

# CATÁLOGO DE PUBLICACIONES

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS I Y II:

*Discurso de ingreso, “Adiantándonos as notas dunha arpa”, do membro Fundador Numerario don Xosé Francisco Armesto Faginas, no seu nome propio e do resto dos membros Numerarios Fundadores, e resposta de don Bernardo Vázquez Xil.*

*Vigo 12 de maio de 1994.*

(Esgotado)

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS III Y IV:

*Discurso de ingreso do Membro don Luís García Mañá “As primeiras Boticas de Vigo e a arte do oficio”, e resposta de don Bernardo Miguel Vázquez Xil.*

*Vigo, 9 de xaneiro de 1998.*

*2ª edición por Sociedad Cooperativa Farmacéutica del Noroeste (COFANO).*

*Vigo, 1998.*

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS V Y VI:

*Discurso de ingreso do Membro don José M<sup>a</sup> Ramón Iglesias Veiga “A cidade de Vigo na xénese dunha arquitectura rexionalista de carácter galego”, e resposta de don José Antonio Martín Curty. Vigo, 25 de febreiro de 1998.*

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS VII Y VIII:

*Discurso de ingreso do Membro don Mauricio Iribarren Díaz “Desde Vigo: una visión histórica de la medicina”, e resposta de don Gerardo Sacau Rodríguez.*

*Vigo, 13 de marzo de 1998.*

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS IX Y X:

*Discurso de ingreso do Membro don Federico Vilas Martín “Los valores ambientales en el progreso humano”, e resposta de don Xosé Francisco Armesto Faginas.*

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XI Y XII:

*Discurso de ingreso do Membro dona Ana María Pereira Molares “Pintoras viguesas del siglo XX: El largo camino hacia un arte existente”, e resposta de don José Manuel Hidalgo Cuñarro.*

*Vigo, 21 de maio de 1998.*

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XIII Y XIV:

Discurso de ingreso do Membro dona Montserrat Rodríguez Paz  
“*Trascendencia de los movimientos socio-demográficos en la configuración urbanística del barrio del Arenal y sus repercusiones en el establecimiento de órdenes religiosas en la ciudad de Vigo*”  
e resposta de don José María Ramón Iglesias Veiga.  
Vigo, 20 de decembro de 2001.

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XV Y XVI:

Discurso de ingreso do Membro don Luís Rodríguez Ennes  
“*As divisións provinciais de Galicia: pasado, presente e futuro. Os casos de Vigo e de Pontevedra*”  
e resposta de don Luís García Mañá. Vigo, 29 de xaneiro de 2002.

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XVII Y XVIII:

Discurso de ingreso do Membro don Xosé Ramón Quintana Garrido  
“*Diario de empresa e xornalismo cívico: O Galicia. Diario de Vigo (1922-1926)*”  
e resposta de don Xosé Francisco Armesto Faginas. Vigo, 2 de maio de 2002.

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XIX Y XX:

Discurso de ingreso do Membro dona Maruxa Gestoso Álvarez  
“*A construción da identidade colectiva a través do fútbol: o papel do R.C. Celta*”  
e resposta de don Gerardo Sacau Rodríguez. Vigo, 21 de abril de 2006.

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XXI Y XXII:

Discurso de ingreso do Membro don Alberto González-Garcés Santiso  
“*La actividad pesquera sostenible y el ecosistema*”  
e resposta de don Luís Manuel García Mañá. Vigo, 5 de maio de 2006.

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XXIII Y XXIV:

Discurso de ingreso do Membro don Jacinto Lareo Jiménez  
“*La actualización administrativa del Ayuntamiento de Vigo y la defensa de su autonomía (1810-2006)*”  
e resposta de don Bernardo Miguel Vázquez y Gil. Vigo, 13 de junio de 2006.

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XXV Y XXVI:

Discurso de ingreso do Membro don Patricio Alfredo Sánchez Bello  
“*El paro en Vigo: una aproximación mediante fuentes de información estadísticas*”  
e resposta de don Bernardo Miguel Vázquez y Gil. Vigo, 27 de junio de 2006.

SERIE “DISCURSOS”: NÚMEROS XXVII Y XXVIII:

Discurso de ingreso do Membro don Alfonso Zulueta de Haz  
“*Vigo e os seus espazos de cultura*”  
e resposta de don Luis Manuel García Mañá. Vigo, 2 de febreiro de 2007.

SERIE “CONFERENCIAS”: NÚMEROS I AL IV:

“*Vigo en la literatura*”, por don Bernardo Miguel Vázquez Xil;  
“*Miscelánea de toponimia viguesa*”, por don Gerardo Sacau Rodríguez;  
“*Vigo e Cunqueiro*”, por don Xosé Francisco Armesto Faginas,  
“*El patrimonio arquitectónico vigués*”, por don Jaime Garrido Rodríguez. 1994.

SERIE “CONFERENCIAS”: NÚMERO V

“*El título de “Siempre Benéfica”. Cien años de la más hermosa página de solidaridad  
escrita por vigoeses*”, por don Gerardo González Martín. 1996.

SERIE “CONFERENCIAS”: NÚMERO VI

“*El Vigo de la Reconquista*”, por don Andrés Martínez-Morás y Soria,  
don Bernardo Vázquez Xil (Lalo) y don Gerardo Sacau Rodríguez. 1999.

SERIE “CONFERENCIAS”: NÚMERO VII

“*Reconquista 2000*”, por don Juan Miguel González Fernández  
y don Bernardo Miguel Vázquez Gil. 2000.

SERIE “CONFERENCIAS”: NÚMERO VIII

“*Reconquista 2001*”, por don Bernardo Miguel Vázquez y Gil. 2001.

SERIE “CONFERENCIAS”: NÚMERO IX

“*Caixanova, los pilares de una ingente obra social*”,  
por don Gerardo González Martín. 2006

SERIE “ARQUEOLOXÍA DIVULGATIVA”

- Materiais didácticos nº 1: “*A Cultura Castrexa. Vigo hai 2000 anos*”, por don José Manuel Hidalgo Cuñarro y don José Manuel Rodríguez Sobral. 1994.
- Materiais didácticos nº 2: “*Prehistoria. As raíces de Vigo*”, don José Manuel Hidalgo Cuñarro y don José Manuel Rodríguez Sobral. 1995.
- Materiais didácticos nº 3: “*Vigo Romano*”, don José Manuel Hidalgo Cuñarro y don José Manuel Rodríguez Sobral. 1997.
- Materiais didácticos nº 4: “*Vigo Medieval*”, don José Manuel Hidalgo Cuñarro et alii. 2000.

SERIE “REEDICIÓNS”:

- “*La Escuadra de Plata*“. Estudio crítico y documentado sobre los famosos tesoros de los galeones de Vigo. Por don Avelino Rodríguez Elías, Cronista Oficial de la Ciudad. Vigo, 1935.  
(2ª Edición, facsímile) 1994
- “*Monografías de Vigo*”, por don Teodosio Vesteiro Torres, Vigo, 1878.  
(2ª Ed. Facsímile) 1997.
- “*Recuerdos de Galicia*”, por don Teodosio Vesteiro Torres, Vigo, 1896.  
(2ª Ed. Facsímile) 1997
- “*Martín Códax. Cantor del Mar de Vigo*”, por don José María Álvarez Blázquez, Vigo, 1962. (2ª Ed. Facsímile) 1998
- “*Tierra de Frago*”, por don José Espinosa Rodríguez.  
(2ª Ed. Facsímile) 2003
- “*Catálogo de Vigo*” 1922-23 (*Vigo a través de un Siglo*), por don José Cao Moure (P.P.K.O.). (2ª Ed. Facsímile) 2005
- “*Vigo en 1927*”, por don José Cao Moure (P.P.K.O.). (2ª Ed. Facsímile) 2005
- “1939. *La Guerra ha terminado*”... *Hace sesenta años, en Vigo*”, por don Antonio Giráldez Lomba. (2ª Edición) 2005.
- “*Mondariz*”, de los hermanos Peinador, 1906. Vigo, (2ª edición facsímile), 2006

SERIE “BOLETÍN DEL INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES”:  
“GLAUCOPIS”

- Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano I. Nº 1. 1995. Varios autores.*
- Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano II. Nº 2. 1996. Varios autores.*
- Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano III. Nº 3. 1997. Varios autores.*
- Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano IV. Nº 4. 1998. Varios autores.*
- Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano V. Nº 5. 1999. Varios autores.*
- Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano VI. Nº 6. 2000. Varios autores.*
- Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano VII. Nº 7. 2001. Varios autores.*

*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano VIII. Nº 8. 2002. Varios autores.*  
*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano IX. Nº 9. 2003. Varios autores.*  
*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano X. Nº 10. 2004. Varios autores.*  
*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano XI. Nº 11. 2005. Varios autores.*  
*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano XII. Nº 12. 2006. Varios autores.*  
*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano XIII. Nº 13. 2007. Varios autores.*  
*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano XIV. Nº 14. 2008-2009. Varios autores.*  
*Boletín do Instituto de Estudios Vigueses. Ano XV. Nº 15. 2010. Varios autores.*

VARIOS:

- “Os Alcaldes e os Concellos de Vigo”, por don Xoán Miguel González Fernández e don Bernardo Miguel Vázquez Xil. 1991. (Esgotado)
- “Gallegos al volante, 1900-1930”, por don Gerardo González Martín. 1995.
- “Disertación Político-Legal” (1788). *Opúsculo inédito del Jurista Ilustrado D. Manuel Martínez Yáñez*. Edición a cargo de don Xoan Miguel González Fernández. 1995.
- “Sonetos del alba insomne”, por don Xosé María Álvarez Blázquez. 1995.
- “Prefilatelia de Vigo (1716-1849)”, por don Manuel Lago Martínez. 1995.
- “Os nomes da terra de Vigo”, por don Gerardo Sacau Rodríguez. 1996.
- “Periodistas impulsores del viguismo. 1874-1923. El “Noventa y ocho” y otros hitos locales”, por don Gerardo González Martín. 1996.
- “Bouzas y otros Juzgados Gallegos del siglo XVIII”, por Juan Miguel Fernández González, 1997.
- “El año del ‘desastre’, 1898 en Vigo”, por don Antonio Giráldez Lomba. 1998.
- Teodosio Vesteiro Torres, aproximación á súa vida e a súa obra*, por doña María Álvarez de la Granja, 1998.
- “Las salinas de la desembocadura del río Lagares”, por don José Manuel Hidalgo Cuñarro y Fernando Javier Costas Goberna, 1998.
- “Os nomes da Ría de Vigo” (I), por don Gerardo Sacau Rodríguez, 1998.
- “Una tumba para el recuerdo. El mausoleo de los repatriados de 1898 en Vigo”, por Bernardo Miguel Vázquez Gil, 1998. (Esgotado)
- “Que e qué? Na Arqueoloxía Prehistórica da Comarca Viguesa”, por don Juan Carlos Abad Gallego, 1998.
- “‘Cachamuña’. Comandante de armas y gobernador de Vigo”, por don Emilio Estévez Rodríguez, 1999.
- “1939: La guerra ha terminado... hace sesenta años en Vigo”, por Antonio Giráldez Lomba, 1999. (Esgotado)
- “Arte rupestre no sur da Ría de Vigo”, por don Fernando Javier Costas Goberna, don José Manuel Hidalgo Cuñarro y don Antonio de la Peña Santos, 1999.
- “La burocracia judicial de Bouzas, Vigo y Santiago (Siglos XVII-XVIII)”, por don Juan Miguel González Fernández. 1999.
- “Os nomes da Ría de Vigo” (II), por don Gerardo Sacau Rodríguez, 2000.

- “*Los Petroglifos y su contexto: Un ejemplo de la Galicia Meridional*”,  
por don Ramón Fábregas Valcarce, 2001.
- “*Cruz Roja. Un Siglo en la historia de Vigo*”, por dona Paz de la Peña Santos, 2001.
- “*El coronel CACHAMUÑA*”, por don Emilio Estévez Rodríguez, 2002.
- “*Las divisiones provinciales de Galicia. Pasado, presente y futuro.*  
*Los casos de Vigo y Pontevedra*”, por don Luis Rodríguez Ennes, 2002.
- “*Sobrevivir en los años del hambre en Vigo*”, por don Antonio Giráldez Lomba, 2002.
- “*La anexión del ayuntamiento de Bouzas a Vigo (1900-1904)*”  
por don Juan Miguel González Fernández, 2003.
- “*A Ópera e Vigo*”, Coordinador: Enrique Sacau. 2004.
- “*Os nomes da Ría de Vigo*” (III), por don Gerardo Sacau Rodríguez, 2004.
- “*Os faros de Cabo Silleiro*” por don Fernando Javier Costas Goberna  
y don Manuel Expósito Álvarez, 2004.
- “*Cines de Vigo*”, por don José A. Martín Curty, 2004.
- “*Héroes o Forajidos*”. “*Fuxidos*” y *Guerrilleros Antifranquistas en la Comarca de Vigo*”,  
por don Xoán Carlos Abad Gallego, 2005.
- “*Pasión por Vigo*” por don Gerardo González Martín. 2006
- “*1887-1981 Titanes del Vigüismo en una ciudad discriminada*”  
por don Gerardo González Martín. 2007
- “*Os nomes beiramariños. Desde Cabo Silleiro ata o Porto da Guarda*”  
por don Gerardo Sacau Rodríguez. 2007
- “*Cen personaxes en torno a unha guerra. A República e a Guerra Civil na comarca  
de Vigo a través dos seus protagonistas*”  
por don Xoan Carlos Abad Gallego. 2008
- “*Crónicas de un Vigo Ye-yé. Historia de los conjuntos musico-vocales vigüeses  
y de su entorno 1958-1975*”  
por don Fernando Ferreira Priegue. 2008
- “*La Ría de Vigo. Una aproximación al ecosistema marino de la Ría de Vigo*”  
por don Alberto González-Garcés Santiso, Federico Vilas Martín, Xosé Antón Álvarez  
Salgado. 2009
- “*As pedras e os xogos. A orixe dos taboleiros de xogo galegos*”  
por don Fernando Javier Costas Goberna. 2009
- “*E o outono tinguíuse de loito. A gripe de 1918 nas terras de Vigo*”  
por don Xoan Carlos Abad Gallego. 2010
- “*Os petróglifos e o seu contexto: Un exemplo da Galicia meridional*”  
por don Ramón Fábregas Valcarce. (2ª edición) 2010
- “*Ilustradores Galegos de preguerra (1880-1936)*”  
por dona Mercedes Bangüeses Vázquez

EN COLABORACIÓN CON OTRAS INSTITUCIONES:

- “Acta del XXII Congreso Nacional de Arqueología”*. Vigo, 1993.
- “Historia de la Alameda (Vigo, 1828-1978)”*, por don José Antonio Martín Curty,  
co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1994.
- “A Cultura Castrexa a debate”*. Universidade de Vigo. 1995.
- “Atlas Básico de Vigo e a súa área”*. Varios autores,  
con Edicións Xerais de Galicia, S. A. 1999.
- “Edificio Rubira”*, por don José A. Martín Curty,  
co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2000.
- “Estudios Mercantiles y Empresariales en Vigo (1920 - 2000)”*,  
por dona María del Pilar López Vidal,  
coa Escola Universitaria de Estudios Empresariais  
e Colexio de Titulados Mercantís e Empresariais, 2001.
- “Recordando los Tranvías de Vigo”*, por don Antonio Giráldez Lomba,  
coa Deputación Provincial de Pontevedra, 2005.
- “Historia de Vigo y su comarca”* de José de Santiago y Gómez. 1896.  
Edición facsímile en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, 2006.

## COLABORACIÓNS APARECIDAS NOS CATORCE BOLETÍNS (1995-2006), POR ORDE TEMÁTICA E CRONOLÓXICA

### XEOGRAFÍA E HISTORIA

#### BOLETÍN 1

- *Vigo: problemas xeográficos e coñecemento da nosa realidade.*  
Xosé M. Souto González
- *Orígenes de la fotografía en Vigo (1850-1880).*  
Gerardo González Martín
- *Apuntes históricos postales. Vigo en el entorno de Picasso.*  
Manuel Lago Martínez
- *Memoria de lo que sucedió durante la Guerra Civil en Vigo y sus alrededores.*  
Antonio Giráldez Lomba
- *Una manifestación de la colectividad en la Galicia protoindustrial: La huelga de los descargadores de la sal de Vigo de 1797-99.*  
Juan Miguel González Fernández

#### BOLETÍN 2

- *O madrugador de don Pedro.*  
Antón Fraguas Fraguas
- *Los Templarios de Vigo.*  
Hipólito de Sa
- *Vigo y la Junta del Reino de Galicia en 1679.*  
Manuel M<sup>a</sup> de Artaza Montero
- *Tres mujeres en la vida de “Cachamuíña”.*  
Emilio Estévez Rodríguez
- *Sobrevivir en los tiempos del hambre en Vigo y sus alrededores.*  
Antonio Giráldez Lomba

- *Apuntes sobre a evolución da fronteira Galego-Portuguesa.*  
Luis Manuel García Mañá
- *Un mecanismo de concertación parajudicial: los “ajustes y convenios” entre partes en los litigios del juzgado de Bouzas (1750-1819).*  
Juan Miguel González Fernández

#### BOLETÍN 3

- *La destrucción de la flota española de la plata en Vigo en 1702.*  
Henry Kamen
- *Una aproximación a la estructura socioprofesional de la villa de Vigo en el siglo XVIII.*  
Juan Miguel González Fernández
- *El traslado a Vigo de los restos mortales de “Cachamuña”.*  
Emilio Estévez Rodríguez
- *La estructura socioprofesional de la ciudad de Vigo en 1930.*  
Manuel Fernández González
- *1801. El caso del matadero de Velázquez Moreno.*  
Miguel Angel Fernández Fernández
- *1836, un ano na historia de Vigo.*  
Luís-Manuel García Mañá
- *Cánovas e Vigo.*  
Bernardo Miguel Vázquez y Xil

#### BOLETÍN 4

- *Contra el 98, Ricardo Mella y la “guerra” contra la guerra.*  
Antonio Giráldez Lomba
- *Xeitos contra trañas: un preito social dos pescadores das rías baixas galegas no 1900.*  
Carmen Fernández Casanova
- *Aproximación a la prostitución y su reglamentación en Vigo durante el primer tercio del siglo XX.*  
Manuel Fernández González
- *Fontes para o estudio da cartografía de Vigo e o seu territorio.*  
Gonzalo Méndez Martínez
- *Dúas mostras da “Historia sentida” en Vigo: o “voo do Medrines” e o “embarranca-mento do Siboney”.*  
Xoan Carlos Abad Gallego
- *Algo de Vigo y del olivo.*  
Manuel Lago Martínez
- *El curso vigués del siglo XVIII.*  
Juan Miguel González Fernández
- *Filipinas 1898.*  
Santiago Padín Riveiro

#### BOLETÍN 5

- *El carlismo en Vigo y su área de influencia.*  
Santiago Padín Riveiro

- *Tres nombres en el recuerdo de Vigo hace sesenta años: “El Comandante”, “El Rabioso” y “La Calesa”.*  
Antonio Giráldez Lomba
- *1849, Vigo visto por un viajero de la época.*  
Miguel Ángel Fernández Fernández
- *Política e goberno municipal no concello de Lavadores (1900-1941).*  
Juan Miguel González Fernández
- *“El Campesino”, órgano del Sindicato de Agricultores de Teis.*  
Lalo Vázquez Gil
- *“Un Gallego en Puerto Rico 1890-1920”.*  
Generoso Álvarez Seoane

#### BOLETÍN 6

- *“Cachamuíña”, Gobernador de Tui.*  
Emilio Estévez Rodríguez
- *La librería del hidalgo vigués don Domingo Nogueira de la Peña (1679).*  
José Luis Barrio Moya
- *El Fragoso en el Relatorio de los milagros de San Telmo del S. XVII.*  
Ramón Rodríguez Otero
- *Por qué y cómo hacer historia oral en la historia local.*  
Antonio Giráldez Lomba
- *Las ordenanzas de Bouzas de 1566.*  
Bernardo Miguel Vázquez Gil
- *Crisis de subsistencias y epidémicas en las villas de Vigo y Bouzas (1680-1890).*  
Juan Miguel González Fernández
- *U-Boats, bajo las aguas de Vigo.*  
Manuel Orío
- *Morir en Lavadores (1936-1939).*  
Xoan Carlos Abad Gallego

#### BOLETÍN 7

- *Vigo y la Masonería*  
Santiago Padín Riveiro
- *La librería de Don Juan Antonio de Acevedo, clérigo gallego en el Madrid de Felipe V (1740).*  
José Luis Barrio Moya
- *Bibliografía básica sobre a historia de Vigo.*  
Juan Miguel González Fernández
- *O Marco histórico-cultural do Padre Sarmiento.*  
Luís Rodríguez Ennes
- *Historias y fotografías de la Plaza de la Princesa.*  
Manuel Lago Martínez
- *Reír por no llorar (El humor en los años del hambre en Vigo).*  
Antonio Giráldez Lomba

- *A Conflictividade xudicial campesiña na Galicia de Século XIX a través da análise dos pleitos promovidos polos antigos vasallos da Casa de Valladares.*  
Felipe Castro Pérez
- *Belsar / Belesar.*  
Antonio Taboada Taboas
- *La isla de los Muertos (Vida y muerte en la colonia penitenciaria de San Simón).*  
Xoan Carlos Abad Gallego
- *El trabajo femenino en Vigo. 1910.*  
Juan Carlos Pantoja Villar
- *La mosca del Cloroformo.*  
Generoso Álvarez Seoane / María de la Concepción Álvarez Leal
- *Bouzas, según el catastro de Ensenada.*  
Lalo Vázquez e Gil
- *El Fragoso en el realengo de Turonio.*  
Ramón Rodríguez Otero
- *Escuela de Artes y Oficios.*  
José Hervada Fernández-España

#### BOLETÍN 8

- *Las elecciones municipales de abril de 1931 y la proclamación de la Segunda República en Vigo.*  
Manuel Fernández González
- *Apuntes históricos sobre Cabral.*  
Ramón Rodríguez Otero
- *Una semblanza del Teniente de la Guardia Civil Francisco González "El Rabioso".*  
Xoán Carlos Abad Gallego
- *Escuela de Artes y Oficios (II).*  
José Hervada Fernández-España
- *A Guarda en el siglo XIX.*  
Generoso Álvarez Seoane
- *Una biblioteca pre-ilustrada: la de Don Francisco Javier Basilio García (1747).*  
José Luis Barrio Moya

#### BOLETÍN 9

- *Manuel González Fresco: Un "fuxido" entre la realidad y el mito.*  
X. C. Abad Gallego
- *Desde África, con dolor: el otro año "desastroso, 1921, en Vigo".*  
Antonio Giráldez Lomba
- *La burguesía mercantil viguesa del siglo XVIII. Aspectos sociales (I).*  
